



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 130
12 de decembro de 2024

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 11 de decembro de 2024, polo que se admite a trámite o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia e se abre o prazo de presentación de emendas [52448](#)

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 11 de decembro de 2024, polo que se admite a trámite o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital [52563](#)

■ Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia [52420](#)

■ Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de estatística de Galicia

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 15412) [52654](#)

— G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15414) [52655](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 11 de decembro de 2024, polo que se admite a trámite o proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia e se abre o prazo de presentación de emendas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 15321 (12/PL-000007)

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Asignalo, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do 11 de decembro de 2024, á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 15 de xaneiro de 2025, ás 18:30 h.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 11 de decembro de 2024, polo que se admite a trámite o proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:
Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 15320 (12/PL-000006)

Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes



Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

Examinado o devandito Proxecto, e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Asignalo, oída a Xunta de Portavoces, na súa reunión do 11 de decembro de 2024, á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 15 de xaneiro de 2025 ás 18:30 h.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame da Comisión sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 10 de decembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación do ditame da Comisión

- 11017 (12/PL-000003)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de estatística de Galicia
BOPG nº 85f2, do 17.09.2024

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 10 de decembro de 2024, á vista do Informe elaborado pola Ponencia sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 116 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobou o seguinte:



DITAME

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A estatística pública é unha actividade estreitamente vencellada á democracia. Non se trata só de gobernar cun sólido soporte informativo, senón de que este se xere de acordo con padróns científicos e se transmita con obxectividade e de xeito imparcial. O sistema estatístico público debe permitir ás persoas con responsabilidades políticas atinaren nas súas decisións e á cidadanía exercer plenamente os seus dereitos.

Baixo estas premisas, o artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva na materia, previsión que se desenvolveu coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, na que se establecen o marco normativo básico, a estrutura organizativa e os instrumentos de planificación da estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega. Os anos transcorridos desde a súa aprobación aconsellan revisala, á luz da experiencia propia e tendo en conta a achega de regulamentación, o desenvolvemento das tecnoloxías da información e a potencialidade das novas fontes de datos.

Detrás da experiencia está a aprendizaxe acumulada logo de avaliar cinco plans aprobados polo Parlamento e executados pola organización estatística da Comunidade Autónoma, establecida no título II da Lei 9/1988, do 19 de xullo, e da que forman parte o Instituto Galego de Estatística, os órganos estatísticos sectoriais e o Consello Galego de Estatística. En cumprimento do previsto no referido título, ditáronse o Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designación dos membros que integran o Consello Galego de Estatística; o Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación, e o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística, este último acorde coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Coa Lei 12/1992, do 9 de novembro, de creación de determinadas escalas de persoal funcionario ao servizo da Xunta de Galicia, e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, créanse e tipifícanse as escalas superior e técnica de estatística. Isto, xunto coa dotación de prazas de persoal entrevistador-enquisador do Instituto Galego de Estatística, permitiu achegar á organización estatística os recursos humanos necesarios para cumprir as súas funcións.

Entre a lexislación autonómica que convén considerar están a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira; a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. As responsabilidades do Instituto Galego de Estatística na planificación orzamentaria e a introdución das perspectivas de xénero e idade na estatística son consecuencias delas.

En relación cos principios de accesibilidade, de coordinación e de cooperación que deben presidir a estatística pública cómpre considerar a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da



información do sector público; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, aprobadas polas Cortes Xerais. Na difusión de información teranse en conta as previsións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, do Parlamento de Galicia, e da Directiva (UE) 2016/2102 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, sobre a accesibilidade dos sitios web e as aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público.

A este marco normativo cómpre engadir o Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de marzo do 2009, relativo á estatística europea, e, con carácter supletorio, a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, que limita o seu ámbito de actuación ás estatísticas para fins estatais desenvolvidas pola Administración xeral do Estado, o Banco de España e o Consello Xeral do Poder Xudicial, sen aspirar, tal e como se reflicte na súa parte expositiva, a regular un sistema estatístico xeral que inclúa a actividade do Estado e das comunidades autónomas, cuxa conexión só pode daquela resultar da cooperación. Baixo estas premisas, a Lei 12/1989, do 9 de maio, crea o Comité Interterritorial de Estatística, órgano con representación dos servizos estatísticos central e autonómicos, mais que non está facultado para tomar decisións vinculantes nin está a ser capaz de sustentar un esquema eficaz de cooperación. Esta situación perdura logo de se modificar a Lei 12/1989, do 9 de maio, dentro da Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, en prol de reforzar o papel da estatística pública e adaptala á regulamentación europea.

A estatística galega tivo que madurar neste marco potencialmente integrado por dezaioito sistemas estatísticos en España, obrigados a cooperaren para xerar ofertas estatísticas acordes coas necesidades propias de información e coas boas prácticas europeas e internacionais na materia. Un fito que resultou chave neste percorrido foron os denominados Acordos de Carmona de 2008, asumidos polo Instituto Nacional de Estatística e polos órganos centrais de estatística das comunidades autónomas para compartiren información. Antes, no ano 2005, un grupo de persoas expertas independentes elaborara o informe titulado «A organización da estatística pública en España. Situación actual e propostas de mellora». As súas reflexións e conclusións continúan a achegar luz sobre o presente e o futuro da estatística pública en España.

No tocante ao tratamento de datos persoais, observárase o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Dentro desta normativa, o ámbito da función estatística pública recibe un trato especial, por considerar que os fins estatísticos, xunto cos de investigación científica e histórica, son compatibles cos fins determinados, explícitos e lexítimos cos cales se recollen datos persoais. No entanto, esta excepción á limitación sobre finalidade puntualízase coa previsión de que a comunicación e o tratamento de datos persoais con fins estatísticos serán lícitos se a estatística para a que se requiren viñer exixida por unha norma de dereito da Unión Europea ou estiver incluída nos instrumentos de programación estatística legalmente previstos. Esta excepcionalidade tamén modula as solicitudes de exercicio dos dereitos das persoas afectadas.



O Cadro común europeo de calidade, cuxa pedra angular é o Código de conduta adoptado no ano 2017 polo Comité do Sistema Estatístico Europeo, foi introducido expresamente como instrumento autorregulador nas leis dos plans galegos de estatística aprobadas para o decenio 2017-2026 e deberá continuar a guiar no futuro a actividade sometida a esta lei. Dos dezaseis principios do código, que abranguen o contorno institucional, os procesos estatísticos e a produción estatística, esta lei afondará particularmente nos vencellados ao emprego de procedementos axeitados, cooperación, carga de resposta, rendibilidade, actualidade, puntualidade e comparabilidade. A razón é que todos achegan mencións expresas e indicadores sobre a necesidade de considerar os rexistros e os sistemas de información como recursos estratéxicos dos sistemas estatísticos e figuras chave para aproveitar os avances tecnolóxicos e o desenvolvemento exponencial que está a experimentar a información dispoñible. Cómpre, cando menos, conseguirmos incorporar plenamente os de orixe administrativa, garantindo por norma que estean á disposición do sistema estatístico público, para integralos en bases de datos e aumentar os estándares de calidade.

Rexistros estables e convenientemente actualizados deberían sustentar non só desagregacións territoriais non asumibles mediante enquisas, senón tamén temporais, de xeito que as series diarias ou as estimacións en tempo real deixen de ser meras aspiracións. Sensibilizar os responsables da información administrativa sobre a utilidade externa que pode chegar a ter, aumentar a precisión das previsións para deseñar e avaliar políticas públicas ou dispor de datos para afrontar o reto ambiental e o perfeccionamento do sistema de contas serían outros logros.

Como contrapartida, a lei introduce unha regulamentación máis precisa sobre o segredo estatístico e reforza o papel do Instituto Galego de Estatística como organismo coa capacidade técnica e coa cobertura xurídica necesarias para acceder á información administrativa e integrala en bases de datos de finalidade estatística.

A lei incorpora disposicións de adecuación á normativa mencionada e a outras, para ir axustando a estatística galega aos cambios que previsiblemente terán lugar nos vindeiros anos.

II

Na súa parte dispositiva, a lei ten un título preliminar, catro títulos, seis disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No título preliminar determínanse o seu obxecto e o seu ámbito de aplicación, as definicións, os principios xerais e o compromiso coa calidade da estatística galega. O título I, sobre gobernación estatística, divídese en catro capítulos, nos cales se establece o modelo organizativo, integrado polo Instituto Galego de Estatística, polos órganos estatísticos sectoriais e polo Consello Galego de Estatística. Os tres capítulos do título II refírense á produción estatística desde as súas dimensións de planificación, obtención de información e publicación de resultados. Por último, nos títulos III e IV régulanse o segredo estatístico e o réxime sancionador.

A disposición adicional primeira establece o rexistro de poboación como base estatística e canle para facilitar a comunicación da administración coas persoas residentes. A segunda vincula a estatística e a planificación pública. A terceira refírese aos órganos de goberno do Instituto Galego de Estatística. Por último, a cuarta regula o plan anual de actuación deste, concibido como



instrumento complementario e de apoio das responsabilidades que lle correspondan na programación estatística anual. Nas disposicións adicionais quinta e sexta prevénse o acceso ás bases de datos de persoas xurídicas e a revisión das contías das sancións por infraccións en materia estatística. A lei conclúe cunha disposición de derogación normativa e dúas disposicións derradeiras sobre o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor.

Para finalizar, cómpre mencionar a Estratexia europea de datos e a recente normativa establecida no Regulamento (UE) 2022/868 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2022, relativo á gobernanza europea de datos, e no Regulamento (UE) 2023/2854 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2023, sobre normas harmonizadas para un acceso xusto aos datos e a súa utilización.

O texto do anteproxecto de lei foi sometido aos trámites de consulta pública previa e de información pública. Tendo en conta a materia regulada, tamén foi consultado o Consello Galego de Estatística e solicitouse o ditame do Consello Económico e Social.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei regula a estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega, entendida como a produción e a difusión de información, mormente cuantitativa, que representa un fenómeno colectivo referido ás realidades demográfica, social, cultural, económica, financeira e ambiental de Galicia e, en xeral, a calquera cuestión relativa ás competencias da Comunidade Autónoma.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei será aplicable á estatística para os fins da Comunidade Autónoma galega (en diante, estatística galega) realizada directamente polo sector público autonómico de Galicia ou ben realizada indirectamente polos entes locais, polas universidades ou por calquera outra entidade de dereito público ou privado mediante acordo, convenio ou contrato.

Para os efectos desta lei, considérase sector público autonómico o definido no artigo 3.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Exclúense do ámbito de aplicación desta lei as enquisas de opinión e as sondaxes e enquisas electorais a que se refire o artigo 69 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

Artigo 3. *Definicións*

Para os efectos desta lei entenderase por:

a) Estatística: actuación concreta que se pode programar como operación ou como actividade estatística. A primeira execútase consonte un proxecto técnico aprobado polo Consello Galego de Es-



tatística e coa participación dunha entidade pública galega nalgunha fase anterior á súa difusión. A segunda realízase a partir dunha metodoloxía orientada a aproveitar a información existente para elaborar e difundir resultados estatísticos que amplíen os dispoñibles sobre Galicia.

b) Operación nova: operación programada no estado de en implantación para comprobar a viabilidade do seu proxecto técnico, ou programada no estado de en reestruturación para modificar o seu proxecto técnico.

c) Operación corrente: operación programada nos estados de en curso ou de en cumprimento, segundo quen deseñase orixinariamente o seu proxecto técnico, unha administración galega ou outra administración, respectivamente.

d) Actuación de interese estatístico: labor auxiliar ou incipiente que, na súa orixe, non persegue ampliar a información dispoñible sobre Galicia. Os labores auxiliares englobanse en actividades de interese estatístico.

e) Dato individual: dato sobre unha persoa física ou xurídica identificada ou identificable. Considerase identificable toda persoa física ou xurídica cuxa identidade se poida determinar directa ou indirectamente. Para determinar a identificabilidade indirecta teranse en conta aqueles medios que razoablemente unha terceira persoa puiden empregar para recoñecela.

f) Dato identificativo: dato individual que permite identificar directamente unha persoa física ou xurídica; en particular, o nome, os apelidos, o domicilio ou un número de identificación publicamente accesible.

g) Metainformación: información usada para describir as características das series e dos datos estatísticos, detallando conceptos e metodoloxías relevantes implicados na súa produción e o seu emprego.

h) Datos administrativos: datos recollidos por entidades do sector público ou por persoas privadas que presten servizos públicos, incluíndo os baseados en actuacións ou en procedementos que non teñen un fin primario estatístico.

i) Informante: persoa física ou xurídica que fornece datos.

j) Declaración ou comunicación: dato fornecido pola persoa informante.

k) Observación: dato público captado directamente.

l) Recolla de datos: enquisas ou outros procedementos de conseguir información de diversas fontes, mesmo das administrativas.

m) Tratamento estatístico: conxunto de accións relacionadas coa recolla, a almacenaxe, a elaboración e a ordenación necesarias para realizar estatísticas.

n) Difusión: conxunto de accións para pór os resultados estatísticos á disposición das persoas usuarias.



ñ) Proxecto técnico: documento en que se recollen os procedementos para elaborar e difundir unha operación.

o) Ficheiro de datos: conxunto organizado de datos, calquera que sexa a forma empregada para a súa creación, a súa almacenaxe, a súa ordenación ou o seu acceso.

p) Estatística de síntese: estatística que se elabora combinando diversas fontes de información. Enténdese por combinación non a compilación das devanditas fontes, senón a elaboración contable ou matemática da información mediante estatísticos derivados.

Artigo 4. *Principios estatísticos*

A estatística galega adecuarase aos seguintes principios:

a) Autoridade: a estatística galega desenvolverase consonte a normativa emanada dos poderes competentes na materia e de acordo cos estándares, as prácticas e os principios científicos que aseguren a súa corrección técnica, o que supón recorrer a normas profesionais e éticas e garantir a transparencia para as persoas informantes e usuarias.

b) Independencia profesional: as estatísticas débense preparar, elaborar e difundir de xeito independente, sobre todo no que concirne á selección de técnicas, definicións, metodoloxías e fontes utilizadas, así como ao calendario e á forma e o contido da difusión.

c) Imparcialidade: as estatísticas débense preparar, elaborar e difundir de xeito neutral, tratando por igual todas as persoas ou entidades informantes e usuarias.

d) Segredo estatístico: para salvagardar a privacidade das persoas físicas e xurídicas e garantir a confianza na estatística galega, os datos individuais obtidos polos órganos estatísticos estarán debidamente protexidos, de maneira que quedan prohibidos o seu uso con fins non-estatísticos e a súa revelación ilegal.

e) Rendibilidade: os recursos deben ser ben empregados e cómpre minimizar a carga de resposta. Utilizar como fonte prioritaria de información a dispoñible nos ficheiros de datos administrativos, estatísticos ou doutro tipo e promover o seu enlace con fins estatísticos están en liña con este principio.

f) Coordinación e cooperación: a estatística galega seguirá prácticas de estrita coordinación interna e de fomento da cooperación externa. Os convenios e acordos en materia estatística con outras administracións públicas ou entes privados permitirán aproveitar os labores de interese común e non duplicar as solicitudes de información.

f) bis Proporcionalidade: no desenvolvemento da estatística galega aplicarase o criterio de correspondencia entre a contía da información que se solicita e os resultados que se pretenden obter do seu tratamento.



Artigo 5. *Calidade estatística*

1. Para garantir a calidade dos resultados, a estatística galega desenvolverase conforme normas uniformes e métodos harmonizados. A este respecto, aplicaranse e mediranse os seguintes criterios de calidade:

a) Pertinencia: as estatísticas deseñaranse en función das necesidades das persoas ou das entidades usuarias e mais do interese do conxunto da sociedade galega.

b) Precisión: as estatísticas deben reflectir con fidelidade os fenómenos ou as características para os cales foron deseñadas.

c) Actualidade e puntualidade: as estatísticas deben minimizar o prazo transcorrido entre a dispoñibilidade da información e o fenómeno descrito e deben difundirse segundo un calendario, respectando as datas sinaladas nos instrumentos de programación.

d) Accesibilidade e claridade: as estatísticas difundiranse, garantindo o acceso neutral e doado das persoas ou das entidades usuarias e achegando información complementaria para facilitar o seu uso e a súa interpretación.

e) Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, as definicións, as unidades e as clasificacións e procurarase a comparabilidade entre as estatísticas propias e as dos outros sistemas estatísticos da nosa contorna.

2. Correspóndelle ao Instituto Galego de Estatística a iniciativa sobre o control da calidade da estatística galega.

TÍTULO I **Gobernación estatística**

CAPÍTULO I **Organización estatística galega**

Artigo 6. *Definición*

A organización estatística galega é o conxunto de órganos que actúan de xeito coordinado para desenvolver a estatística galega, mediante a execución, a avaliación e o seguimento da súa planificación, prevista no título II desta lei.

CAPÍTULO II **Instituto Galego de Estatística**

Artigo 7. *Composición*

Forman parte da organización estatística galega:



a) O Instituto Galego de Estatística

b) Os órganos estatísticos sectoriais

c) O Consello Galego de Estatística.

Artigo 8. *Natureza e adscrición*

1. O Instituto Galego de Estatística é o órgano central da organización estatística e ten como principal misión a de dirixir e coordinar a estatística galega.

2. O Instituto Galego de Estatística é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

3. O Instituto Galego de Estatística adscríbese organicamente á consellaría competente en materia de facenda.

4. No desenvolvemento das competencias técnicas e na aplicación do segredo estatístico, o Instituto Galego de Estatística gozará da autonomía funcional necesaria para garantir a súa neutralidade operativa. Son competencias técnicas o deseño de conceptos, definicións, unidades, clasificacións, nomenclaturas, códigos e outros estándares, para ordenar datos e presentar resultados, así como as que versen sobre fórmulas, algoritmos, procedementos de recolla, tratamento e difusión de información.

5. O Instituto Galego de Estatística rexerase polo disposto nesta lei e nas outras normas que lle sexan aplicables. En particular, como entidade do sector público autonómico de Galicia, rexerase pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

Artigo 9. *Funcións*

1. No ámbito da estatística galega, correspóndelle ao Instituto Galego de Estatística:

a) Representar oficialmente o sector público autonómico de Galicia en materia estatística e canalizar as relacións externas nesa materia.

b) Coordinar os órganos estatísticos sectoriais regulados no capítulo III.

c) Elaborar o anteproxecto de lei do Plan galego de estatística e os proxectos de decreto dos programas que o desenvolven, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais.

d) Analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas para Galicia.

e) Relacionarse con organismos estatais, europeos e internacionais con competencias estatísticas e proporlle ao Consello da Xunta integrarse neles.



f) Realizar as estatísticas e as outras actuacións que se lle encomenden nos instrumentos de planificación previstos no título II desta lei.

g) Colaborar nas estatísticas de interese estatal e supraestatal promovidas polos organismos competentes.

h) Coordinar as peticións en materia estatística dos órganos ou das entidades do sector público autonómico galego dirixidas a outros órganos ou entidades públicas.

i) Promover a aplicación de normas e requisitos técnicos unitarios para a estatística galega e aprobar conceptos, definicións, unidades, clasificacións, nomenclaturas, códigos e outros estándares de interese propio, procurando que se adapten e integren cos homólogos de uso obrigatorio nos ámbitos estatal, europeo e internacional.

j) Realizar, promover e divulgar a investigación, o desenvolvemento, a innovación e o coñecemento no ámbito da estatística galega.

k) Promover a formación e o perfeccionamento profesional do persoal estatístico.

l) Prestar servizos de asistencia técnica aos órganos estatísticos sectoriais, para realizar as actuacións que lles sexan encomendadas nos instrumentos de planificación estatística.

m) Desenvolver bases de datos e prestar servizos de recompilación e de almacenaxe da información estatística dispoñible.

n) Asegurar a difusión dos resultados estatísticos sobre Galicia e estender as certificacións previstas no artigo 28.3.

ñ) Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e pola aplicación dos principios e garantías necesarios para que se respecten o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe cinxir a estatística galega.

o) Desenvolver modelos de predición e de análise socioeconómica para a planificación no medio e no longo prazo.

p) Elaborar anualmente e difundir unha memoria sobre a actividade da organización estatística galega.

q) As demais funcións previstas nesta lei e as que se lle atribúan legalmente.

2. Os órganos ou as entidades do sector público autonómico consultarán con carácter previo o Instituto Galego de Estatística sobre:

a) A creación e a reforma de rexistros administrativos e sistemas de información de posible tratamento estatístico, así como das modificacións que puideren implicar mudanzas en tal tratamento.



b) A creación e a reforma de procedementos administrativos que puideren ter consecuencias sobre a produción de información de posible aproveitamento estatístico.

c) Os convenios e os acordos en materia estatística que subscribiren.

d) Os plans de carácter xeral por abrangueren varios ámbitos ou sectores, cando puideren precisar información elaborada ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística.

3. Os órganos ou as entidades do sector público autonómico enviarán ao Instituto Galego de Estatística unha copia de todos os ficheiros de datos para fins estatísticos que remitiren a outra administración.

Artigo 10. *Dirección*

1. A persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística é a máxima autoridade da Comunidade Autónoma no ámbito da estatística galega e actuará con total independencia nas materias técnica e científica relacionadas con tal función.

2. A persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística terá a condición de alto cargo, será nomeada mediante decreto do Consello da Xunta entre persoas idóneas e reunirá requisitos de solvencia académica, profesional, técnica ou científica, en materia estatística.

3. Correspóndelle á persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística:

a) Representar legalmente o Instituto Galego de Estatística.

b) Exercer a xefatura do persoal do Instituto Galego de Estatística.

c) Representar a Comunidade Autónoma nos órganos de participación institucional en materia estatística.

d) Dirixir as relacións cos servizos estatísticos doutras administracións públicas e das organizacións europeas e internacionais.

e) Coordinar os órganos que integran a organización estatística galega.

f) Todas as demais funcións que lle compitan ao Instituto Galego de Estatística e que non fosen atribuídas expresamente a outros órganos deste.

CAPÍTULO III **Órganos estatísticos sectoriais**

Artigo 11. *Finalidade*

Co obxectivo de desenvolver a estatística galega e, en particular, para aproveitar no máximo posible as fontes administrativas, a Presidencia da Xunta de Galicia e as consellarías contarán con órganos estatísticos sectoriais, que coordinarán a súa actividade co Instituto Galego de Estatística.



Tamén poderán contar con órganos estatísticos sectoriais as entidades públicas instrumentais do artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cuxos réximes orgánico, funcional e financeiro non estiver prevista a participación de entidades privadas e cando os seus obxectivos e finalidades se puideren atender cos instrumentos de planificación establecidos nesta lei.

A designación dos órganos estatísticos sectoriais realizarase consonte o procedemento que se determinar regulamentariamente.

Artigo 12. *Funcións*

1. Os órganos estatísticos sectoriais terán as seguintes funcións:

- a) Elaborar e difundir as estatísticas propias da Presidencia da Xunta de Galicia e as das consellarías e entidades públicas instrumentais de que dependan.
- b) Elaborar e difundir as estatísticas ou as fases delas que lles sexan encomendadas na planificación estatística.
- c) Colaborar co Instituto Galego de Estatística na elaboración do anteproxecto do Plan galego de estatística e dos proxectos dos seus programas, ben como na súa avaliación e o seu seguimento.
- d) Analizar as necesidades estatísticas do órgano de que dependan.

2. Os órganos estatísticos sectoriais poderán obter do Instituto Galego de Estatística os datos estritamente necesarios para executaren as operacións programadas baixo a súa responsabilidade.

CAPÍTULO IV **Consello Galego de Estatística**

Artigo 13. *Natureza*

- 1. O Consello Galego de Estatística é o máximo órgano consultivo da estatística galega, para asegurar a participación dos axentes sociais e económicos e a relación entre a administración e as persoas usuarias, alén de para promover o seu entendemento e facilitar a coordinación e o uso de metodoloxías comúns.
- 2. O Consello Galego de Estatística rexerase polo disposto para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, por esta lei e mais polo seu regulamento interno de funcionamento.

Artigo 14. *Funcións*

- 1. O Consello Galego de Estatística poderá elaborar propostas e recomendacións sobre as necesidades da Comunidade Autónoma en materia estatística, que deberán ser analizadas polo Instituto Galego de Estatística de cara á súa incorporación na planificación estatística.



2. O Consello Galego de Estatística será consultado sobre:

- a) O anteproxecto de lei do Plan galego de estatística e os proxectos de decreto dos programas estatísticos anuais.
- b) Os proxectos técnicos das operacións.
- c) A aplicación concreta da lexislación vixente sobre o segredo estatístico, nos casos en que se presentaren diferentes interpretacións.
- d) Os anteproxectos de lei ou os proxectos de disposicións de carácter xeral distintos dos previstos na letra a) que sexan de materia estatística.
- e) A adecuación e a utilización dos conceptos, definicións, unidades, clasificacións, nomenclaturas, códigos e outros estándares utilizados pola organización estatística galega.
- f) O contido das bases de datos estatísticas consideradas no artigo 25.3.
- g) Os eventuais conflitos de competencia entre órganos estatísticos da Comunidade Autónoma ou con outros alleos a ela.
- h) A memoria sobre a actividade da organización estatística galega establecida no artigo 9.1.p).
- i) Calquera outra cuestión que lle presentaren o Consello da Xunta ou o Instituto Galego de Estatística.

3. Correspóndelle ao Consello Galego de Estatística aprobar o seu regulamento interno de funcionamento.

Artigo 15. *Composición*

1. Farán parte do Consello Galego de Estatística:

- a) A persoa titular da Presidencia, que será a titular da consellaría de adscrición do Instituto Galego de Estatística.
- b) A persoa titular da Vicepresidencia, que será a titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística e que substituirá a titular da Presidencia no caso de ausencia.

c) As seguintes persoas vogais:

1º. Unha pola Presidencia da Xunta de Galicia e unha por cada consellaría, por proposta da persoa titular do órgano.

2º. As titulares da Secretaría Xeral e das subdireccións do Instituto Galego de Estatística.



3º. Dúas designadas polo Consello Galego de Cámaras.

4º. Tres designadas pola asociación empresarial intersectorial máis representativa de Galicia.

5º. Unha designada por cada unha das tres organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia.

6º. Tres designadas polo Consello Agrario Galego.

7º. Dúas designadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

8º. Dúas designadas polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

9º. Dúas designadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

10º. Unha designada por cada universidade de Galicia.

11º. Tres de relevancia profesional no campo da estatística, designadas pola persoa titular da Presidencia.

12º. Unha designada por cada grupo parlamentario con presenza no Parlamento de Galicia.

13º. A titular da Presidencia da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións.

14º. Dúas en representación da Administración xeral do Estado; unha designada polo Instituto Nacional de Estatística e outra pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Secretaría do Consello Galego de Estatística poderá ser exercida por unha persoa membro do propio órgano ou por unha persoa funcionaria do Instituto Galego de Estatística. No segundo suposto, actuará con voz e sen voto.

2 bis. Aplicaranse neste órgano as previsións sobre composición de xénero equilibrada da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Artigo 16. *Funcionamento e medios*

1. O Consello Galego de Estatística actuará en pleno e en comisións. As xuntanzas do pleno poderán ser ordinarias e extraordinarias e serán convocadas pola Presidencia. As extraordinarias realizaranse por iniciativa da Presidencia ou por pedimento da maioría dos membros do pleno ou dos membros da súa comisión permanente.

2. No Consello Galego de Estatística funcionarán unha comisión de coordinación e unha comisión permanente, que serán presididas pola persoa titular da Vicepresidencia do Consello. A persoa titular da Secretaría do Consello Galego de Estatística asumirá a secretaría de ambas as comisións.



3. Alén diso, farán parte da comisión de coordinación as persoas previstas no artigo 15.1.c).1º e 2º. A comisión permanente estará integrada por once persoas do Consello designadas polo pleno coa finalidade de seguir a realización dos programas e de debater e informar sobre cuestións semellantes.

4. Para desenvolver as súas funcións, o Consello Galego de Estatística poderá crear grupos de traballo coa participación de persoas non pertencentes a el. A secretaría destes grupos de traballo, que deixarán de existir cando rematar a misión para a que fosen creados, será cuberta por unha persoa funcionaria do Instituto Galego de Estatística nomeada pola persoa titular da súa Dirección.

5. Os acordos do pleno e das comisións tomaranse por maioría simple. En caso de empate, será dirimemente o voto da persoa que os presidir.

6. O Consello Galego de Estatística reunirase en pleno cando menos dúas veces ao ano. Unha destas xuntanzas poderase substituír pola reunión da súa comisión permanente.

7. Os medios que precisar o Consello para o seu funcionamento serán cubertos polo Instituto Galego de Estatística, con cargo ao seu orzamento.

TÍTULO II

Producción estatística

CAPÍTULO I

Planificación da estatística galega

Artigo 17. *Plan galego de estatística*

1. O Plan galego de estatística é o instrumento de ordenación e de planificación da estatística galega.

2. O Plan galego de estatística será aprobado polo Parlamento de Galicia mediante unha lei e terá unha vixencia de cinco anos, agás que nel se establecer outra diferente, e quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte.

3. O Instituto Galego de Estatística elaborará, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, o anteproxecto do Plan galego de estatística.

4. O Plan galego de estatística recollerá os obxectivos informativos, instrumentais, de calidade ou doutro tipo que se pretenderen acadar no seu período de vixencia. Os primeiros abranguerán, cando menos, as metas de información, as perspectivas de xénero, de idade ou doutra natureza e mais as liñas de actuación salientables.

5. O Plan galego de estatística recollerá as estatísticas consolidadas, entendidas como aquelas que foron executadas de acordo cos criterios de calidade do artigo 5.



Artigo 18. *Avaliación do Plan galego de estatística*

O Instituto Galego de Estatística elaborará, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, un informe de avaliación do Plan galego de estatística, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia.

De ser o caso, e por petición do Parlamento, a persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística dará conta do antedito informe mediante unha comparecencia específica.

Artigo 19. *Programa estatístico anual*

1. Para desenvolver e executar o Plan galego de estatística, o Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da consellaría a que estea adscrito o Instituto Galego de Estatística, aprobará mediante decreto o programa estatístico anual, cuxa vixencia coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga respectando as estatísticas que, pola súa natureza, for necesario continuar.

2. O Instituto Galego de Estatística elaborará, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, o proxecto de programa estatístico anual.

3. O Programa incluírá as estatísticas, así como as outras actuacións de interese estatístico vinculadas cos obxectivos do Plan galego de estatística.

4. Nas estatísticas programadas especificaranse, cando menos e seno caso de procederen, os seguintes datos:

- a) Os organismos responsables.
- b) As metas de información e outros obxectivos informativos.
- c) Os obxectivos concretos.
- d) Os ámbitos de investigación.
- e) A periodicidade.
- f) O orzamento aproximado.
- g) As formas e os prazos de difusión.

Nas operacións figurarán tamén o estado e, se proceder, as persoas ou as entidades obrigadas a fornecer información, así como as posibles compensacións establecidas no artigo 23.4.

5. Os órganos da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico executarán cada programa directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas mediante acordos, convenios ou contratos. Todas as persoas implicadas quedarán obrigadas a cumprir o segredo estatístico, mesmo despois de finalizaren os acordos, convenios ou contratos.



6. O Instituto Galego de Estatística será, con carácter xeral, o organismo responsable das estatísticas cuxo ámbito de investigación implique varios sectores económicos ou ámbitos sociais e participará na elaboración e na execución das estatísticas de síntese relacionadas co sistema integrado de contas económicas, das demográficas e das que se realicen mediante enquisa.

7. Excepcionalmente, por razón de urxencia e para cubrir necesidades de información sobrevidas, o Consello da Xunta poderá decidir mediante decreto que se elaboren estatísticas non incluídas no programa anual, do cal será informado con posterioridade o Consello Galego de Estatística. Tamén se informará o Parlamento da elaboración das devanditas estatísticas cando non estiveren vinculadas con algún obxectivo informativo do Plan galego de estatística. Estas estatísticas gozarán dos beneficios recoñecidos nesta lei.

8. O contido de cada programa e mais a súa execución estarán suxeitos ás disponibilidades orzamentarias e organizativas.

Artigo 20. *Seguimento do programa estatístico anual*

O Instituto Galego de Estatística elaborará, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, un informe de seguimento do programa estatístico anual, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia. Neste informe analizarase o cumprimento dos obxectivos do programa e, en particular, dos vencellados aos criterios de calidade do artigo 5.

Artigo 21. *Inventario*

1. O inventario é o marco de actuación da organización estatística galega e recolle de xeito sistemático, estruturado e homoxéneo as principais características das estatísticas programadas. Tamén serán inventariadas as establecidas no artigo 19.7.

2. O Instituto Galego de Estatística será o organismo responsable da súa elaboración, o seu mantemento e a súa difusión.

3. Os órganos e as entidades do sector público autonómico facilitarán ao Instituto Galego de Estatística información sobre as actuacións estatísticas que realizaren, para contribuír a un maior coñecemento destas e, se for procedente, inventarialas.

Artigo 22. *Proxecto técnico*

1. As operacións executaranse consonte un proxecto técnico, aprobado polo Consello Galego de Estatística e de carácter público.

2. Os proxectos técnicos sistematizarán os procedementos de execución das operacións, especificando os seus obxectivos informativos e como se abordarán as perspectivas que formaren parte deles; detallarán a captación ou o soporte que se utilizará para recoller os datos e incluírán o plan de difusión.



3. Os proxectos técnicos elaboraranse de acordo coas instrucións e as recomendacións establecidas polo Instituto Galego de Estatística.

CAPÍTULO II

Obtención de información

Artigo 23. *Colaboración cidadá*

1. Será obrigatoria a colaboración cidadá nas operacións dos programas. A información que se forneza axustarase ao establecido nos correspondentes proxectos técnicos.
2. A obriga de fornecer información esténdese a todas as persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que teñan ou tivesen o seu domicilio ou residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben que desenvolvan ou desenvolvesen algunha actividade nel. Esta obriga poderase estender a actividades que se desenvolvan fóra de Galicia cando for axeitado á finalidade da operación e estiver previsto no seu proxecto técnico.
3. As persoas físicas e xurídicas, ben como as entidades que fornezan datos, tanto se a súa colaboración é obrigatoria como voluntaria, deben responder ás preguntas ordenadas polos órganos estatísticos de xeito veraz, exacto, completo e dentro do prazo establecido. Tamén facilitarán aos órganos estatísticos o contacto coas persoas designadas por elas para responderen á estatística.
4. O programa estatístico anual poderá establecer as compensacións polos gastos extraordinarios que derivaren de fornecer información para unha operación.

Artigo 24. *Solicitud de información*

1. As solicitudes de información feitas desde a organización estatística deberanse limitar aos datos estritamente necesarios para cumprir as finalidades estatísticas perseguidas.
2. A información seralles solicitada ás persoas ou ás entidades que procederen, empregando calquera medio que asegure a correcta recepción da solicitude e a comunicación cos servizos estatísticos. Ningunha delas será discriminada á hora de ser elixible para participar nunha estatística.
3. Na solicitude de datos deberase proporcionar información sobre a natureza, as características e a finalidade da estatística. Nela indicarase se é obrigatoria total ou parcialmente, cal é a protección que dispensa o segredo estatístico, o prazo de resposta, se for procedente, e cales serían as sancións que corresponderían por incumplir as obrigas recollidas nesta lei.
4. As entidades públicas ou privadas que teñan a consideración de informantes están autorizadas a cederen ao órgano responsable de realizar unha operación os datos persoais previstos no correspondente proxecto técnico sen necesidade de solicitaren o consentimento das persoas interesadas nin de informais, xa que estes datos quedarán protexidos polo segredo estatístico.
5. Os gastos ocasionados ás persoas informantes polos envíos e as comunicacións sufragaranse con cargo aos orzamentos dos órganos estatísticos.



Artigo 25. *Aproveitamento da información dispoñible*

1. Para reducir a carga de resposta e mellorar a eficiencia da produción estatística utilizarase como fonte prioritaria de información a contida nos ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo.
2. Baixo este principio, e para executar a planificación estatística, o Instituto Galego de Estatística terá dereito a solicitar e obter dos órganos e das entidades do sector público os datos contidos nos ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo. As súas persoas titulares prestaranlle a colaboración máis rápida e áxil no proceso. Os ficheiros de datos postos á disposición do Instituto Galego de Estatística irán acompañados da metainformación pertinente. No caso de conteren datos identificativos, os citados ficheiros de datos só se poderán solicitar para desenvolver, para elaborar ou para difundir operacións.
3. Como ferramentas estatísticas de base, o Instituto Galego de Estatística poderá desenvolver e manter bases de datos a partir do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo. A súa finalidade será programar estatísticas, de modo que se garanta o cumprimento da normativa sobre o segredo estatístico.

CAPÍTULO III **Publicidade de resultados**

Artigo 26. *Difusión*

1. A difusión das estatísticas deberase realizar de xeito integrado, obxectivo, oportuno e puntual, acompañada da metainformación e doutra información de apoio á interpretación de resultados.
2. Os resultados das estatísticas serán difundidos principalmente por medios electrónicos, polo organismo responsable da súa elaboración e de acordo cos principios e os criterios de calidade establecidos nesta lei; en particular, coa salvagarda do segredo estatístico e a garantía da igualdade de acceso. O Instituto Galego de Estatística poderá solicitar estes resultados para a súa recompilación, a súa almacenaxe e a súa difusión.
3. As persoas responsables de elaboraren ou de difundiren estatísticas gardarán reserva sobre os seus resultados ata se publicaren. Esta reserva non será aplicable á comunicación baixo embargo-mento ás autoridades estatísticas e, nas materias da súa competencia, aos órganos estatísticos sectoriais.
4. O acceso aos resultados das estatísticas cuxa difusión estiver prevista nos programas anuais será gratuíto.
5. Após a contraprestación económica que corresponder, e sempre que non se alterar de xeito significativo o seu funcionamento normal, os órganos estatísticos poderán facilitar a quen o solicitar outras elaboracións diferentes dos resultados das estatísticas xa difundidas, que deberán reunir as garantías técnicas suficientes e respectar o segredo estatístico.



6. Poderanse difundir microdatos como ficheiro de datos de uso público, integrado por rexistros anónimos e respectuosos co segredo estatístico. Cando a información for transmitida por outra entidade pública, solicitarase a súa autorización.

7. As estatísticas difundidas deberán ser reutilizables nos termos previstos na normativa aplicable.

8. O Instituto Galego de Estatística potenciará a interoperabilidade na difusión das estatísticas, fomentando medidas informáticas, tecnolóxicas, organizativas e de seguridade para compartir datos.

9. A web do Instituto Galego de Estatística é o portal da estatística galega, desde o que se accederá á información producida pola organización estatística galega.

10. As webs da Presidencia da Xunta de Galicia, das consellarías e, de ser o caso, das entidades públicas instrumentais disporán dunha sección específica de estatística para recoller os resultados das súas actuacións dentro dos programas anuais.

Artigo 27. *Conservación*

1. Os órganos estatísticos deberán conservar e custodiar a información obtida como consecuencia da súa actividade, aínda que se difundisen os correspondentes resultados. Na conservación da antedita información respectarase o segredo estatístico.

2. A conservación da información non implicará necesariamente a dos soportes orixinais desta, sempre que o seu contido se trasládase a soportes informáticos ou doutra natureza.

3. Cando os órganos estatísticos apreciares que a conservación dalgún tipo de documentación sometida ao segredo estatístico resultar innecesaria, procederán á súa destrución.

4. Os resultados difundidos na web do Instituto Galego de Estatística permanecerán almacenados con carácter indefinido, sen prexuízo da posibilidade de reestruturación da información ou de cambios nos formatos de almacenaxe.

Artigo 28. *Réxime*

1. Os resultados das operacións programadas son oficiais logo de se publicaren segundo os seus proxectos técnicos.

2. Os resultados correspondentes ás operacións oficiais aplicaranse con preferencia sobre calquera outro nas relacións e situacións xurídicas respecto das cales a Comunidade Autónoma de Galicia teña competencia para os impor.

3. O Instituto Galego de Estatística é o único organismo habilitado para emitir certificacións oficiais en relación cos resultados das estatísticas elaboradas ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística da Comunidade Autónoma.



TÍTULO III

Segredo estatístico

Artigo 29. *Obxecto*

1. Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico os datos individuais obtidos polos órganos estatísticos, tanto directamente dos informantes coma a través doutras fontes. Esta protección esténdese aos datos cuxo segredo estiver amparado por normas específicas.
2. Para os efectos desta lei, enténdese por segredo estatístico o vinculado co coñecemento que unha persoa posúe como consecuencia da función estatística ou por acceder á información derivada dela. As persoas sometidas ao segredo estatístico quedan obrigadas a non divulgaren, comunicaren nin actuaren sobre a base deste coñecemento.
3. Os datos sometidos ao segredo estatístico só poderán ser coñecidos polas persoas que deban empregarlos para realizar estatísticas ou outras actuacións previstas nesta lei e exclusivamente para tal finalidade.
4. Os datos individuais obtidos polos servizos estatísticos mediante observación, declaración ou comunicación non producirán efectos noutro ámbito diferente ao estatístico.
5. O dereito das persoas físicas e xurídicas a que se cumpra o deber de segredo estatístico é renunciabile mediante unha manifestación expresa realizada nun documento escrito.
6. O segredo estatístico será aplicado nas mesmas condicións establecidas neste título fronte a todas as administracións e organismos públicos, calquera que for a natureza destes, agás o establecido nos artigos 12.2, 14.2.c), 31 e 32 e mais na disposición adicional primeira.
7. Co fin de preservar o segredo estatístico, antes de procesar calquera información separaranse dela os datos identificativos, que se gardarán baixo contrasinais, precintos ou depósitos especiais e se destruírán cando non foren precisos para desenvolver estatísticas.
8. As entidades que participaren nos labores previstos nesta lei adoptarán as medidas de índole técnica, funcional e organizativa necesarias para garantir a protección dos datos amparados polo segredo estatístico.

Artigo 30. *Ámbito de aplicación*

1. Non quedarán amparados polo segredo estatístico:
 - a) Os datos de coñecemento público, que abranguen os individuais procedentes de fontes públicas e postos legalmente á disposición do público e mais os publicados licitamente.
 - b) As enumeracións de establecementos, naves, empresas, explotacións ou organismos de calquera clase, cando aludiren á súa denominación, localización, actividade, enderezo electrónico e teléfono corporativos. As persoas interesadas terán dereito de acceso a estes datos non protexidos polo se-



greo estatístico e a obteren a rectificación dos erros que contiveren. O indicador de tamaño poderase difundir, agás manifestación en contra da correspondente unidade.

c) O colectivo da alínea anterior incluírá as persoas físicas só no que respecta á súa actividade empresarial ou profesional e cando tal actividade sexa obxecto de publicidade.

d) Os datos sobre o sector público e os servizos públicos xestionados por persoas privadas, agás que houber unha disposición lexislativa en contra.

2. Nun principio, os resultados difundidos consonte os proxectos técnicos das operacións de síntese non están amparados polo segredo estatístico. No entanto, se unha persoa xurídica interesada manifestar a posibilidade de identificación indirecta de datos individuais, o Instituto Galego de Estatística someterá esta cuestión ao Consello Galego de Estatística, por se for pertinente a revisión do correspondente proxecto técnico.

3. O deber de manter o segredo estatístico esténdese a todo o persoal estatístico e a cantas persoas, organismos ou institucións de calquera natureza coñezan datos amparados por el con ocasión de participaren de xeito eventual nunha fase do proceso estatístico, en virtude dun contrato, un acordo ou un convenio de calquera tipo. O segredo estatístico tamén obriga as persoas que, sen participaren nos procesos estatísticos, coñezan datos protexidos por el.

4. O deber de segredo estatístico manterase logo de que as persoas obrigadas a preservalo conclúiren as súas actividades profesionais ou a súa relación cos órganos estatísticos.

5. Incumprir o deber de segredo estatístico poderá dar lugar a unha indemnización polos danos e perdas causados, con independencia das responsabilidades penais, administrativas ou disciplinarias que resultaren exixibles de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

6. O segredo estatístico iníciase desde que se obteñen ou coñecen os datos protexidos e esténdese indefinidamente, con independencia da publicación dos resultados das estatísticas. Exceptúanse desta regra os datos protexidos respecto dos cales a persoa interesada manifestase por escrito a súa renuncia á protección do segredo estatístico e os datos protexidos de persoas xurídicas unha vez transcorrido o prazo de quince anos.

7. Para os efectos desta lei, ademais do persoal do Instituto Galego de Estatística e dos órganos estatísticos sectoriais, terán a condición de persoal estatístico as persoas empregadas públicas que interviñeren na estatística galega.

Artigo 31. *Comunicación de datos para fins estatísticos*

1. O Instituto Galego de Estatística poderá facilitar aos órganos estatísticos sectoriais establecidos no capítulo III do título I a información suxeita ao segredo estatístico que precisaren para desenvolver operacións programadas baixo a súa responsabilidade. Cando for unha terceira persoa a titular da información, solicitarase a súa autorización.



2. A comunicación por parte do Instituto Galego de Estatística a outras administracións e organismos públicos de datos protexidos polo segredo estatístico só será posible no caso de se cumpriren as seguintes condicións:

a) Que os organismos destinatarios teñan expresamente prevista a función estatística na súa norma de creación e dispoñan dos medios necesarios para preservaren o segredo estatístico.

b) Que o destino dos datos sexa exclusivamente estatístico e as correspondentes actuacións estean previstas nos seus instrumentos estatísticos de planificación e programación.

3. A partir de solicitudes debidamente motivadas e cando concorreren razóns graves de saúde, o Consello Galego de Estatística poderá, analizando caso por caso, autorizar a comunicación de datos individuais entre órganos ou servizos estatísticos competentes, sempre que se utilizaren exclusivamente con fins estatísticos e baixo o compromiso expreso de absoluta confidencialidade sobre os datos comunicados. No caso de persoas xurídicas, ás razóns de saúde sumaranse as razóns graves que afecten a planificación e coordinación económica e a protección do medio.

4. A información fornecida mencionada nos puntos anteriores deste artigo será de uso exclusivo do receptor e realizarase na forma máis agregada que for compatible coa finalidade para a que se demandar.

Artigo 32. *Acceso a datos con fins científicos*

1. Para favorecer a investigación, e no marco dun proxecto científico específico e de interese público, as universidades e os outros centros de investigación recoñecidos poderán acceder a datos protexidos polo segredo estatístico que non permitiren identificar directamente as persoas.

2. A institución solicitante deberá presentar unha instancia en que se indique e se motive cales son os datos aos cales solicita acceder. Non se dará acceso a ningún dato que non for estritamente necesario para cumprir os obxectivos da institución solicitante.

3. No caso de que a información solicitada for cedida con fins estatísticos por outro organismo, requirirase a aprobación previa deste.

4. As institucións e as persoas investigadoras que tiveren acceso a datos individuais estarán obrigadas a gardaren reserva absoluta sobre eles e a non difundiren información identificable ningunha nos mesmos termos previstos para o persoal estatístico. Tampouco poderán almacenalos nin empregalos para outras finalidades.

5. O Instituto Galego de Estatística establecerá as normas técnicas sobre as modalidades e as condicións deste acceso.

TÍTULO IV Réxime sancionador

Artigo 33. *Infraccións en materia estatística*

Son infraccións administrativas en materia estatística as accións ou as omisións tipificadas nesta lei.



Artigo 34. *Clasificación*

1. As infraccións ao preceptuado nesta lei clasifícanse en leves, graves ou moi graves.

2. Son infraccións leves:

a) Fornecer información obrigatoria para os efectos estatísticos fóra do prazo establecido, cando esta conduta non producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

b) Non fornecer información obrigatoria para os efectos estatísticos ou facelo con datos inexactos ou incompletos, cando esta conduta non producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

3. Son infraccións graves:

a) Fornecer información obrigatoria para os efectos estatísticos fóra do prazo establecido, cando esta conduta producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

b) Non fornecer información obrigatoria para os efectos estatísticos ou facelo con datos inexactos ou incompletos, cando esta conduta producise un prexuízo grave aos órganos estatísticos.

c) Non cumpriren as persoas responsables de elaboraren ou de difundiren estatísticas a obriga de gardar reserva sobre os resultados destas ata a súa publicación.

4. Son infraccións moi graves:

a) Incumprir o deber de segredo estatístico.

b) Utilizar os datos obtidos polos órganos estatísticos para finalidades distintas das propiamente estatísticas.

c) Fornecer datos falsos aos órganos estatísticos.

d) Exixir información para elaborar estatísticas sen ter a condición de persoal ou de axente estatístico.

Artigo 35. *Responsables das infraccións*

1. Son responsables das infraccións as persoas físicas e xurídicas que incorreren a título de dolo ou de culpa nas accións ou nas omisións tipificadas nesta lei.

2. As persoas xurídicas responderán do pagamento das sancións impostas como consecuencia das infraccións en materia estatística cometidas polas persoas titulares dos seus órganos, polo persoal empregado ou por axentes no desenvolvemento das súas funcións como tales.

Artigo 36. *Prescripción das infraccións*

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves prescribirán aos dous anos e as moi graves prescribirán aos tres anos.



2. No tocante ao prazo de prescrición das infraccións, observarase o disposto no artigo 30.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 37. *Sancións*

1. As infraccións en materia estatística tipificadas nesta lei serán sancionadas con multas das seguintes contías:

- a) As leves, desde 60 a 300 euros.
- b) As graves, desde 301 a 3.000 euros.
- c) As moi graves, desde 3.001 a 30.000 euros.

2. As infraccións nas cales a persoa infractora obtiver un beneficio económico superior aos 30.000 euros sancionaranse con multa, que pode chegar ata o dobre do beneficio obtido.

Artigo 38. *Gradación das sancións*

Na imposición das sancións observarase a debida idoneidade e necesidade da sanción que cumpra impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios:

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A continuidade ou a persistencia na conduta infractora.
- c) A natureza dos prexuízos causados.
- d) A reincidencia por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

Artigo 39. *Prescrición das sancións*

1. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por infraccións graves prescribirán aos dous anos e as impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos.

2. Canto ao prazo de prescrición das sancións, observarase o disposto no artigo 30.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 40. *Competencia para exercer a potestade sancionadora e procedemento*

1. Correspóndelle á persoa titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística impor as sancións polas infraccións previstas nesta lei.



2. As infraccións tipificadas nesta lei serán obxecto das sancións administrativas correspondentes, logo da instrución do oportuno procedemento conforme os principios establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a regulación procedemental contida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Cando as infraccións tipificadas nesta lei foren cometidas por persoal empregado público aplícarase o procedemento e as sancións establecidas na normativa reguladora do procedemento disciplinario que resultar aplicable.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento sancionador será dun ano, que se contará desde a data do acordo de incoación. No caso de transcorrer o prazo sen se ditar e se notificar a resolución, producirase a caducidade do procedemento.

5. De acordo co disposto no artigo 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a caducidade non producirá por si soa a prescrición das accións da persoa particular ou da administración, mais os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición.

Disposición adicional primeira. *Rexistro de poboación de Galicia*

O Instituto Galego de Estatística poderá crear e manter un rexistro de poboación de Galicia cos datos do nome, os apelidos, o domicilio, o sexo, a data de nacemento e o número do DNI —ou do documento que o substitúa, no caso de persoas estranxeiras— que consten nos padróns municipais de habitantes de todos os concellos galegos.

En función das previsións sobre transmisións de datos entre administracións públicas establecidas no artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os datos do rexistro de poboación de Galicia seránlle solicitados ao Instituto Nacional de Estatística, ao cal a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, lle atribúe a coordinación de todos os padróns municipais.

Os datos do rexistro de poboación de Galicia poderán ser utilizados pola organización estatística galega para executar a planificación estatística de acordo co previsto nesta lei. Os datos do rexistro de poboación de Galicia tamén se poderán ceder aos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia sen o consentimento previo das persoas interesadas cando se precisaren para exercer unha competencia atribuída por unha norma con rango de lei e exclusivamente para asuntos nos cales a residencia ou o domicilio foren datos relevantes.

En relación con esta segunda finalidade, establecida expresamente no artigo 16.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo co Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as persoas interesadas poderán exercer perante o Instituto Galego de Estatística os dereitos de acceso, de rectificación, de



supresión, de limitación do tratamento, de portabilidade e de oposición que en cada caso corresponderen.

Disposición adicional segunda. *Estatística e planificación pública*

Os órganos estatísticos deben impulsar e facilitar o emprego de información estatística para mellorar a avaliación das políticas do sector público autonómico e para programar futuras políticas por emprender. O Instituto Galego de Estatística, a través dos órganos estatísticos sectoriais ou mediante un acordo coa Presidencia da Xunta de Galicia ou coas consellarías, poderá realizar análises e estudos estatísticos dirixidos ao seguimento e á avaliación de plans, programas, proxectos ou outros aspectos organizativos ou funcionais de interese dos mencionados órganos ou das entidades públicas instrumentais dependentes deles, que deberán cumprir os principios e normas establecidos nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan.

Disposición adicional terceira. *Órganos de goberno do Instituto Galego de Estatística*

De acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos de goberno do Instituto Galego de Estatística son a Presidencia e o Consello Reitor. A Presidencia correspóndelle á persoa titular do departamento de adscrición do Instituto, que tamén presidirá o Consello Reitor. A este último órgano correspóndelle aprobar as contas anuais, o anteproxecto de orzamentos, a contratación de obrigas de carácter plurianual e a proposta de relación de postos de traballo. O Consello Reitor e o Consello Galego de Estatística supervisarán os resultados da actividade do Instituto Galego de Estatística dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

Disposición adicional cuarta. *Plan anual de actuación do Instituto Galego de Estatística*

O Plan anual de actuación do Instituto Galego de Estatística, previsto no artigo 70 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, recollerá un extracto dos obxectivos que se lle atribúan ao Instituto no programa estatístico do mesmo ano e detallará outros que se pretendan acadar, xunto cos recursos persoais e orzamentarios precisos. O Plan anual de actuación será aprobado mediante unha orde da consellaría de adscrición do Instituto Galego de Estatística e os seus resultados someteranse ao Consello Reitor.

Disposición adicional quinta. *Bases de datos de persoas xurídicas*

Para realizar as funcións que se lle atribúen na planificación estatística, o Instituto Galego de Estatística poderá obter das persoas xurídicas os datos ou as informacións que tiveren almacenados en calquera das súas bases de datos, coa correspondente compensación, se proceder.

Disposición adicional sexta. *Revisión das contías das sancións*

O Consello da Xunta poderá actualizar mediante un decreto a contía das sancións previstas nesta lei tendo en conta a variación do índice de prezos de consumo, por proposta da persoa titular da consellaría de adscrición do Instituto Galego de Estatística.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas expresamente a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e as disposicións de igual ou de inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para desenvolver esta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Miguel Santos Costa
Secretario da Comisión

Vº e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Mantemento de emendas e formulación de votos particulares en relación co Proxecto de lei de estatística de Galicia

Ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* das emendas mantidas e dos votos particulares formulados ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia:.

- G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 15412).
- G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15414).



Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 2 de decembro de 2024.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de decembro de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o proxecto de lei para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dous de decembro de dous mil vinte e catro.

Vº. e Praxe:
O PRESIDENTE



**PROXECTO DE LEI PARA O
DESENVOLVEMENTO E IMPULSO DA
INTELIXENCIA ARTIFICIAL EN GALICIA**



Exposición de motivos.....	9
I.....	9
II.....	11
III.....	13
IV.....	16
V.....	18
VI.....	19
VII.....	24
TÍTULO PRELIMINAR.....	25
CAPÍTULO I.....	25
Disposicións xerais.....	25
Artigo 1. <i>Obxecto</i>	25
Artigo 2. <i>Finalidade</i>	26
Artigo 3. <i>Ámbito de aplicación</i>	28
Artigo 4. <i>Definicións</i>	29
CAPÍTULO II.....	32
Principios xerais.....	32
Artigo 5. <i>Principios para unha xestión responsable da intelixencia artificial</i>	32
Artigo 6. <i>Boa administración dixital e dilixencia debida</i>	33
Artigo 7. <i>Auditabilidade, trazabilidade e explicabilidade</i>	34
Artigo 8. <i>Transparencia</i>	35



Artigo 9. <i>Claridade</i>	36
Artigo 10. <i>Imparcialidade e ausencia de nescos</i>	37
Artigo 11. <i>Seguridade e privacidade</i>	38
Artigo 12. <i>Reserva de humanidade e de revisión humana</i>	39
Artigo 13. <i>Proactividade e personalización</i>	41
Artigo 14. <i>Universalidade e accesibilidade</i>	42
Artigo 15. <i>Fiabilidade e responsabilidade</i>	43
Artigo 16. <i>Avaliación do impacto nas persoas, na sociedade e no medio ambiente</i>	44
Artigo 17. <i>Avaliación continua</i>	45
Artigo 18. <i>Precaución</i>	46
Artigo 19. <i>Formación continua</i>	47
Artigo 20. <i>Colaboración e transferencia</i>	48
Artigo 21. <i>Capacidade técnica, proporcionalidade e suficiencia financeira</i>	49
CAPÍTULO III	50
Dereitos da cidadanía	50
Artigo 22. <i>Os dereitos da cidadanía</i>	50
Artigo 23. <i>Transparencia e supervisión humana</i>	51
Artigo 24. <i>Igualdade</i>	53
Artigo 25. <i>Tutela</i>	54
Artigo 26. <i>Exercicio dos dereitos</i>	55
TÍTULO I	56
Gobernanza e Planificación	56




CAPÍTULO I.....	56
Gobernanza.....	56
Artigo 27. <i>Os órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos</i>	56
Artigo 28. <i>A Oficina de Intelixencia Artificial</i>	58
Artigo 29. <i>Comisión estratéxica para o asesoramento en intelixencia artificial</i>	59
Artigo 30. <i>O Consello Galego de Intelixencia Artificial</i>	60
CAPÍTULO II.....	63
Planificación.....	63
Artigo 31. <i>Ordenación da planificación</i>	63
Artigo 32. <i>Estratexia Galega de Intelixencia Artificial</i>	64
Artigo 33. <i>Programas Sectoriais de Intelixencia Artificial</i>	66
Artigo 34. <i>Os Proxectos de Intelixencia Artificial</i>	67
TÍTULO II.....	68
Xestión e Colaboración.....	68
CAPÍTULO I.....	68
Da Xestión	68
Artigo 35. <i>O Inventario de sistemas de Intelixencia artificial</i>	68
Artigo 36. <i>Os comisionados de Intelixencia Artificial</i>	70
CAPÍTULO II.....	71
Da cooperación interadministrativa e da colaboración público-privada	71



Artigo 37. <i>A cooperación entre administracións públicas</i>	71
Artigo 38. <i>O repositorio de sistemas de Intelixencia artificial</i>	72
Artigo 39. <i>Colaboración entre o sector público e o sector privado</i>	73
TÍTULO III	74
Procedemento para a definición e a posta en marcha de proxectos de intelixencia artificial na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público	74
CAPÍTULO I	74
Definición e aprobación de proxectos de intelixencia artificial	74
Artigo 40. <i>A definición de proxectos de intelixencia artificial e a valoración dos seus riscos</i>	74
Artigo 41. <i>A elaboración do informe do Proxecto de intelixencia artificial</i>	75
Artigo 42. <i>A aprobación de proxectos de intelixencia artificial</i>	76
CAPÍTULO II	77
Deseño, desenvolvemento ou adquisición e implantación de sistemas de intelixencia artificial	77
Artigo 43. <i>Deseño dos sistemas de intelixencia artificial</i>	77
Artigo 44. <i>Desenvolvemento dos sistemas de intelixencia artificial</i>	78
Artigo 45. <i>Procedemento para a adquisición dos sistemas de intelixencia artificial</i>	79
Artigo 46. <i>Adestramento, validación e proba dos sistemas de intelixencia artificial</i>	80
Artigo 47. <i>O plan de xestión de datos</i>	81



Artigo 48. <i>Activación, mantemento e avaliación continua dos sistemas de intelixencia artificial</i>	82
Artigo 49. <i>Espazos controlados de probas</i>	83
TÍTULO IV	84
O uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral	84
Artigo 50. <i>O alcance do uso de sistemas de intelixencia artificial na toma de decisións: actuacións administrativas automatizadas e semiautomatizadas</i>	84
Artigo 51. <i>Guías para o uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral</i>	85
Artigo 52. <i>Ferramentas de autodiagnose</i>	86
Artigo 53. <i>As respostas fronte ao fallo dun sistema de intelixencia artificial</i>	87
TÍTULO V	88
Das medidas para o impulso da intelixencia artificial en Galicia	88
CAPÍTULO I	88
Medidas económicas e fiscais	88
Sección 1ª <i>Medidas de impulso en materia de política industrial</i>	88
Artigo 54. <i>Plans directores dos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia</i>	88
Artigo 55. <i>Proxectos industriais estratéxicos</i>	89
Artigo 56. <i>Proxectos empresariais singulares</i>	90
Sección 2ª <i>Medidas de impulso en materia de transición enerxética</i>	91



Artigo 57. <i>Transición enerxética</i>	91
<i>Sección 3ª Medidas de impulso empresarial, emprendemento e investimento</i>	92
Artigo 58. <i>Promoción do ecosistema empresarial de intelixencia artificial</i>	92
Artigo 59. <i>Apoio á actividade emprendedora en intelixencia artificial</i>	93
Artigo 60. <i>Fomento do investimento en solucións de intelixencia artificial</i>	94
<i>Sección 4ª Medidas fiscais</i>	95
Artigo 61. <i>Incentivos fiscais</i>	95
CAPÍTULO II.....	96
Medidas en materia de I+D+i	96
Artigo 62. <i>Fomento da investigación e innovación no ámbito da intelixencia artificial</i>	96
Artigo 63. <i>Ecosistema de intelixencia artificial de Galicia</i>	97
Artigo 64. <i>Grandes infraestruturas de supercomputación para o desenvolvemento do ecosistema de intelixencia artificial</i>	98
Artigo 65. <i>Espazos de datos</i>	99
Artigo 66. <i>Factorías de intelixencia artificial</i>	100
Artigo 67. <i>Espazos controlado de probas para o tecido investigador e empresarial</i>	101
Artigo 68. <i>Compra pública estratéxica de Intelixencia artificial</i>	102
CAPÍTULO III	105
Medidas de formación e capacitación	105



Artigo 69. <i>A formación e capacitación dos empregados públicos en materia de intelixencia artificial</i>	105
Artigo 70. <i>O apoio na formación e capacitación do tecido produtivo en materia de intelixencia artificial</i>	106
Artigo 71. <i>A formación universitaria e profesional en materia de intelixencia artificial</i>	107
Artigo 72. <i>A formación da cidadanía para a loita contra os riscos dos sistemas de intelixencia artificial</i>	108
Disposición adicional única. <i>Atribución de funcións dos comisionados de intelixencia artificial</i>	109
Disposición transitoria única. <i>Identificación e rexistro de sistemas de intelixencia artificial existentes</i>	110
Disposición derradeira primeira. <i>Modificación da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno</i>	111
Disposición derradeira segunda. <i>Desenvolvemento regulamentario</i>	112
Disposición derradeira terceira. <i>Entrada en vigor</i>	113



Exposición de motivos

I


Ao longo da historia, os avances tecnolóxicos aumentaron a eficiencia dos medios para producir, mudaron a forma de consumir e diminuíron barreiras de espazo e tempo. Con todo, ningún destes avances tivo a capacidade transformadora das tecnoloxías intelixentes en termos do seu potencial para incrementar a competitividade en todas as áreas de desenvolvemento e para contribuír a dar resposta a algúns dos desafíos aos que se enfronta a Humanidade.

As tecnoloxías intelixentes están a mudar a nosa vida cotiá, a nosa forma de traballar, de educar e facer negocios, a nosa forma de viaxar, así como a nosa forma de relacionarnos.

De acordo coa definición acuñada polo Grupo independente de expertos de alto nivel sobre intelixencia artificial da Unión Europea, o termo "Intelixencia Artificial" (no sucesivo IA) aplícase a todos aqueles "sistemas que manifestan un comportamento intelixente ao analizar a súa contorna, realizando accións, con certo grao de autonomía, para acadar un obxectivo específico". Estes sistemas poden consistir simplemente nun programa informático -p. ex. asistentes de voz, programas de análise de imaxes, motores de procura, sistemas de recoñecemento facial e de voz-, ou ben estar incorporados en dispositivos de hardware -p. ex. robots avanzados, automóviles autónomos, vehículos aéreos non tripulados ou aplicacións do internet das cousas-.

A definición de "sistema de intelixencia artificial" empregada polas institucións europeas alíñase coa proposta pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) en maio de 2019 que o define como "un sistema baseado en máquinas que, para obxectivos explícitos ou implícitos, infire, a partir da entrada que recibe, como xerar saídas como predicións, contidos, recomendacións ou decisións que poden influír en contornas físicas ou virtuais. Diferentes sistemas de intelixencia artificial varían nos seus niveis de autonomía e adaptabilidade despois da implementación."

Aínda que a orixe da intelixencia artificial se remonta ao ano 1950, hoxe en día vivimos unha das súas épocas de maior auxe. A intelixencia artificial está presente na industria desde, polo menos, a década de 1980, se ben foi durante os últimos anos cando confluíron tres elementos, entre outros, que permitiron



dar un salto cualitativo do dato común ao dato intelixente, grazas ao rendemento e aplicabilidade dos métodos de aprendizaxe por computador baseados en datos. En primeiro lugar, a dispoñibilidade de cantidades inxentes de datos –coñecidos como Big Data– que son o resultado da actividade humana xerada en plataformas dixitais e de procesos de dixitalización do mundo físico. En segundo lugar, o desenvolvemento de algoritmos de aprendizaxe por computador capaces de atopar patróns de comportamento e dar así utilidade a estas cantidades de datos. Finalmente, o incremento exponencial da capacidade de procesamento das computadoras e de almacenamento destas cantidades masivas de datos. A converxencia entre supercomputación e intelixencia artificial é imprescindible para impulsar avances significativos na resolución de problemas complexos e o desenvolvemento de modelos de intelixencia máis precisos.

Con todo, non debemos esquecer os retos e limitacións técnicas, éticas, legais e sociais sobre o uso que se lle brinde a esa inxente cantidade de datos xerados, a pesar de ser este o punto onde reside a oportunidade dunha transformación dixital, non soamente real, senón inevitable.

A intelixencia artificial pode xerar un amplo abanico de beneficios económicos e sociais en todos os sectores e actividades sociais. O seu uso pode proporcionar vantaxes competitivas esenciais ás empresas e facilitar a obtención de resultados positivos desde o punto de vista social e ambiental nos ámbitos da mellora da saúde, a agricultura, a educación e a formación, a administración de infraestruturas, a enerxía, o transporte e a loxística, os servizos públicos, a seguridade, a xustiza, a eficiencia dos recursos e a enerxía, e a mitigación do cambio climático e a adaptación a el. Tamén pode contribuír a mellorar a predición, optimizar as operacións e a asignación dos recursos, e a personalizar as solucións dixitais que se atopan ao dispor da poboación e as organizacións. É, por tanto, necesario garantir o seu bo goberno co fin de aproveitar todas as oportunidades que esta tecnoloxía ofrece, ao tempo que se garante o control e a limitación dos riscos derivados dun uso indebido.

Daquela, a administración pública está na obriga de aplicar a intelixencia artificial para ofrecer mellores servizos de conformidade coas necesidades e as demandas da cidadanía e as empresas.




II

A crecente dependencia de tecnoloxías e sistemas desenvolvidos fóra das fronteiras da Unión Europea expón importantes desafíos en termos de soberanía tecnolóxica e dixital. A intelixencia artificial ocupa un lugar preeminente no marco estratéxico e lexislativo mundial. En particular, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) adoptou unha formulación de "Principios sobre a IA" na Recomendación sobre Intelixencia artificial adoptada polo Consello da OCDE o 22 de maio de 2019, onde estableceu o respecto do Estado de dereito, os dereitos humanos, os valores democráticos e a diversidade a través do cumprimento dos principios de transparencia, divulgación responsable, robustez, fiabilidade e seguridade durante todo o ciclo de vida dos sistemas de intelixencia artificial.

Pola súa banda, ao longo do últimos anos, Europa promoveu un enfoque centrado no fortalecemento das súas capacidades tecnolóxicas internas, impulsando unha IA segura, ética e centrada nos dereitos fundamentais. Para iso, a UE adoptou unha formulación coordinada co obxectivo de aproveitar ao máximo as oportunidades que brindan as tecnoloxías intelixentes, fixándose un obxectivo claro: incrementar o investimento en máis de 20.000 millóns de euros anuais durante a próxima década. A pandemia de COVID-19 provocou que a Comisión Europea reforzase e organizase a súa aposta pola intelixencia artificial, outorgando un lugar privilexiado como unha das súas prioridades 2019-2024 "Unha Europa adaptada á era dixital", así como na recentemente aprobada folla de "O Compás Dixital de Europa".

En xaneiro de 2020, a resolución do Parlamento Europeo sobre un marco de aspectos éticos da intelixencia artificial, a robótica e as tecnoloxías relacionadas recomenda expresamente que a Comisión propoña medidas lexislativas para explotar as oportunidades e os beneficios da intelixencia artificial, e tamén para garantir a protección dos principios éticos.


Tamén en novembro de 2021, publícase a Recomendación da UNESCO sobre a Ética da Intelixencia artificial polos 193 Estados membros como unha reflexión normativa sistemática, baseada nun marco integral, global, multicultural e evolutivo de valores, principios e accións interdependentes, que pode guiar ás sociedades á hora de afrontar de maneira responsable os efectos coñecidos e descoñecidos das tecnoloxías de intelixencia artificial nos seres humanos, as sociedades e o medio ambiente e os ecosistemas, e ofrécelles unha base para aceptar ou rexeitar as tecnoloxías de intelixencia artificial.



Así, a Comisión Europea publica en abril de 2021 unha proposta de Regulamento para afrontar o reto de xestionar a intelixencia artificial sen que os dereitos dos cidadáns, así como os valores europeos, se vexan menoscabados. O obxectivo é establecer un marco legal uniforme para o desenvolvemento, comercialización e uso da intelixencia artificial, en liña cos valores da UE.

Esta proposta foi aprobada polo Parlamento Europeo en marzo de 2024 converténdose na primeira regulación en intelixencia artificial do mundo, de conformidade cos valores da Unión consagrados no artigo 2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE), os dereitos e liberdades fundamentais consagrados nos Tratados e, de conformidade co artigo 6 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (Carta). O 12 de xullo de 2024 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) devandito regulamento, o Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial e polo que se modifican os Regulamentos (CE) n.º 300/2008, (UE) n.º 167/2013, (UE) n.º 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1139 e (UE) 2019/2144 e as Directivas 2014/90/UE, (UE) 2016/797 e (UE) 2020/1828 (Regulamento de Intelixencia Artificial). En particular, establece unhas normas comúns para os sistemas de intelixencia artificial de alto risco ao obxecto de garantir un nivel elevado e coherente de protección dos intereses públicos no que respecta á saúde, á seguridade e aos dereitos fundamentais. Tamén deben ter en conta a Declaración Europea sobre os Dereitos e Principios Dixitais para a Década Dixital e as Directrices éticas para unha IA fiable do Grupo independente de expertos de alto nivel sobre intelixencia artificial.

Así mesmo, o Consello de Europa adoptou en maio de 2024 o Convenio Marco sobre Intelixencia Artificial e Dereitos Humanos, Democracia e Estado de Dereito que proporciona un marco xurídico común a nivel mundial para aplicar as obrigas xurídicas internacionais e nacionais existentes que son aplicables na esfera dos dereitos humanos, a democracia e o estado de dereito e os seus obxectivos co obxectivo de garantir que as actividades dentro do ciclo de vida dos sistemas de intelixencia artificial por parte de actores públicos e privados cumpran con estas obrigacións, estándares e compromisos.




III

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, esta conta cunha traxectoria destacable no desenvolvemento e despregamento de tecnoloxías intelixentes. Galicia foi pioneira na aprobación da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 aprobada polo Consello da Xunta na súa sesión do 10 de xuño de 2021, cun investimento de máis de 330 millóns de euros públicos da Xunta de Galicia no período 2021-2030 que xerará un impacto na creación de riqueza duns 472 millóns de euros nese período. Esta Estratexia prevé un investimento *per cápita* en intelixencia artificial superior á media da UE.


Galicia conta cun ecosistema de intelixencia artificial fortalecido en torno ás tres fases de xeración de valor. Na primeira fase de ideación destacan, ademais das tres universidades públicas de Galicia que imparten o Grao en Intelixencia Artificial e o Mestrado Interuniversitario en Intelixencia Artificial, os centros tecnolóxicos e os centros de investigación. Na fase de oferta, Galicia posúe un potencial significativo para desempeñar un rol protagonista no desenvolvemento de intelixencia artificial, non limitándose unicamente á adopción de tecnoloxías doutras rexións, senón xerando coñecemento e solucións tecnolóxicas propias. Esta capacidade de crear tecnoloxía avanzada non só reforza a competitividade de Galicia na economía dixital, senón que tamén asegura a súa autonomía tecnolóxica, fomentando o crecemento sostible e a creación de emprego cualificado. Ademais, Galicia conta cunha infraestrutura de computación de altas prestacións de referencia, o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), como axente fundamental no impulso da investigación e a innovación no ámbito da intelixencia artificial, consolidándose como un laboratorio natural para a aplicación desta tecnoloxía, así como a súa transferencia ao mercado. En canto á fase de demanda, en Galicia estase a experimentar un crecente investimento en intelixencia artificial por parte dos ámbitos públicos, así como por parte da industria e dos servizos. De feito, de acordo con datos recentes do INE, en Galicia, o 10,2% das empresas de 10 ou máis de persoas traballadoras con sede e/ou actividade nesta Comunidade empregan intelixencia artificial, superando en 1,9 puntos porcentuais a media estatal. No caso das microempresas, o emprego da intelixencia artificial alcanza o 7,6% das empresas e supera tamén a media estatal en 4,1 puntos porcentuais.

A presente proposta responde á Recomendación sobre Intelixencia artificial adoptada polo Consello da OCDE o 22 de maio de 2019 onde se establece que os gobernos deben desenvolver unha contorna de políticas que facilite o camiño para a adopción de sistemas de intelixencia artificial fiables, capacitar



ás persoas con competencias en intelixencia artificial e apoiar ás persoas traballadoras con miras a asegurar unha transición equitativa. Así mesmo, establece o fomento de ecosistemas de intelixencia artificial accesibles con tecnoloxías e infraestrutura dixitais, e mecanismos para o intercambio de datos e coñecementos. Aséntase tamén no informe Gobernando con Intelixencia Artificial publicado pola OCDE o 13 de xuño de 2024 onde afirman que a aplicación de normativas en todas as institucións do sector público pode axudar a promover o desenvolvemento de enfoques baseados no risco recollido no Regulamento de Intelixencia Artificial.

A proposta recolle as conclusións e recomendacións emitidas por un grupo de expertos do eido universitario de Galicia no “Estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial impacto da intelixencia artificial en Galicia” presentado en marzo de 2023 onde se expón que “hai marxe para que os Estados da UE e as Comunidades Autónomas reforcen os obxectivos da Lei de Intelixencia Artificial da Unión Europea (AI Act), mesmo desde antes da súa entrada en vigor”. Neste sentido, “a Comunidade Autónoma podería regular xa a utilización das tecnoloxías baseadas en IA polo propio sector público autonómico e, no seu caso, polas entidades locais galegas, en exercicio das súas competencias de autoorganización (artigos 27.1 e 28.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia) e sobre o réxime local (artigo 27.2 do Estatuto). Para iso, poderíanse modificar a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e, no seu caso, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, co fin de introducir os principios que deben rexer a implantación das tecnoloxías baseadas na IA tanto no sector público autonómico como no local. Así mesmo, as competencias da Comunidade Autónoma de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de contratos e concesións administrativas (artigo 28.2 do Estatuto de Autonomía) permitirían introducir as especificacións xerais esixibles a toda aplicación, produto ou servizo baseado en IA que as administracións públicas adquiran do sector privado, respectando en todo caso as regras de carácter básico sobre o establecemento de prescricións técnicas que recollen os artigos 126 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Do mesmo xeito, a Comunidade Autónoma tamén podería desenvolver unha política propia de fomento do desenvolvemento das tecnoloxías baseada na IA en Galicia, sobre a base das súas competencias estatutarias en materia de fomento da actividade económica. E, na medida en que a actividade de fomento permite á administración orientar os fins de interese xeral aos que se debe dirixir a actuación privada beneficiaria daquela, as medidas autonómicas de impulso do desenvolvemento das tecnoloxías baseadas na IA teríanse que condicionar ao




cumprimento por estas tecnoloxías dos estándares éticos que, a falta dun marco regulador, son xeralmente admitidas na actualidade”.

Tamén responde, así mesmo, ás peticións explícitas do Parlamento de Galicia quen solicitou á Xunta de Galicia, no mes de abril de 2023, o impulso das actuacións necesarias para que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público adopte, como marco de actuación, o establecido polo Regulamento Europeo de Intelixencia Artificial, previamente á súa entrada en vigor prevista para o ano 2024, así como o desenvolvemento da normativa necesaria para a aplicación da intelixencia artificial na administración autonómica. O Parlamento de Galicia tamén levou a cabo importantes accións no ámbito da intelixencia artificial como a Declaración institucional do Parlamento de Galicia en favor dunha intelixencia artificial ética e centrada no ser humano asinada en xuño de 2022.

Tamén responde á oportunidade que supón a localización da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial (AESIA) en A Coruña. O Regulamento europeo de intelixencia artificial establece as «autoridades nacionais de supervisión» que se encarguen de supervisar a aplicación e execución do disposto no mencionado regulamento, así como de coordinar as actividades encomendadas aos devanditos Estados membros, actuar como o punto de contacto único para a Comisión, e representar ao Estado membro en cuestión ante o Comité Europeo de Intelixencia Artificial. Esta Axencia, creada polo Real Decreto 729/2023, de 22 de agosto, polo que se aproba o Estatuto da Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial, é a primeira axencia deste tipo que se crea en Europa.

Responde, así mesmo, ao compromiso para a Lexislatura 2024-2028 de desenvolver a normativa necesaria para facilitar a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto, tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, a través de mecanismos que favorezan a atracción de investimentos e talento dixital, garantindo que a incorporación de tecnoloxías disruptivas se leve a cabo baixo os criterios éticos e de seguridade.

Por último responde ás recomendacións emitidas polo Consello de Europa no Convenio Marco sobre Intelixencia Artificial e Dereitos Humanos, Democracia e Estado de Dereito adoptado en maio de 2024, no relativo aos principios relacionados coas actividades dentro do ciclo de vida dos sistemas de intelixencia artificial.




IV

Atendendo ao Regulamento polo que se establecen as normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial, recóllese que o seu fundamento xurídico radica no artigo 114 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que permite ao Parlamento adoptar medidas apropiadas para establecer o funcionamento do mercado común. Con isto, preténdese avanzar cara a unha regulación europea sólida para conseguir unha IA fiable, que garanta a igualdade, protexa ás persoas e fomente a competitividade industrial.

No plano normativo estatal, a aprobación durante os últimos anos de leis que prevén dar resposta aos retos que implica este gran cambio e a demanda de seguridade xurídica no desenvolvemento e exercicio dos dereitos da cidadanía é notable. En materia de procedemento administrativo común e réxime xurídico de sector público, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, introducen con carácter transversal o emprego dos medios electrónicos nas relacións entre a administración e a cidadanía. A tecnoloxía tamén impacta notablemente na protección de datos de carácter persoal, así o regulador europeo introduce o Regulamento UE 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais. No referente á ciberseguridade, o Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se Regula o Esquema Nacional de Seguridade, establece os principios básicos e requisitos mínimos que aplican a aqueles sistemas de información de entidades públicas garantindo unha adecuada seguridade da información tratada. No referente á innovación en materia de intelixencia artificial, o Real Decreto 817/2023, do 8 de novembro, que establece unha contorna controlada de probas para o ensaio do cumprimento da proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial establece espazos de probas para ensaiar o cumprimento de certos requisitos por parte dalgúns sistemas de intelixencia artificial que poidan supoñer riscos para a seguridade, a saúde e os dereitos fundamentais das persoas.

No marco da Estratexia España Dixital 2026 e co obxectivo de liderar o desenvolvemento e integración da intelixencia artificial na sociedade e economía española, aprobouse a Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial. Alíñado con esta estratexia, elaborouse a Carta de Dereitos Dixitais, que recolle no seu apartado XXV a base dos dereitos das persoas ante a intelixencia artificial, en virtude de garantir a non discriminación, transparencia e




supervisión humana nas decisións tomadas por tecnoloxías intelixentes. En liña con iso, aprobouse a Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, que regula o uso de algoritmos na toma de decisións por parte das administracións públicas e obriga a implementar medidas que minimicen nesgos e garantan a rendición de contas, buscando así, un uso ético e responsable da intelixencia artificial para fomentar a confianza na tecnoloxía, así como garantir o establecido no artigo 41.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

No eido autonómico, os alicerces da regulación do desenvolvemento da intelixencia artificial en Galicia xa contan cun corpo legal integrado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral o do sector público autonómico de Galicia, reguladora da organización e do réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico; pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que promoveu a optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación dos distintos órganos e unidades administrativas como principios básicos que guían a actuación do sector público autonómico, e pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que consagra legalmente o dereito da cidadanía á boa administración e a que se lle presten uns servizos públicos de calidade, así como a participar na avaliación da calidade dos servizos públicos, como parte imprescindible do ciclo das políticas públicas, e pola Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Máis recentemente, a Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas recolle no artigo 52 unha nova disposición adicional na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que a Administración autonómica, no seu ámbito de competencias, poderá establecer bancos de probas regulatorias que permitan a execución de proxectos piloto de I+D+i conforme un marco normativo e administrativo adecuados para garantir o respecto á legalidade e á competitividade internacional.

Xa que logo, resulta clave dotar ao ordenamento xurídico autonómico dunha regulación única, coherente, actualizada e ordenada, contando cunha lei que sistematice nun único corpo toda a regulación relativa ao desenvolvemento e uso da intelixencia artificial na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu sector público.



V

Polo que atinxe ao fundamento competencial, esta lei dítase no exercicio das competencias autonómicas exclusivas en materia de organización das institucións de autogoberno e en materia de procedementos administrativos que deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos, así como da competencia autonómica de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración pública de Galicia, recollidas, respectivamente, no artigo 27, alíneas 1 e 5, e mais no artigo 28.1 do Estatuto de autonomía de Galicia. Xunto a estes títulos competenciais tamén procede invocar, atendidas as previsións en materia de emprego público e de contratación contidas na lei, as competencias autonómicas de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado en materia de réxime estatutario dos seus funcionarios e en materia de contratos, previstas no artigo 28, alíneas 1 e 2, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Por todo o exposto, o proceso de deseño, desenvolvemento, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial ten que dispoñer dunha norma, coa lexitimidade que só confire o Parlamento, que ofrezca instrumentos suficientes e axeitados que permitan un deseño e desenvolvemento sustentable e un uso seguro. Esta tarefa é abordada co respaldo dun estado de opinión colectivo: o convencemento de que Galicia pode e debe asumir o papel de liderado que lle corresponde na conformación dunha *Galicia intelixente* a través da ordenación e xestión dunha das tecnoloxías que marcará o futuro da humanidade, a intelixencia artificial.



VI

Esta lei estrutúrase nun título preliminar e cinco títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.


O título preliminar recolle as disposicións xerais, referidas ao obxecto, ao ámbito de aplicación e aos fins da lei e os principios para unha xestión responsable da intelixencia artificial, así como os dereitos da cidadanía.

Esta lei define por primeira vez os principios xerais que han de rexer a actuación da administración autonómica no deseño, desenvolvemento, implementación e uso da intelixencia artificial. Estes principios están en plena conexión coas ideas xa trasladadas por organismos multilaterais como a OCDE, a Comisión Europea ou o Consello de Europa que animaban aos gobernos a desenvolver unha contorna de políticas que faga posible a adopción de sistemas de intelixencia artificial dun xeito fiable e seguro. Tamén o están cos requisitos esixidos aos sistemas de intelixencia artificial na sección 2 do Regulamento de Intelixencia Artificial.

Como principios para unha xestión responsable da intelixencia artificial, enúncianse os principios de boa administración dixital e dilixencia debida; de auditabilidade, trazabilidade e explicabilidade; de transparencia; de claridade; de imparcialidade e de ausencia de nesgos; de seguridade e privacidade; de reserva de humanidade e de revisión humana; de proactividade e personalización; de universalidade e accesibilidade; de fiabilidade e responsabilidade; de avaliación do impacto nas persoas, na sociedade e no medio ambiente; de avaliación continua; de precaución; de formación continua; de colaboración e transferencia; e de capacidade técnica, proporcionalidade e suficiencia financeira.

Como dereitos da cidadanía, enúncianse os dereitos de transparencia e supervisión humana, os dereitos de igualdade e os dereitos de tutela.

O título I regula a organización administrativa e os suxeitos intervinientes nos procesos de deseño, adquisición, implementación e uso da intelixencia artificial e a planificación para o impulso e desenvolvemento da intelixencia artificial en Galicia: os órganos promotores funcionais e os responsables tecnolóxicos; a coordinación, a través da creación da Oficina de Intelixencia Artificial e o apoio da Comisión estratéxica para o asesoramento estratéxico en intelixencia artificial, cando o nivel de risco, o impacto e a súa complexidade



así o requiran; e o Consello Galego de Intelixencia Artificial como máximo órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento en materia de intelixencia artificial; e a esencial participación dos centros de investigación, o tecido empresarial, os colexios profesionais e a sociedade civil no desenvolvemento ético e seguro da intelixencia artificial.

No relativo á planificación, a lei articula un sistema en cascada que toma como punto de partida a procura dun impulso e desenvolvemento da intelixencia artificial ordenado, tanto no ámbito público como no ámbito privado. Así, regúlase a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial co obxectivo de establecer os obxectivos xerais e particulares que se pretenden acadar no ámbito da intelixencia artificial en Galicia nun período temporal definido, así como a coordinación da participación da Comunidade Autónoma de Galicia nos programas e estratexias nacionais e internacionais, o fomento da innovación e desenvolvemento tecnolóxico e da súa xestión, medición e avaliación dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos.


Regúlanse os programas sectoriais de intelixencia artificial propostos polas consellerías competente por razón da materia. O sistema de planificación en cascada péchase coa regulación dos proxectos de intelixencia artificial que definirán para a súa execución as características esenciais dun sistema de intelixencia artificial; o establecemento das características e especificacións técnicas do sistema de intelixencia artificial, así como o plan de xestión de datos; ou a cuantificación dos medios humanos, económicos e materiais necesarios para a súa posta en marcha.

Esta planificación completará a que ata agora viña levándose a cabo a través da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial e doutros instrumentos recollidos na lexislación sectorial, que, serán revisadas para se adaptar a esta nova regulación.

O título II regula os instrumentos para a xestión dos sistemas de intelixencia artificial e as fórmulas para garantir a colaboración entre administracións públicas e, destas co sector privado.

O inventario de sistemas de intelixencia artificial será o elemento central da xestión e reflectirá todo o ciclo de vida dos sistemas de intelixencia artificial, desde o seu deseño ata a súa desactivación.

A lei establece unha nova figura: os comisionados de intelixencia artificial, que velarán polo cumprimento dos principios e obrigas en materia de prevención,



detección e eliminación de riscos e de resultados negativos da implementación de sistemas de intelixencia artificial.


No relativo á cooperación interadministrativa e á colaboración público-privada establécese unha constante comunicación e colaboración coa Oficina de Intelixencia Artificial na Unión Europea, coa Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial e con outros organismos análogos, nacionais ou internacionais, co obxectivo de intercambiar coñecementos e experiencias no campo da regulación e supervisión da intelixencia artificial no eido das súas competencias.

Regúlase tamén o repositorio de sistemas de intelixencia artificial polo que a administración autonómica pon á disposición das demais administracións os sistemas de intelixencia desenvolvidos ou adquiridos co obxectivo de fomentar a reutilización destes sistemas e promover a eficiencia nas administracións públicas.

O título III, relativo ao procedemento para a definición e a posta en marcha de proxectos de intelixencia artificial na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, recolle algunhas das novidades máis salientables da lei.

Regúlase o informe do proxecto de intelixencia artificial como elemento nuclear do procedemento, e se establece o seu contido mínimo: unha identificación das necesidades funcionais a ser cubertas e unha identificación da necesidade e oportunidade de deseñar ou adquirir, implementar e empregar concretos sistemas de intelixencia artificial; a relación de características e especificacións técnicas e o conxunto de datos proposto para o adestramento, a validación e a proba, especificando se o mesmo contén unha combinación de datos persoais e non persoais, así como un plan para a súa xestión. Cómpre salientar que inclúe unha avaliación de impacto relativa aos dereitos fundamentais de acordo co modelo facilitado pola Oficina Europea de Intelixencia Artificial, consonte coa normativa vixente de aplicación.

O título IV, relativo ao uso de sistemas de intelixencia artificial, recolle algunhas novidades que están en sintonía coas iniciativas que se están a promover desde as institucións europeas e que teñen por misión facilitar a adopción e o uso dos sistemas de intelixencia artificial por parte das institucións públicas. Deste modo, asegúrase a posta a disposición da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector



público de guías para o uso de sistemas de intelixencia artificial e as devanditas ferramentas de autodiagnose.

Por último, sobre a base das competencias estatutarias en materia de fomento da actividade económica, a intelixencia artificial require unha política propia de fomento do seu desenvolvemento. Por iso, considerarase que os proxectos cuxa actividade teña relación directa coa intelixencia artificial pertencen a un sector estratéxico aliñado cos obxectivos da Unión Europea. Do mesmo xeito, considerarase o sector da intelixencia artificial como de especial importancia, para os efectos da valoración da concorrència das circunstancias previstas no artigo 75.1.a) da Lei 3/2022, de 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.


Así, o título V da lei recolle as medidas para o impulso da intelixencia artificial en Galicia, desde o punto de vista enerxético; de impulso empresarial, emprendemento e investimento; de fiscalidade, en material de I+D+i, de apoio á formación, á capacitación e ao emprego.

Recoñécese o uso da intelixencia artificial para facilitar a consecución de impactos socioeconómicos positivos no territorio e contribuír a alcanzar os obxectivos de descarbonización e neutralidade climática fixados nos Plans, Programas e Estratexias de transición elaborados pola Unión Europea, a Administración Xeral do Estado e o propia Administración autonómica.

En primeiro lugar, establécense un conxunto de medidas innovadoras para a promoción do ecosistema empresarial de intelixencia artificial, coa creación dun sistema de vixilancia tecnolóxica en intelixencia artificial para as empresas en colaboración cos European Digital Innovation Hubs estratéxicos.


En segundo lugar, establécense un conxunto de medidas para o fomento do investimento en solucións de intelixencia artificial, como a creación de programas de incubación, aceleración e consolidación de startups en intelixencia artificial e *deep tech* e a creación dun fondo de participación en empresas que desenvolvan en Galicia sistemas de intelixencia artificial.

En terceiro lugar, establécense as medidas de fomento da investigación e innovación no ámbito da intelixencia artificial e recóllense algunhas das novidades máis salientables da lei. Impúlsanse factorías de intelixencia artificial, en total sintonía coas recomendacións da Comisión Europea neste materia, que contarán co Centro de Supercomputación de Galicia como actor nuclear para dinamizar o ecosistema de intelixencia artificial de Galicia, facilitando o acceso ás empresas emerxentes, así como a todos os axentes do



ecosistema de intelixencia artificial que necesiten desenvolver, adestrar e validar sistemas de intelixencia artificial. Así mesmo, establécese un espazo controlado de probas para o tecido investigador e empresarial.

A lei remata cunha disposición adicional, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.



VII

A presente lei axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se esixe que «En todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación das mesmas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia».


Desta maneira, o principio de necesidade desta iniciativa lexislativa vén determinado por canto as medidas propostas unicamente poden ser introducidas mediante unha norma con rango de lei, por afectar a materias que están reservadas a este tipo de norma.

Respéctase o principio de proporcionalidade, dado que para conseguir os obxectivos da lei realízase un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.

Préstase especial atención á efectividade do principio de seguridade xurídica, directamente conectado coa integración coherente da nova norma no ordenamento xurídico vixente, de maneira que o resultado sexa un marco normativo estable, claro, integrado e de certeza; e ao principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía en xeral e, en particular, dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, tanto na elaboración da propia lei como na fase de planificación, e sen menoscabo dos procedementos de participación que puidesen estar previstos noutras normas; así como ao principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a administración na materia obxecto de regulación.

Finalmente, en virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa de aplicación, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Na tramitación do anteproxecto de lei observáronse todas as garantías esixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva ao longo de todo o procedemento de tramitación.



TITULO PRELIMINAR

CAPÍTULO I


Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. A presente lei ten por obxecto establecer o marco para o deseño, adquisición, implementación e uso da intelixencia artificial na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu sector público de conformidade coa regulación da Unión Europea e da normativa básica estatal nesta materia, das cales constitúe o seu desenvolvemento e execución na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A estes efectos, a lei regula o réxime xurídico do uso da intelixencia artificial polo sector público galego no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións coa cidadanía, empresas, entidades e demais administracións públicas, promovendo a adopción dunha intelixencia artificial centrada no ser humano, segura, fiable, cun alto nivel de protección da saúde e os dereitos fundamentais e respectuosa co medio ambiente.

3. Así mesmo, a lei ten por obxecto impulsar o desenvolvemento da intelixencia artificial no tecido empresarial e no ecosistema de investigación e innovación da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de mellorar a súa produtividade e competitividade.



Artigo 2. *Finalidade*

Os fins da presente lei son os seguintes:

a) Fixar as bases da gobernanza e planificación dos sistemas de intelixencia artificial pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu sector público, prestando unha especial atención á promoción da calidade na ordenación e uso dos devanditos sistemas.

b) Establecer os principios xerais reitores do deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu sector público, dentro do marco regulador da Unión Europea e da normativa básica estatal aplicable. En particular:

1º. Garantir que os devanditos sistemas sexan fiables e respectuosos cos dereitos fundamentais dos cidadáns e outorgar unha axeitada protección aos mesmos nos procesos e procedementos administrativos nos que se empreguen tales sistemas.

2º. Garantir a incorporación ao funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu sector público de sistemas de intelixencia artificial que promovan a eficacia e a eficiencia na tramitación dos procedementos administrativos e na prestación dos servizos públicos, para un mellor servizo á cidadanía.

c) Establecer o marco esencial das medidas destinadas a apoiar e impulsar o desenvolvemento de tecnoloxías e sistemas de intelixencia artificial innovadores e de alta calidade en Galicia, promovendo a Comunidade Autónoma como un lugar idóneo para o investimento empresarial e desenvolvemento industrial no sector da intelixencia artificial.


d) Promover e facilitar a elaboración de guías ou códigos de conducta de aplicación voluntaria para os sistemas de intelixencia artificial que non sexan de alto risco, consonte os requisitos esixidos pola Unión Europea e demais normativa de aplicación.

e) Impulsar a implantación e uso de sistemas de intelixencia artificial seguros, eficientes e de calidade nas empresas galegas, en particular, nas PEMEs, incluídas as de nova creación, promovendo a súa mellora competitiva.



f) Implantar medidas de capacitación no sector público e privado, aos efectos de incrementar os coñecementos en intelixencia artificial tanto da poboación en xeral, como dos operadores especializados no sector público e privado, mediante accións formativas abertas ao público en xeral, nos distintos niveis educativos e na formación continua.

g) Garantir o uso normal da lingua galega nos procesos de desenvolvemento de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral e potenciar o desenvolvemento de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral en galego.



Artigo 3. *Ámbito de aplicación*

1. As disposicións contidas nesta lei serán de aplicación a:

a) O sector público autonómico, integrado de conformidade co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de ordenación e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e as entidades instrumentais.

b) A cidadanía e os profesionais da intelixencia artificial nas súas relacións coa Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

A estes efectos, as referencias aos cidadáns e cidadás e aos profesionais da intelixencia artificial no presente apartado comprenderán as persoas físicas, as persoas xurídicas e, cando legalmente teñan recoñecida capacidade de obrar ante as administracións públicas, no seu caso, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos.

c) Nos casos en que así se indique expresamente, as relacións entre o sector público autonómico e as restantes Administracións Públicas, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, con pleno respecto ás competencias de estas.

2. A presente lei non se aplicará aos sistemas de intelixencia artificial ou modelos de intelixencia artificial de uso xeral, incluídos os seus resultados de saídas, desenvolvidos e postos en servizo especificamente co único fin da investigación e o desenvolvemento científico pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, sen prexuízo da aplicación do establecido no Capítulo II do Título V.



Artigo 4. *Definicións*

A efectos da presente lei, entenderase por:


a) Sistema de intelixencia artificial: sistema baseado nunha máquina deseñado para funcionar con distintos niveis de autonomía e que pode mostrar capacidade de adaptación tras o seu despregamento e que, para obxectivos explícitos ou implícitos, infire, a partir da entrada que recibe, como xerar resultados de saídas tales como predicións, contidos, recomendacións ou decisións que poden influír en contornas físicas ou virtuais, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial.

b) Modelo de intelixencia artificial de uso xeral: un modelo de intelixencia artificial, tamén un adestrado cun gran volume de datos utilizando autosupervisión a gran escala, que presenta un grao considerable de xeneralidade e é capaz de realizar de maneira competente unha gran variedade de tarefas distintas, independentemente da maneira en que o modelo se introduza no mercado, e que pode integrarse en diversos sistemas ou aplicacións posteriores, excepto os modelos de intelixencia artificial que se utilizan para actividades de investigación, desenvolvemento ou creación de prototipos antes da súa introdución no mercado, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño.

c) Profesional da intelixencia artificial: toda aquela persoa física, xurídica e as indicadas no apartado b) do artigo 3 dedicada ao desenvolvemento -incluídas as labores de investigación, deseño ou subministro de datos-, distribución e despregue -incluída a aplicación- ou utilización de sistemas de intelixencia artificial, salvo aquela que utilice sistemas de intelixencia artificial en calidade de usuaria final ou consumidora.

d) Proxecto de intelixencia artificial: iniciativa que ten por obxecto resolver problemas definidos de maneira clara e obxectiva a través do deseño, adquisición, implementación, uso ou mellora de sistemas ou modelos de intelixencia artificial de uso xeral, orientados a cubrir necesidades funcionais específicas. Este proxecto deberá estar aliñado coas estratexias e programas sectoriais aplicables á intelixencia artificial.

e) Ciclo de vida do sistema de intelixencia artificial: serie de etapas



consecutivas e interrelacionadas que teñen como finalidade a creación, implementación, mantemento e desactivación, no seu caso, dun sistema de intelixencia artificial.

f) Rendemento dun sistema de intelixencia artificial: a capacidade dun sistema de intelixencia artificial para lograr a súa finalidade prevista.

g) Datos de adestramento: datos utilizados para adestrar un sistema de intelixencia artificial mediante o axuste dos seus parámetros obxecto de aprendizaxe.

h) Datos de validación: datos utilizados para proporcionar unha avaliación do sistema de intelixencia artificial adestrado e para axustar os seus parámetros non susceptibles de ser aprendidos e o seu proceso de aprendizaxe co fin, entre outras cousas, de evitar a adaptación insuficiente ou excesiva.

i) Datos de proba: os datos utilizados para proporcionar unha avaliación independente do sistema de intelixencia artificial co fin de confirmar o rendemento esperado do devandito sistema antes da introdución no mercado ou posta en servizo.

j) Desactivación dun sistema de intelixencia artificial: calquera medida destinada a impedir que un sistema de intelixencia artificial sexa utilizado.


k) Risco: a combinación da probabilidade de que se produza un dano e a gravidade dese dano.

l) Datos persoais: os datos persoais definidos no artigo 4, punto 1, do Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril.

m) Datos non persoais: datos distintos dos datos persoais definidos no artigo 4, punto 1, do Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril.


n) Actuación administrativa automatizada: calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa un empregado público, de conformidade co establecido no artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

o) Actuación administrativa semiautomatizada: aquela actuación para que o



sistema de información que pode ser producido por algoritmos xera unha previsión, recomendación ou borrador total ou parcial e que pode constituír fundamento ou apoio a un acto dun empregado público ou órgano administrativo.

p) Factoría de Intelixencia Artificial: ecosistema aberto formado en torno a un superordenador público no que conflúen recursos humanos e materiais esenciais para o desenvolvemento de modelos e aplicacións de intelixencia artificial. Entre estes recursos atoparanse os supercomputadores para intelixencia artificial, os centros de datos asociados adxacentes ou conectados a través de redes de alta velocidade e o capital humano para utilizar estes recursos de maneira eficaz, constituído tanto por expertos en supercomputación como especialistas en datos, investigadores, empresas emerxentes e usuarios finais.




CAPÍTULO II

Principios xerais

Artigo 5. *Principios para unha xestión responsable da intelixencia artificial*

1. Para a consecución dos fins enumerados na presente lei, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público adecuará a súa actuación e funcionamento cando deseñen, adquiran, implementen ou empreguen sistemas de intelixencia artificial aos principios xerais recollidos no presente capítulo, así coma os demais requisitos e principios exixidos na correspondente normativa europea e estatal que lle resulte de aplicación.
2. En particular, no suposto de sistemas de intelixencia artificial de alto risco e modelos de intelixencia artificial de uso xeral serán de aplicación os principios e requisitos recollidos no Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial.




Artigo 6. Boa administración dixital e dilixencia debida

1. O deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público farase con pleno respecto á boa administración, así como aos principios e dereitos contemplados na presente lei.


2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberá ser capaz de facilitar unha motivación comprensible das decisións propostas ou adoptadas nos procedementos administrativos nos que se empreguen sistemas de intelixencia artificial, recollendo, como mínimo, o marco xurídico de referencia, os criterios aplicados, os datos empregados e as características do propio sistema de intelixencia artificial.

3. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberá ser capaz de identificar, rastrexar e xestionar de forma activa os riscos relacionados co deseño e implementación dos sistemas de intelixencia artificial coa participación, no seu caso, de todos os axentes públicos e privados.



Artigo 7. Auditabilidade, trazabilidade e explicabilidade

1. Os sistemas de intelixencia artificial deseñados ou empregados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma Galicia e o seu sector público deberán poder ser revisados en calquera momento do seu ciclo de vida co fin de comprobar o axuste ao establecido na presente lei e na normativa de aplicación.
2. As decisións que adopten tales sistemas deberán ser rastrexables.
3. Os sistemas de intelixencia artificial deseñados ou empregados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberán, de forma apropiada para o contexto e acorde ao estado da tecnoloxía, proporcionar información sinxela e fácil de entender sobre as fontes de datos/entradas, factores, procesos e/ou lóxica que levaron á predición, contido, recomendación ou decisión, para permitir aos afectados por un sistema de intelixencia artificial comprender o resultado. Así mesmo, deberán proporcionar información que permita a aqueles afectados negativamente por un sistema de intelixencia artificial cuestionar o seu resultado.




Artigo 8. *Transparencia*

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberá ofrecer no Portal de Transparencia e Goberno Aberto a información pertinente sobre a arquitectura e funcionamento dos sistemas de intelixencia artificial que desenvolva ou empregue na súa actividade, sen prexuízo das limitacións previstas no artigo 14 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no artigo 25 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. En particular, deberá indicar os procedementos administrativos nos que se empregan, especificando os datos que utilizan, os parámetros de funcionamento e precisión, o nivel de risco e o impacto dos seus resultados nos devanditos procedementos, en especial, se son ou non directamente decisorios dos mesmos.


3. Coidarase, especialmente, que esta información sexa facilmente accesible para persoas menores, maiores e grupos vulnerables.



Artigo 9. *Claridade*

1. A información publicada en virtude do principio de transparencia, ou notificada como consecuencia do dereito de acceso á información será facilitada nunha linguaxe clara que permita que todas as persoas, independentemente das súas capacidades ou da súa situación socioeconómica, comprendan o procedemento no que intervéñ un sistema de intelixencia artificial e os seus resultados.

2. Para o efectivo cumprimento do disposto no parágrafo anterior, recorrerase ao uso de expresións concisas e claras, ao emprego de estruturas lingüísticas efectivas, iconas estandarizadas e ao bo deseño dos documentos.



Artigo 10. Imparcialidade e ausencia de nesgos

Nos procesos de deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial adoptaranse as garantías necesarias aos efectos de mitigar calquera resultado discriminatorio ou calquera tipo de nesgo.



Artigo 11. *Seguridade e privacidade*

1. Nos procesos de deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberase garantir que os mesmos aseguren a integridade, confidencialidade, dispoñibilidade e autenticidade dos datos e da información tratada mediante o establecemento das oportunas medidas de seguridade, que garantan, ademais, que estes sistemas sexan seguros e resilientes fronte a terceiros que intenten explotar as súas vulnerabilidades.

2. Os datos persoais serán tratados consonte ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e na Lei Orgánica, 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como na restante normativa de aplicación, garantindo a seguridade e privacidade dende o deseño e por defecto e a aplicación dos principios reitores do tratamento de datos persoais. En particular, deberanse ter en conta no tratamento dos datos os principios de licitude, transparencia, lealdade, de limitación da finalidade, de minimización dos datos, de exactitude, de seguridade, de limitación do prazo de conservación e de responsabilidade proactiva.



Artigo 12. *Reserva de humanidade e de revisión humana*

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá empregar sistemas de intelixencia artificial tanto na súa actividade material ou técnica coma na adopción de actos administrativos formalizados, tanto de trámite coma resolutorios de acordo co sinalado no presente artigo e de conformidade co establecido na normativa europea e estatal de aplicación.

2. No caso de uso de sistemas de intelixencia artificial que sirvan de apoio ou fundamento para a adopción de actos ou decisións administrativas, adoptaranse as garantías necesarias aos efectos de mitigar calquera nesgo por parte do órgano competente resolutorio. En ningún caso, tales actuacións nas que se empreguen sistemas de intelixencia artificial constituirán de seu decisións ou actos administrativos sen validación polo titular do órgano competente.

3. Nos supostos de uso de sistemas de intelixencia artificial que sirvan para a adopción de actos administrativos formalizados, tanto de trámite coma resolutorios, de xeito automatizado sen intervención humana directa de acordo co establecido no artigo 76 de Lei 4/2019, do 17 de xullo, deberán tratarse de actos administrativos que non requiran dunha valoración subxectiva das circunstancias concorrentes ou dunha interpretación xurídica.

4. En caso contrario, non poderán realizarse actuacións administrativas automatizadas a través do uso de sistemas de intelixencia, agás que se cumpran todos os seguintes requisitos:

a) O órgano competente da actuación administrativa automatizada aprobará previamente e serán incorporadas na resolución conxunta á que se refire o artigo 76.4 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as instrucións administrativas que permitan concretar os requisitos necesarios para definir de forma detallada e inequívoca os casos ordinarios aos que resulte de aplicación.

b) O órgano competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico preparará o deseño tecnolóxico do sistema de intelixencia artificial no que se baseará a actuación administrativa automatizada, que respecte a norma correspondente reguladora do procedemento e as instrucións administrativas indicadas no apartado anterior, que non permita a alteración non supervisada do funcionamento do sistema ou modelo, e que proporcione información sinxela




e fácil de entender sobre o seu funcionamento para permitir aos afectados comprender e cuestionar o resultado.

5. Na regulación dos procedementos administrativos para a adopción de decisións administrativas automatizadas nas que se empreguen sistemas de intelixencia artificial preverase o momento, modo e alcance da intervención de persoas físicas para garantir o cumprimento dos principios e dereitos recollidos na presente lei.

En todo caso, nos casos nos que as decisións, previsións ou recomendacións xeradas por sistemas de intelixencia artificial teñan un impacto irreversible ou de difícil reversión, ou impliquen actuacións que poidan xerar riscos para a vida ou integridade física ou psicosocial dos individuos, será necesaria unha validación dunha persoa física no proceso decisorio, así como unha decisión humana final.


6. Sen prexuízo dos correspondentes recursos administrativos ou accións xudiciais, recoñecerase o dereito a presentar suxestións ou queixas relativas ao funcionamento dos propios sistemas de intelixencia artificial empregados pola Administración autonómica e o seu sector público. O procedemento ou canle para a presentación destas suxestións ou queixas será o previsto no artigo 16 da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración.



Artigo 13. *Proactividade e personalización*


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá deseñar procedementos xestionados a través de sistemas de intelixencia artificial no exercicio das súas funcións e competencias para satisfacer as necesidades das persoas sen necesidade de que estas formulen unha solicitude previa, o que se realizará de acordo co sinalado no artigo 25 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, en relación aos servizos proactivos personalizados que pode prestar a administración autonómica.

2. Así mesmo, procurarase que o deseño de tales procedementos permitan ofrecer á cidadanía prestacións e servizos de forma individualizada, atendendo ás características persoais, sociais e económicas de cada persoa, sempre que se apliquen as medidas adecuadas para a protección dos dereitos, liberdades e intereses lexítimos das persoas destinatarias.



Artigo 14. *Universalidade e accesibilidade*


A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público asegurará que o deseño, adquisición, implementación e uso dos sistemas de intelixencia artificial cumpre cos máis altos estándares de accesibilidade e de deseño para todos os usuarios que, de ser destinados a ter interaccións coa cidadanía, sexan accesibles a todas as persoas, independentemente das súas circunstancias persoais e socioeconómicas, establecendo as medidas oportunas para superar as fendas dixitais, en especial, as determinadas por razóns económicas, de idade e de discapacidade.



Artigo 15. *Fiabilidade e responsabilidade*


1. Todos os sistemas de intelixencia artificial empregados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberán contar coas debidas garantías que aseguren a máis alta probabilidade do seu bo funcionamento.

2. Os danos causados polos sistemas de intelixencia artificial deseñados ou empregados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, independentemente do seu grao de autonomía, deberán ser reparados integramente pola mesma de acordo co establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro e na Lei 39/2015, de 1 do outubro. O disposto anteriormente entenderase sen prexuízo da posibilidade de reclamar, no seu caso, aos provedores, de tales sistemas. En todo caso, estarase nestes extremos á normativa europea que resulte de aplicación.



Artigo 16. Avaliación do impacto nas persoas, na sociedade e no medio ambiente


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público establecerá procesos dirixidos a avaliar os posibles riscos asociados ao uso de sistemas de intelixencia artificial nos diversos ámbitos de aplicación. Esta avaliación deberá considerar a efectividade e seguridade, o uso de recursos e costes e o impacto organizativo, social, ético, legal e ambiental.
2. A finalidade de tales avaliacións de impacto será determinar, con anticipación suficiente, cales son os potenciais riscos que a implantación dun concreto sistema de intelixencia artificial pode implicar para os dereitos da cidadanía e a cohesión social, así como os mecanismos de mitigación ou compensación dos seus efectos sobre o medio ambiente.
3. As avaliacións de impacto clasificarán os riscos en función da súa gravidade e probabilidade e proporán medidas adecuadas para mitigar, atenuar ou compensar os mesmos de conformidade cos principios de capacidade técnica, proporcionalidade e suficiencia financeira.
4. O disposto nos apartados anteriores non afectará ás correspondentes avaliacións de impacto relativas a dereitos fundamentais para os sistema de intelixencia artificial de alto risco de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2024/1689, do 13 de xuño.



Artigo 17. *Avaliación continua*


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público deberá realizar avaliacións de forma continua dos sistemas de intelixencia artificial que empregue en resposta a cambios normativos, sociais e tecnolóxicos e aos coñecementos adquiridos no despregamento dos devanditos sistemas para asegurar a súa calidade e que as persoas afectadas reciban un trato xusto e non discriminatorio.

2. Así mesmo, avaliarase que eses sistemas empreguen enerxías renovables como fonte de enerxía, sexan eficientes no seu consumo e empreguen, sempre que sexa posible, recursos de orixe sostible.




Artigo 18. *Precaución*

No caso de que unha avaliación de impacto indique que o uso dun determinado sistema de intelixencia artificial puidera causar danos de moi difícil reparación ás persoas, á sociedade ou ao medio ambiente, deberá valorarse o abandono do uso dese sistema. Con esta finalidade, ponderarase se as vantaxes da súa utilización ou as desvantaxes da súa non utilización son ou non superiores aos eventuais danos que poida ocasionar.



Artigo 19. *Formación continua*


A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público velará porque os empregados públicos que interveñen ao longo do ciclo de vida dos sistemas de intelixencia artificial manteñan as capacidades precisas para que poidan garantir un debido uso dos mesmos.



Artigo 20. *Colaboración e transferencia*


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público promoverá mecanismos de colaboración público-público e público-privada para o desenvolvemento de ferramentas, tecnoloxías e servizos baseados en sistemas de intelixencia artificial.

2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público velará por que os coñecementos, técnicos, éticos e normativos, sobre sistemas de intelixencia artificial xerados sexan axeitadamente transferidos á sociedade.



Artigo 21. Capacidade técnica, proporcionalidade e suficiencia financeira

As obrigas establecidas na presente lei para a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público serán interpretadas de forma razoable á luz das solucións tecnolóxicas existentes relacionadas coa intelixencia artificial, do estado actual da técnica xeralmente recoñecido e das disponibilidades orzamentarias para o cumprimento das mesmas.




CAPÍTULO III

Dereitos da cidadanía

Artigo 22. Os dereitos da cidadanía

Os procesos de deseño, adquisición, implementación e uso de sistemas de intelixencia artificial desenvolvidos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público respectarán todos os dereitos recoñecidos ou atribuídos á cidadanía na presente lei e demais normativa europea e estatal de aplicación.



Artigo 23. *Transparencia e supervisión humana*

1. Toda persoa na que na súa relación coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público interveñan sistemas de intelixencia artificial terá dereito a:

a) Recibir a debida información, clara e comprensible con posibilidade do uso de iconas ou símbolos facilmente recoñecibles sobre:

1º. O carácter automatizado das interaccións e das decisións, en particular, a saber se está a interactuar cun sistema de intelixencia artificial.

2º. A configuración xeral do sistema, tipos de decisións, recomendacións ou predicións que se pretende facer e as consecuencias de seu uso para as persoas afectadas.

3º. A racionalidade e a lóxica do sistema de intelixencia artificial ou modelo de intelixencia artificial de uso xeral.

4º. A identificación da titularidade do sistema de intelixencia artificial ou modelo de intelixencia artificial de uso xeral.

5º. O grao de contribución ou participación do sistema de intelixencia artificial e do empregado público no proceso de toma de decisión, predición ou recomendación.

6º. As categorías de datos persoais utilizados polos sistemas de intelixencia artificial e a súa orixe ou fontes.

7º. As medidas de seguridade, de non discriminación e de fiabilidade adoptadas.


8º. O modo de exercitar o dereito á transparencia e supervisión humana, así como outros dereitos que lle asistan.

b) Recibir unha explicación da decisión tomada polo sistema de intelixencia artificial. As persoas afectadas por tales decisións poderán requirir unha explicación coa información debida respecto dos factores, criterios e procedementos que incidan nas devanditas decisións, previsións ou recomendacións, en particular sobre a ponderación dos criterios para a adopción da decisión no seu caso particular, o nivel de intervención humana na



adopción da decisión que lle afecta e os mecanismos por medio dos que pode reclamar contra a decisión adoptada.


c) Requirir a intervención dun empregado público no proceso de adopción dunha decisión por parte dun sistema de intelixencia artificial, cando a mesma produza efectos xurídicos ou impacte significativamente de modo similar nos seus intereses.



Artigo 24. *Igualdade*

Toda persoa na que na súa relación coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público interveña un sistema de intelixencia artificial terá dereito a:


- a) Que en ningún caso as limitacións técnicas ou orzamentarias poidan implicar a imposición de condicións nin requisitos que teñan como efecto directo ou indirecto algunha discriminación.
- b) Unha interacción co sistema de intelixencia artificial que garanta os principios de universalidade, accesibilidade, asequibilidade e calidade, velando pola defensa e non discriminación daqueles colectivos que necesiten unha especial protección por encontrarse en situación ou risco de exclusión.
- c) Obter un tratamento xusto e isonómico, a non ser discriminadas polos resultados ofrecidos polo sistema de intelixencia artificial e a obter a corrección de nesgos discriminatorios, directos ou indirectos.



Artigo 25. *Tutela*


Toda persoa que na súa relación coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público interveña un sistema de intelixencia artificial terá dereito a:

- a) Facer valer todos os dereitos en materia de protección de datos persoais que lle recoñece a lexislación vixente fronte ás decisións, previsións ou recomendacións efectuadas polo sistema de intelixencia artificial ou fronte ao propio funcionamento deste.
- b) Solicitar a revisión de decisións, previsións ou recomendacións efectuadas polo sistema de intelixencia artificial que produzan efectos xurídicos ou que impacten significativamente de modo similar, non só de actos decisorios senón tamén de actuacións materiais. A devandita solicitude poderase fundar nas deficiencias técnicas, como o uso de sistemas ou métodos imprecisos ou non confiables, na arbitrariedade das súas premisas ou dos resultados, no carácter discriminatorio das súas premisas ou dos resultados ou en calquera outra que conculque principios como o principio da boa fe.



Artigo 26. *Exercicio dos dereitos*

A esixencia do cumprimento dos principios reitores e dos dereitos previstos nesta Lei poderase efectuar individualmente ou de xeito colectivo por asociacións representativas de intereses supraindividuais.



TÍTULO I

Gobernanza e Planificación

CAPÍTULO I

Gobernanza

Artigo 27. Os órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos

1. As consellerías e as entidades instrumentais do sector público autonómico identificarán aos órganos promotores funcionais, dentro da súa estrutura, que se encargarán da definición funcional e do seguimento dos proxectos de intelixencia artificial.

2. As persoas titulares de tales órganos desempeñarán as seguintes funcións:

a) Identificar as necesidades funcionais no exercicio das súas funcións e competencias

b) Definir, de forma clara e obxectiva, as necesidades que se pretenden cubrir ou os problemas que se pretenden solucionar, en particular, fixando obxectivos específicos para acadalos.

c) Elaborar o informe do proxecto de intelixencia artificial, en colaboración co órgano responsable tecnolóxico.


d) Realizar o seguimento funcional do proxecto de intelixencia artificial e comunicar ao responsable tecnolóxico calquera incidencia do mesmo.

3. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico designará aos órganos responsables tecnolóxicos para cada consellería ou entidade instrumental que coordinarán xunto cos órganos promotores funcionais todos os proxectos de intelixencia artificial.

4. As persoas titulares de tales órganos responsables tecnolóxicos desempeñarán as seguintes funcións:



- a) Identificar a necesidade e oportunidade de implantar sistemas de intelixencia artificial avaliando os seus beneficios e riscos e as capacidades para a súa implementación.
- b) Establecer as características e especificacións técnicas dos sistemas de intelixencia artificial, así como o plan de xestión de datos.
- c) Elaborar o informe do proxecto de intelixencia artificial, en colaboración co órgano promotor funcional.
- d) Supervisar o adestramento dos sistemas de intelixencia artificial.
- e) Realizar o seguimento e control da implantación, mantemento, execución e, no seu caso, desactivación dos sistemas de intelixencia artificial.



Artigo 28. A Oficina de Intelixencia Artificial

1. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico contará dentro da súa estrutura organizativa cunha oficina coordinadora para a implantación de proxectos de intelixencia artificial que supervisará e apoiará as actuacións dos órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos indicados no artigo anterior no relativo á posta en marcha de sistemas de intelixencia artificial e que coordinará a implantación destes sistemas na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.

2. A persoa titular da Oficina de Intelixencia Artificial terá as seguintes funcións:

a) Analizar o informe do proxecto de intelixencia artificial, supervisando a necesidade e oportunidade de implantar o sistema de intelixencia artificial identificado polo órgano promotor e responsable tecnolóxico.


b) Apoiar aos órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos na identificación de oportunidades e na elaboración da documentación necesaria durante todo o proceso de definición e posta en marcha do proxecto de intelixencia artificial.

c) Supervisar os riscos relacionados coa implementación e uso dos sistemas de intelixencia artificial.

d) Identificar e asesorar de forma continua sobre as tendencias en intelixencia artificial que permitan definir e desenvolver iniciativas innovadoras en Galicia.

e) Coordinar a relación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público coas autoridades nacionais e internacionais competentes en materia de intelixencia artificial.


f) Calquera outra función que regulamentariamente se lle atribúa ou encomende.



Artigo 29. Comisión estratéxica para o asesoramento en intelixencia artificial

1. O titular da entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico poderá constituír unha comisión para a análise e valoración daqueles proxectos que polo seu nivel de risco, impacto ou complexidade teñan, ao seu xuízo, carácter estratéxico. A comisión poderá estar formada por autoridades, persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma e o seu sector público con competencias relacionadas coa natureza do proxecto ou coa intelixencia artificial, así como persoas expertas do ámbito científico e/ou académico para un asesoramento especializado. En particular, en canto ás autoridades que poderán formar parte serán as relacionadas con competencias en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, sustentabilidade financeira, impacto económico, asesoramento en dereito, inclusión social, enerxías renovables, sustentabilidade e innovación.

2. A comisión terá a natureza de grupo de traballo. O titular da entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico terá en conta o resultado dos estudos ou valoracións efectuados polo grupo de traballo aos efectos da adopción da súa decisión sobre o correspondente proxecto de intelixencia artificial.



Artigo 30. O Consello Galego de Intelixencia Artificial

1. Créase o Consello Galego de Intelixencia Artificial como un órgano colexiado de carácter estratéxico para o asesoramento e impulso en materia de intelixencia artificial na Comunidade Autónoma de Galicia adscrito á consellería competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

2. O Consello Galego de Intelixencia Artificial desenvolverá as seguintes funcións:

a) Coñecer a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial e os Programas sectoriais de Intelixencia Artificial e, se procede, formular observacións e suxestións.

b) Propoñer melloras na planificación, xestión e avaliación das políticas públicas en materia de intelixencia artificial.

c) Responder ás consultas que lle formulen e elaborar os informes que lle solicite a entidade instrumental con competencias en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

d) Identificar estratexias reguladoras eficaces do deseño e implementación de sistemas de intelixencia artificial a nivel nacional e internacional.

e) Identificar posibles barreiras e desafíos no deseño e implementación de sistemas de intelixencia artificial.

f) Calquera outra función que regulamentariamente se lle atribúa ou encomende.

3. O Consello Galego de Intelixencia Artificial terá a seguinte composición:

a) Presidente/a: o titular da entidade instrumental competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

b) Secretario/a: unha persoa designada pola persoa titular da entidade instrumental competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, actuará con



voz, pero sen voto.

c) Vogais:

1º. A persoa titular da área competente en materia de intelixencia artificial da entidade instrumental competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

2º. A persoa titular do órgano de dirección competente no relativo a sistemas e tecnoloxías da información no ámbito sanitario.

3º. A persoa titular da entidade instrumental con competencias en materia de innovación no ámbito sanitario.

4º. A persoa titular do órgano de dirección competente en materia de industria.

5º. A persoa titular da entidade instrumental competente en materia de promoción económica.

6º. A persoa titular do órgano de dirección competente en materia de Universidades.

7º. A persoa titular da entidade instrumental con competencias en materia de investigación e innovación.

8º. Unha persoa representante de cada unha das universidades públicas de Galicia.


9º. A persoa titular do órgano de dirección da Fundación Cesga.

10º. Unha persoa en representación dos Centros Tecnolóxicos de Galicia, a proposta por acordo entre eles.

11º. Unha persoa en representación da Asociación Clúster TIC de Galicia.

12º. Unha persoa proposta polo Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia.

13º. Unha persoa proposta polo Colexio Profesional de Enxeñería Técnica en Informática de Galicia.



14º. Unha persoa en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.

15º. Unha persoa en representación do Consello Galego de Economía Social


16º. A persoa que exerza como delegada de protección de datos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

4. No caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes que sexan designados.

5. O Consello adecuará o seu funcionamento ao previsto nesta lei, ao establecido respecto dos órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, e ao regulamento interno de funcionamento que, de ser o caso, se elabore.

6. Así mesmo, poderán asistir ás sesións do Consello Galego de Intelixencia Artificial, previa invitación do Presidente/a, os representantes daquelas entidades e organismos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que teñan relación relevante coas materias incluídas na orde do día.

7. As persoas que integran o Consello Galego de Intelixencia Artificial non percibirán ningunha remuneración polo exercicio das súas funcións no devandito órgano.




CAPÍTULO II

Planificación

Artigo 31. *Ordenación da planificación*

A planificación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público para o impulso e desenvolvemento da intelixencia artificial tanto no ámbito público como no ámbito privado levarase a cabo a través dos seguintes instrumentos:

- a) A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial.
- b) Os Programas Sectoriais de Intelixencia Artificial.
- c) Os Proxectos de Intelixencia Artificial.



Artigo 32. *Estratexia Galega de Intelixencia Artificial*

1. A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial terá por obxecto o establecemento dos obxectivos xerais e particulares que se pretendan acadar co seu desenvolvemento no ámbito da intelixencia artificial en Galicia nun período temporal definido. Así mesmo, procurará a coordinación da participación da Comunidade Autónoma de Galicia nos programas e estratexias nacionais e internacionais, asegurando ademais o aliñamento desta estratexia coas demais estratexias vixentes en materia de innovación e desenvolvemento tecnolóxico e promoverá a xestión, medición e avaliación dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos.

2. A elaboración da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial corresponderalle á entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. A súa aprobación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia.

3. A información básica que, de forma xeral, incluírá a Estratexia Galega de Intelixencia Artificial, así como a estruturación das súas bases e do seu desenvolvemento, será como mínimo a seguinte:

a) Unha análise da situación de partida dos principais aspectos e indicadores relacionados coa intelixencia artificial no contexto galego, e da súa relación con estes no ámbito estatal e internacional. Incluírase unha definición e caracterización do ecosistema galego de intelixencia artificial.

b) Os Programas Sectoriais de Intelixencia Artificial achegados polas diferentes consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio das súas competencias.

c) Os recursos humanos, materiais, técnicos e tecnolóxicos existentes e as súas posibilidades de evolución, actualización e expansión, así como as necesidades previsibles a este respecto no período previsto de duración da Estratexia, ou ata onde o horizonte temporal da prospección tecnolóxica poida permitir considerar con fiabilidade.

d) A proposta das estruturas de cooperación público-privada máis adecuadas para favorecer a consecución dos obxectivos da Estratexia de acordo coas estratexias e coas políticas que se promoverán no seu período de vixencia.



e) O financiamento previsto con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, as demais achegas estatais ou comunitarias e as de entidades de carácter público ou privado.

f) As posibilidades de concertación con outras estratexias e plans relativos de ámbito estatal ou internacional que, polos seus contidos ou polo seu contexto de desenvolvemento, resulten de interese para Galicia.


g) O aliñamento coas demais estratexias vixentes na Comunidade Autónoma en materia de innovación e desenvolvemento tecnolóxico

h) Os indicadores ou métodos para realizar o seguimento da execución e da eficacia dos Programas previstos, con indicación do alcance e do xeito en que esta información se vai difundir entre os axentes interesados e a sociedade en xeral.

i) Os resultados obtidos da execución de estratexias previas, en relación co nivel de cumprimento dos obxectivos previstos.

4. O período de vixencia da Estratexia será de cinco anos con carácter xeral. Non obstante, poderá establecerse un período de vixencia inferior, coa debida motivación das razóns que o xustifiquen.

5. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico promoverá un proceso participativo para a obtención de información e a redacción da Estratexia. Neste sentido, estableceranse os mecanismos necesarios para a achega de propostas e suxestións e a obtención de consensos nas grandes liñas de actuación.



Artigo 33. *Programas Sectoriais de Intelixencia Artificial*

1. As distintas consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia propoñerán os programas e as actuacións para a elaboración da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial.

2. A información básica que, de forma xeral, incluírá cada Programa Sectorial de Intelixencia Artificial, así como a estruturación das súas bases e do seu desenvolvemento, será como mínimo a seguinte:


a) Unha análise da situación de partida dos principais aspectos e indicadores relacionados do desenvolvemento da intelixencia artificial no concreto sector da actividade pública ou da actividade económica ou social que teñan como obxecto.

b) Os recursos humanos, materiais, técnicos e tecnolóxicos existentes e as súas posibilidades de evolución, actualización e expansión, no concreto sector da actividade pública ou da actividade económica ou social que teñan como obxecto.

c) O financiamento previsto con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, as demais achegas estatais ou comunitarias e as de entidades de carácter público ou privado.

d) Os indicadores ou métodos para realizar o seguimento da execución e da eficacia dos Programas previstos, con indicación do alcance e do xeito en que esta información se vai difundir entre os axentes interesados e a sociedade en xeral.

3. A proposta dos Programas Sectoriais de Intelixencia Artificial corresponderalle á consellería competente por razón da materia, coa colaboración da entidade instrumental do sector público galego con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.



Artigo 34. *Os Proxectos de Intelixencia Artificial*

1. Os Proxectos de Intelixencia Artificial definirán, para a súa execución, as características esenciais dun sistema de intelixencia artificial e as pautas específicas para o seu deseño, adquisición ou implementación.

2. Os Proxectos de Sistemas de Intelixencia Artificial terán, polo menos, o seguinte contido:


a) A identificación da necesidade e oportunidade de implantar un concreto sistema de intelixencia artificial, avaliando o seus beneficios e riscos e as capacidades para a súa implementación, no marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial e, de ser o caso, no marco concreto do Programa Sectorial de Intelixencia Artificial.

b) A definición das necesidades ou problemas que se pretende cubrir ou solucionar co sistema de intelixencia artificial, en particular, fixando obxectivos específicos e a forma para acadalos.

c) O establecemento das características e especificacións técnicas do sistema de intelixencia artificial, así como o plan de xestión de datos.

d) A determinación da forma de creación do sistema de intelixencia artificial, ben por deseño polos propios medios, ben por adquisición.

e) A cuantificación dos medios humanos, económicos e materiais necesarios para a posta en marcha do Proxecto.



TITULO II

Xestión e Colaboración

CAPÍTULO I

Da Xestión*Artigo 35. O Inventario de sistemas de Intelixencia artificial*

1. Todos os sistemas de intelixencia artificial empregados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público inscribíranse no Inventario de Sistemas de Intelixencia Artificial coa finalidade de mellorar a eficacia e eficiencia da actuación administrativa, así como a transparencia da mesma. Todo iso sen prexuízo da correspondente inscrición, no seu caso, na base de datos da UE para os sistemas de intelixencia artificial de alto risco de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024.

2. A xestión do Inventario de Sistemas de Intelixencia Artificial correspóndelle á entidade instrumental do sector público galego con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

3. O Inventario de Sistemas de Intelixencia Artificial reflectirá todo o ciclo de vida dos sistemas de intelixencia artificial, desde o seu deseño ata a súa desactivación.


4. Os datos inscritos no Inventario de Sistemas de Intelixencia Artificial serán públicos e agruparanse en dúas categorías: datos identificativos e datos de funcionamento e rendemento.

5. Os datos identificativos son todos aqueles que permiten coñecer, de forma xeral, a existencia, a finalidade, a actuación, os resultados, o responsable e os destinatarios dun sistema de intelixencia artificial. Estes datos serán obxecto de publicación, por capas, no portal web da entidade instrumental do sector público galego con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

6. Os datos de funcionamento e rendemento son todo aqueles que permiten coñecer, de forma específica, o funcionamento dun sistema de intelixencia



artificial, así como todos os fitos do seu ciclo de vida. Estes datos poderán ser consultados salvo que razóns da garantía para a efectividade do sistema, da súa seguridade ou dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial existentes o impidan.



Artigo 36. Os comisionados de Intelixencia Artificial

1. Os comisionados de Intelixencia Artificial velarán polo cumprimento dos principios e obrigas en materia de prevención, detección e eliminación de riscos e de resultados negativos da implementación de sistemas de intelixencia artificial polos órganos competentes no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

2. As persoas que desempeñen as funcións de comisionados de Intelixencia Artificial deberán ter coñecementos técnicos, xurídicos, éticos, de normas de seguridade e de toma de decisións automatizadas.

3. Os comisionados de Intelixencia Artificial desenvolverán as seguintes funcións:

a) Velar por un uso ético e responsable da intelixencia artificial.

b) Supervisar o deseño, desenvolvemento, implementación e uso dos sistemas de intelixencia artificial.

c) Asesorar e advertir sobre os riscos presentes e futuros do deseño, desenvolvemento e uso dos sistemas de intelixencia artificial.

d) Recibir as suxestións e queixas de irregularidades no deseño, desenvolvemento, implementación e uso dos sistemas de intelixencia artificial.

4. Con carácter previo á presentación dunha reclamación ou recurso ante o órgano competente, a persoa que se considere afectada poderá dirixirse ao comisionado correspondente do órgano ou entidade competente contra a que pretende reclamar. Neste caso, no prazo máximo de dous meses, o comisionado comunicará á persoa afectada se se vai proceder á adopción de medidas ao respecto.

O procedemento e canle para a presentación destas suxestións ou queixas, así como a contestación á persoa afectada, será o previsto no artigo 16 da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración.

Así mesmo, no caso que se presente un recurso ou reclamación ante o órgano competente, este dará traslado para informe ao comisionado.



CAPÍTULO II


Da cooperación interadministrativa e da colaboración público-privada

Artigo 37. A cooperación entre administracións públicas

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, a través da entidade instrumental con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, manterá unha constante comunicación e colaboración coa Oficina de Intelixencia Artificial na Unión Europea, coa Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial e con outros organismos análogos, nacionais ou internacionais, coa finalidade de intercambiar coñecementos e experiencias no campo da regulación e supervisión do deseño e implementación de sistemas de intelixencia artificial no eido das súas competencias.

2. Coa mesma finalidade, estableceranse vías de colaboración para compartir experiencias e boas prácticas coas entidades locais galegas, coas Universidades galegas e cos organismos estatutarios da Comunidade Autónoma.


3. A entidade instrumental con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico creará un espazo específico para facilitar o desenvolvemento colaborativo de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral entre diversas administracións públicas, nacionais e doutros estados membros da Unión europea.



Artigo 38. O repositorio de sistemas de Intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá poñer á disposición das demais administracións que operan na Comunidade Autónoma de Galicia, os sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral desenvolvidos polos seus servizos, exclusivamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, ou que fosen adquiridas a terceiros, sempre que teñan os dereitos de propiedade intelectual sobre os mesmos ou que alcancen un acordo co titular destes dereitos para tal fin.

2. A entidade instrumental con competencias no campo das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico publicará, a través do seu portal web, unha relación dos sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral aos que se refire o apartado anterior.



Artigo 39. Colaboración entre o sector público e o sector privado

1. A Administración Xeral e o seu sector público impulsará a colaboración público-privada para o desenvolvemento de Proxectos de intelixencia artificial.
2. A devandita colaboración, no marco da lexislación básica e autonómica de desenvolvemento, poderase instrumentar a través de mecanismos institucionais, como consorcios ou sociedades de economía mixta, e de mecanismos negociables, como convenios de colaboración ou contratos administrativos.



TÍTULO III


Procedemento para a definición e a posta en marcha de proxectos de intelixencia artificial na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público

CAPÍTULO I

Definición e aprobación de proxectos de intelixencia artificial

Artigo 40. A definición de proxectos de intelixencia artificial e a valoración dos seus riscos

1. No ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a definición dos proxectos de intelixencia artificial será iniciada conxuntamente polos órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos.
2. A devandita definición formalizarase nun informe do proxecto de intelixencia artificial. A entidade instrumental con competencias en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico elaborará unha guía sobre o contido mínimo e criterios a seguir para a elaboración do informe.
3. Os órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos darán traslado do informe do proxecto de intelixencia artificial á Oficina de Intelixencia Artificial, a cal formalmente acordará a iniciación da súa tramitación, salvo que da clasificación nivel de risco asociado ao sistema de intelixencia artificial ou modelo de intelixencia artificial de uso xeral se conclúa que se trata dun sistema ou modelo prohibido ou que estea presente un nivel de risco inaceptable, de conformidade coa regulación da Unión Europea. Neste suposto archivarase sen máis trámite a proposta de proxecto de intelixencia artificial.



Artigo 41. A elaboración do informe do Proxecto de intelixencia artificial

1. Os órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos serán os responsables de elaborar o informe do proxecto de intelixencia artificial.

2. O informe do proxecto de intelixencia artificial deberá conter, polo menos:

a) A identificación das necesidades funcionais a ser cubertas e unha definición clara e obxectiva dos problemas que se pretenden solucionar, en particular, establecendo os obxectivos específicos para acadalos.

b) A identificación da necesidade e oportunidade de deseñar ou adquirir, implementar e empregar sistemas de intelixencia artificial, avaliando os seus beneficios e riscos e as capacidades técnicas, humanas e económicas e de sustentabilidade para a súa posta en marcha e mantemento.


c) A relación de características e especificacións técnicas do sistema de intelixencia artificial proposto.

d) O conxunto de datos proposto para o adestramento, a validación e a proba, especificando se o mesmo contén unha combinación de datos persoais e non persoais, sinalando de xeito específico se se tratarían datos persoais de categoría especial, segundo o disposto no artigo 9.1. do Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril, así como un plan para a súa xestión.

e) A proposta inicial de medidas de seguridade a aplicar, en cumprimento do principio de seguridade desde o deseño consonte ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril e o disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.


f) A avaliación de impacto relativa aos dereitos fundamentais. No caso de tratarse dun sistema de intelixencia artificial de alto risco, seguirase o modelo de cuestionario elaborado pola Oficina Europea de Intelixencia Artificial de acordo coa normativa vixente de aplicación.

g) A coherencia e encaixe do proxecto de intelixencia artificial na Estratexia Galega de Intelixencia Artificial e no correspondente Programa Sectorial de Intelixencia Artificial.



Artigo 42. A aprobación de proxectos de intelixencia artificial

1. A Oficina de Intelixencia Artificial analizará o informe do proxecto de intelixencia artificial e emitirá proposta para a súa aprobación no prazo máximo dun mes dende a súa recepción. No caso de que entenda que existen cuestións a emendar, procederá á súa devolución aos órganos promotor funcional e responsable tecnolóxico para a súa mellora, acompañado dunha memoria explicativa dos puntos a corrixir ou completar. Tras a emenda, o informe someterase novamente á análise da Oficina de Intelixencia Artificial.
2. A persoa titular da entidade instrumental competente en materia das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico aprobará todos os proxectos de intelixencia artificial, previa proposta da Oficina de Intelixencia Artificial. A aprobación implicará que o proxecto de intelixencia artificial pasa á fase de deseño, desenvolvemento ou adquisición e implementación regulada no Capítulo II do presente Título.
3. O prazo máximo para ditar a resolución de aprobación será de dous meses, a contar desde a entrada do informe do proxecto de intelixencia artificial no rexistro do órgano competente para resolver. O proxecto entenderase denegado polo transcurso do prazo antedito sen que se teña ditado resolución expresa.




CAPÍTULO II

Deseño, desenvolvemento ou adquisición e implantación de sistemas de intelixencia artificial


Artigo 43. Deseño dos sistemas de intelixencia artificial

1. Tras a aprobación do proxecto de intelixencia artificial, o órgano responsable tecnolóxico procederá ao deseño do sistema de intelixencia artificial, coa colaboración da Oficina de Intelixencia Artificial.
2. O deseño do sistema de intelixencia artificial ten como finalidade definir as súas especificacións técnicas. Como mínimo, este conterá información sobre a tipoloxía de datos a empregar e un plan para a súa xestión; os algoritmos e modelos que o conforman; o deseño da súa arquitectura; a interface de usuario e as especificacións relativas á mitigación de riscos.
3. O deseño do sistema de intelixencia artificial documentarase seguindo os procedementos e estándares definidos pola entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
4. Cando o sistema de intelixencia artificial teña por finalidade a adopción de actos administrativos automatizados, o deseño do sistema de intelixencia artificial recollerá os requisitos esixidos polo artigo 41.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e polo artigo 76 da Lei 4/2019, do 17 de xullo.




Artigo 44. Desenvolvemento dos sistemas de intelixencia artificial

1. O desenvolvemento do sistema de intelixencia artificial levarase a cabo seguindo os procedementos e estándares definidos pola entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
2. O desenvolvemento deberá garantir o cumprimento das especificacións técnicas recollidas no artigo 43, especialmente aquelas relacionadas coa mitigación de riscos.




Artigo 45. Procedemento para a adquisición dos sistemas de intelixencia artificial

1. A adquisición de sistemas de intelixencia artificial realizarase conforme o previsto na normativa de aplicación correspondente segundo os distintos modos de adquisición que, no caso de procedementos de adquisición por compra, será a normativa básica estatal e autonómica en materia de contratación pública. En particular, procurarase a elección de modalidades de contratación pública de innovación.
2. Os sistemas de intelixencia artificial adquiridos deberán contar coas certificacións e selos esixidos pola normativa vixente.
3. De forma adicional, o sistema de intelixencia artificial adquirido deberá cumprir as especificacións técnicas recollidas no artigo 43, especialmente aquelas relacionadas coa mitigación de riscos.



Artigo 46. Adestramento, validación e proba dos sistemas de intelixencia artificial

1. O órgano responsable tecnolóxico levará a cabo o adestramento do sistema de intelixencia artificial, co fin de axustar os parámetros obxecto de aprendizaxe do mesmo, así como a validación do sistema adestrado, co fin de realizar unha avaliación do seu resultado de aprendizaxe e axustar os parámetros non susceptibles de ser aprendidos.
2. O órgano promotor funcional levará a cabo a proba do sistema de intelixencia artificial, co fin de confirmar o rendemento agardado do sistema antes da súa activación.



Artigo 47. O plan de xestión de datos

1. O órgano responsable tecnolóxico velará pola realización das verificacións e accións necesarias co fin de asegurar que os conxuntos de datos a utilizar para o adestramento, a validación e a proba están estruturados e documentados da maneira máis completa posible de acordo coas mellores prácticas.

2. Con tal fin, elaborárase un plan de xestión de datos co obxectivo de facilitar a xestión da información ao longo de todo o seu ciclo de vida, desde a creación ou recepción dos datos, ata a súa análise, pasando pola súa organización, limpeza e preservación.

3. O plan de xestión de datos deberá conter, polo menos, os seguintes aspectos:

a) O manexo de datos durante e despois do final do proxecto.

b) Os datos que se recompilarán, procesarán e/ou xerarán.


c) A calidade dos datos a empregar no proxecto.

d) As metodoloxía e estándares que se aplicarán na xestión dos datos.

e) A posibilidade de compartir os datos en acceso aberto.

f) O procedemento de curado e conservación dos datos, incluso despois da finalización do proxecto.

g) O procedemento de anonimización, se procede.




Artigo 48. Activación, mantemento e avaliación continua dos sistemas de intelixencia artificial

1. Unha vez probado o sistema de intelixencia artificial, o órgano responsable tecnolóxico procederá á súa activación e posta en funcionamento.
2. O órgano promotor funcional e o órgano responsable tecnolóxico levarán a cabo a avaliación continua do rendemento do sistema de intelixencia artificial e dos riscos relacionados co seu uso.
3. O procedemento de avaliación continua será definido pola entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, quen elaborará unha guía sobre o contido mínimo e criterios a seguir para a elaboración do informe.
4. A Oficina de Intelixencia Artificial levará a cabo a supervisión da avaliación continua.



Artigo 49. *Espazos controlados de probas*

1. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico dotarase de espazos de probas controladas, simulando contornas de uso real, nas que se poderán desenvolver, adestrar, probar e validar sistemas de intelixencia artificial antes de ser empregados pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, para garantir a máxima calidade e seguridade dos mesmos, así como para asegurar o cumprimento óptimo dos principios xerais recollidos na presente lei.
2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público velarán por que, na medida en que os sistemas de intelixencia artificial impliquen o tratamento de datos persoais, a autoridade competente en materia de protección de datos estea vinculada ao funcionamento do espazo controlado de probas.




TÍTULO IV

O uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral


Artigo 50. O alcance do uso de sistemas de intelixencia artificial na toma de decisións: actuacións administrativas automatizadas e semiautomatizadas

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá adoptar actos administrativos, de forma automatizada e sen a intervención directa dun empregado público, mediante sistemas de intelixencia artificial, no marco dun procedemento administrativo, cando exerzan potestades regradas e, excepcionalmente, potestades discrecionais, no caso de que a marxe de discrecionalidade se esgotase previamente no deseño do sistema de intelixencia artificial.
2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá apoiar a súa toma de decisións nas previsións ou recomendacións emitidas por sistemas de intelixencia artificial.




Artigo 51. Guías para o uso de sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral

A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico elaborará e actualizará de forma continua as oportunas guías que terán como finalidade facilitar o cumprimento da presente lei, en particular, garantir o bo deseño, implementación e uso dos sistemas de intelixencia artificial.




Artigo 52. *Ferramentas de autodiagnose*

A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico desenvolverá os instrumentos tecnolóxicos necesarios que permitan avaliar, de xeito continuado, o correcto cumprimento dos principios xerais sobre os sistemas de intelixencia artificial recollidos na presente lei por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.



Artigo 53. As respostas fronte ao fallo dun sistema de intelixencia artificial

1. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico desenvolverá un protocolo de reacción inmediata no caso de que detecte un posible fallo no funcionamento dun sistema de intelixencia artificial.
2. Este protocolo basearase nos seguintes principios de recurso inmediato á revisión humana, celeridade na adopción de resolucións e minimización das repercusións dos fallos e dos prexuízos derivados dos mesmos.



TÍTULO V

Das medidas para o impulso da intelixencia artificial en Galicia

CAPÍTULO I


Medidas económicas e fiscais*Sección 1ª Medidas de impulso en materia de política industrial***Artigo 54. Plans directores dos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia**

Na elaboración dos Plans directores dos distintos sectores industriais previstos no Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, analizarase o potencial da intelixencia artificial no desenvolvemento da actividade industrial no sector concreto que corresponda e, de ser o caso, terase en conta na definición das medidas de impulso que os ditos plans inclúan.




Artigo 55. Proxectos industriais estratéxicos

Aos efectos do requisito establecido na letra c) do artigo 78 do Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, considerarase que os proxectos que teñan relación directa coa intelixencia artificial pertencen a un sector estratéxico aliñado cos obxectivos da Unión Europea.



Artigo 56. *Proxectos empresariais singulares*


Para os efectos do cumprimento dos requisitos exixidos para a determinación dos proxectos empresariais singulares, considerarase o sector da intelixencia artificial como de especial importancia, para os efectos da valoración da concorrencia das circunstancias previstas no artigo 75.1.a) da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.



Sección 2ª Medidas de impulso en materia de transición enerxética

Artigo 57. Transición enerxética


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público no ámbito das súas competencias e nun contexto dunha transición enerxética, xusta, integradora e de loita contra o cambio climático, promoverá o uso da intelixencia artificial nos proxectos de xeración, distribución e almacenamento de enerxía a partir de fontes renovables, así como proxectos que promovan tanto o aforro e a eficiencia enerxética como a óptima xestión dos recursos enerxéticos, na medida na que o seu uso facilite a consecución de impactos socioeconómicos positivos no territorio e contribúa a alcanzar os obxectivos de descarbonización e neutralidade climática fixados nos plans, programas e estratexias de transición elaborados pola Unión Europea, a Administración Xeral do Estado e o propia Administración autonómica.
2. Asemade, dada a necesidade de fornecer de materiais como base para a creación de tecnoloxía verde que propicie a transición enerxética, promoverase por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, no ámbito das súas competencias, o emprego da intelixencia artificial nos proxectos relacionados coa investigación e abastecemento de materias primas estratéxicas, de xeito seguro, resiliente e sostible, garantindo ao mesmo tempo un elevado nivel de protección do medio ambiente.
3. A tal fin, nas convocatorias de subvencións en réxime de concorrencia competitiva realizadas pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público que teñan relación co proceso de transición enerxética ou coa investigación e abastecemento de materias primas estratéxicas poderase establecer, sempre que sexa posible, nas bases da convocatoria un criterio de valoración específico que pondere positivamente o emprego da intelixencia artificial cando implique unha mellora da eficiencia do proxecto.



Sección 3ª Medidas de impulso empresarial, emprendemento e investimento


Artigo 58. Promoción do ecosistema empresarial de intelixencia artificial

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, co fin de impulsar e promover a intelixencia artificial e o seu ecosistema, poñerá ao órgano responsable da xestión dos instrumentos previsto na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia como canle única á disposición das empresas que desenvolvan e impulsen as novas tecnoloxías e a intelixencia artificial. Este órgano facilitará, a través do seu sistema de atención ao investimento, un marco de apoios económicos específicos para as empresas tecnolóxicas que fomenten o desenvolvemento da intelixencia artificial en Galicia, en coordinación cos demais axentes do ecosistema.
2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público creará un sistema de vixilancia tecnolóxica en intelixencia artificial para as empresas en colaboración cos European Digital Innovation Hubs estratéxicos, co fin de impulsar o desenvolvemento tecnolóxico endóxico da intelixencia artificial para a súa comercialización nacional e internacional e a aplicación nos sectores económicos emerxentes e tradicionais.
3. Así mesmo, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público apoiará a fabricación intelixente, a automatización e modernización de procesos das empresas a través da intelixencia artificial e impulsará a posta en marcha de novos centros de fabricación avanzada e infraestruturas estratéxicas en materia de intelixencia artificial.




Artigo 59. Apoio á actividade emprendedora en intelixencia artificial

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, co fin de impulsar o ecosistema de emprendemento innovador, creará programas de incubación, aceleración e consolidación de startups en intelixencia artificial e deep tech.



Artigo 60. Fomento do investimento en solucións de intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público, co fin de impulsar investimento en intelixencia artificial, deseñará novos instrumentos financeiros que fomenten o investimento empresarial en solucións de intelixencia artificial e tecnoloxías emerxentes.
2. En particular, crearase un fondo de participación en empresas que desenvolvan en Galicia sistemas de intelixencia artificial a través da sociedade mercantil pública autonómica da Xunta de Galicia con competencia na materia.



Sección 4ª Medidas fiscais

Artigo 61. Incentivos fiscais

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público promoverá medidas normativas nos tributos nos que a Comunidade Autónoma de Galicia teña atribuídas competencias, orientadas a unha redución dos custos fiscais que teñan que afrontar as empresas innovadoras no ámbito da intelixencia artificial que se instalen en Galicia, así como beneficios fiscais para as persoas que invistan nas ditas empresas ou en proxectos de Intelixencia artificial.



CAPÍTULO II

Medidas en materia de I+D+i

Artigo 62. Fomento da investigación e innovación no ámbito da intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público fomentará un ecosistema galego de investigación e innovación en materia de intelixencia artificial no que o talento investigador, as empresas emerxentes e as pequenas e medianas empresas poidan traballar en estreita colaboración cos usuarios industriais, atraer investimentos para a Comunidade Autónoma de Galicia e ter acceso aos principais compoñentes da intelixencia artificial de maneira fiable e accesible, que funcione para a cidadanía, que respecte os dereitos fundamentais, a democracia e a seguridade e na que confíen as empresas e os consumidores.

2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público apoiará os avances algorítmicos que sexan fiables, en consonancia coa normativa europea, estatal e autonómica, en particular poñendo a disposición fondos de apoio á I+D+i para promover o uso responsable desta tecnoloxía.

3. Así mesmo, os organismos de investigación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverán e apoiarán o uso responsable da intelixencia artificial nas actividades de investigación.

En particular, facilitarán formación especialmente sobre a verificación dos resultados, o mantemento da privacidade, o tratamento dos negos e a protección dos dereitos de propiedade intelectual. Así mesmo, proporcionarán apoio e directrices para garantir o cumprimento dos requisitos éticos e legais.

4. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e aquelas entidades instrumentais do sector público autonómico que financien a investigación e a innovación deseñarán os seus instrumentos de financiamento de forma favorable ao uso responsable e ético das tecnoloxías de intelixencia artificial nas actividades de investigación e exixirán que a investigación financiada e os seus beneficiarios se axusten á lexislación autonómica, nacional, comunitaria e internacional vixente e ás boas prácticas para un uso de intelixencia artificial responsable.




Artigo 63. *Ecosistema de intelixencia artificial de Galicia*

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público promoverá un ecosistema emerxente de investigación e innovación en intelixencia artificial como unha contorna que inclúa a todos os actores, infraestruturas, dinámicas de colaboración e factores necesarios para fomentar o desenvolvemento, a adopción e o uso responsable desta tecnoloxía.

A entidade instrumental con competencias no campo das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico creará o Mapa do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia, identificando aos axentes que operan na Comunidade Autónoma de Galicia investindo, deseñando, creando ou operando con solucións de intelixencia artificial innovadoras.


2. A entidade instrumental con competencias no campo das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico promoverá fórmulas de colaboración cos axentes identificados no Mapa do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia.

3. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público impulsará a participación do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia nos ecosistemas promovidos polas autoridades nacionais e internacionais competentes.



Artigo 64. Grandes infraestruturas de supercomputación para o desenvolvemento do ecosistema de intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público impulsará a dotación e mellora das grandes infraestruturas de supercomputación para o desenvolvemento do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia.
2. En particular, impulsará modelos de colaboración e acceso ás infraestruturas tecnolóxicas do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), infraestrutura científico-técnica singular (ICTS), para o ecosistema de investigación e innovación en materia de intelixencia artificial, compatibles cos compromisos de dispoñibilidade de uso vinculados ao seu carácter de ICTS, a súa pertenza a consorcios nacionais ou internacionais, ou outros condicionantes de financiamento destas infraestruturas.
3. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público promoverá sinerxías coa Empresa Común Europea de Computación de Alto Rendemento (EuroHPC) e con outras iniciativas de supercomputación a nivel europeo co obxectivo de manterse á vangarda no acceso ás principais iniciativas, proxectos e grandes infraestruturas de supercomputación e intelixencia artificial.



Artigo 65. *Espazos de datos*

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público desenvolverá espazos de datos dentro dunha contorna de soberanía, confianza e seguridade, mediante mecanismos integrados de gobernanza, organizativos, normativos e técnicos, que garantan que os datos sexan fáciles de encontrar, accesibles, interoperables e reutilizables, conforme ao establecido no Regulamento 2022/868, do 30 de maio de 2022, relativo á gobernanza europea de datos e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2018/1724 e demais normativa vixente de aplicación.


2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público facilitará o acceso a conxuntos de datos de alta calidade e mellorará a súa dispoñibilidade para o ecosistema de intelixencia artificial de Galicia, en particular, para as empresas emerxentes e a comunidade científica e de innovación.



Artigo 66. *Factorías de intelixencia artificial*

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público impulsará a posta en marcha de factorías de intelixencia artificial ou outras iniciativas similares en torno ás infraestruturas tecnolóxicas do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), que englobarán a capacidade informática e os servizos de supercomputación, así como actividades para atraer talento a gran escala orientadas a potenciar sectores estratéxicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Tales iniciativas fomentarán a colaboración público-privada entre os diferentes axentes do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia.

2. Co fin de fomentar o posterior desenvolvemento e a capacidade de ampliación do ecosistema de intelixencia artificial, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público seguirá apoiando a mellora das infraestruturas tecnolóxicas do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e definirá os protocolos de acceso aos axentes do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia, en particular ás empresas emerxentes, ás pequenas e medianas empresas e á comunidade científica e de innovación, que necesiten adestrar sistemas de intelixencia artificial e modelos de intelixencia artificial de uso xeral.




Artigo 67. Espazos controlado de probas para o tecido investigador e empresarial

1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá dotar de espazos controlados de probas ao tecido investigador e empresarial, simulando contornas de uso real, nos que se poderán desenvolver, adestrar, probar e validar os sistemas de intelixencia artificial, de acordo co establecido no artigo 57.2 do Regulamento (UE) 2024/1689, do 13 de xuño.

2. Estes espazos estarán á disposición das empresas e organizacións que desenvolvan sistemas de intelixencia artificial en Galicia, así como daquelas outras entidades que queiran desenvolver, adestrar, probar e validar os sistemas existentes, simulando contornas de uso real no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

3. Regulamentariamente, estableceranse as características destes espazos, que poderán ser xestionados directa ou indirectamente, coa colaboración de entidades do ecosistema de intelixencia artificial de Galicia ou doutras entidades privadas, polo organismo do sector público galego con competencias no campo das tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, de conformidade co establecido nos artigos 58 e 59 do Regulamento (UE) 2024/1689, do 13 de xuño.




Artigo 68. Compra pública estratéxica de Intelixencia artificial

1. Co fin de acelerar o desenvolvemento, ensaio e implantación de solucións innovadoras baseadas na intelixencia artificial, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá empregar contratos públicos que teñan por obxecto o deseño, desenvolvemento e, no seu caso, a adquisición deste tipo de solucións para a mellora dos servizos públicos e actuar como usuario pioneiro de ditos sistemas.

Tales contratos poderán adxudicarse por calquera dos procedementos previstos na lexislación básica en materia de contratación pública e, no seu caso, polas modalidades de contratación pública de innovación cando así se xustifique. En particular, atenderase ao procedemento de asociación para a Innovación que permitirá a adquisición ulterior das solucións innovadoras sempre que se acaden os niveis de rendemento e se respecten os custos máximos acordados entre o órgano de contratación e os participantes.

2. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá cooperar con outras administracións que non teñan os coñecementos e recursos necesarios para poñer en marcha este tipo de procedementos de contratación. En particular, a entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, poderá dar apoio mediante a colaboración na preparación e definición de especificacións técnicas e/ou no deseño dos proxectos.

3. Así mesmo, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público poderá acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas con outras administracións para impulsar o desenvolvemento e uso da intelixencia artificial na mellora da prestación de servizos públicos no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta contratación conxunta esporádica poderá consistir, entre outras formas, nunha contratación coordinada mediante a preparación de especificacións técnicas comúns de obras, servizos ou subministracións que vaian ser contratados por varios poderes adxudicadores, seguindo cada un deles un procedemento de contratación independente ou ben, asumindo a xestión do procedemento de contratación en nome de todos os poderes adxudicadores que participen no acordo. A dita colaboración se formalizara a través de acordos de contratación conxunta no que se recollerá, entre outros aspectos, a responsabilidade das partes de conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. No caso de




financiamento conxunto destes contratos, os acordos precisarán os compromisos alcanzados, as cantidades obxecto de financiamento por cada un deles, a orde de aboamento das achegas, a forma en que serán obxecto de achega ao órgano de contratación que se ocupa da adxudicación e formalización do contrato ou a forma de pagamento ao contratista polos órganos financiadores.

4. Coa finalidade de promover un uso responsable e ético da intelixencia artificial a través dos contratos públicos, a entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, coa asistencia da Asesoría Xurídica Xeral e da Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia elaborarán un catálogo de cláusulas segundo o nivel de risco dos sistemas de intelixencia artificial para incorporar nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas empregados polo sector público autonómico que teñan por obxecto o deseño, desenvolvemento e, no seu caso, a adquisición deste tipo de solución innovadoras en materia de intelixencia artificial.


Entre outros aspectos, as devanditas cláusulas garantirán:

- a) O mantemento de rexistros de eventos polos sistemas de intelixencia artificial.
- b) A adopción de medidas axeitadas de transparencia, de supervisión humana e de altos niveis de precisión, robustez, seguridade e ciberseguridade.
- c) A inclusión de interfaces que permitan a efectiva supervisión do mesmo por persoas físicas.
- d) A obriga de explicar, en todo momento, sobre como un sistema de intelixencia artificial ten chegado a un resultado concreto, de conformidade co estado da tecnoloxía.
- e) O deber de non empregar os datos recibidos para fins alleos ao contrato.
- f) A entrega dunha documentación técnica detallada que conteña a descrición xeral do sistema de intelixencia artificial, así como dos seus elementos e do seu proceso de desenvolvemento.
- g) A posta á disposición de instrucións de uso detalladas.



h) A vixencia do principio de responsabilidade ao longo do ciclo de vida do sistema de intelixencia artificial, precisando a quen e en que circunstancias se lle atribúen os erros ou fallos derivados do uso ou resultados do sistema de intelixencia artificial.

5. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, en colaboración coa Asesoría Xurídica Xeral, a Secretaría da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público competentes en materia de formación dos empregados públicos impulsará formación especializada nesta materia e, no seu caso, aos operadores económicos, especialmente as pequenas e medianas empresas, que interveñan neste tipo de procedementos de contratación.




CAPÍTULO III

Medidas de formación e capacitación

Artigo 69. A formación e capacitación dos empregados públicos en materia de intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público habilitará os medios necesarios para garantir o acceso á capacitación inicial e formación continua dos empregados públicos, de acordo coas características dos seus postos de traballo, para o desenvolvemento das súas competencias en relación cos sistemas de intelixencia artificial e co uso eficiente dos mesmos na prestación dos servizos públicos.

2. A capacitación inicial e a formación continua dos empregados públicos en materia de intelixencia artificial, ademais de comprender os aspectos técnicos, ten que abranguer os aspectos éticos e legais do emprego dos mesmos.



Artigo 70. O apoio na formación e capacitación do tecido produtivo en materia de intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público promoverá accións formativas das persoas traballadoras en materia de intelixencia artificial e promoverá medidas de apoio ás empresas e ás entidades do terceiro sector que despreguen plans de capacitación e formación na materia.
2. Impulsaranse programas de actualización profesional para permitir ás persoas traballadoras adaptarse aos cambios nas súas funcións ou pasar a novas funcións que requiran competencias diferentes.
3. Entre os contidos da oferta formativa para persoas desempregadas incluírase a formación en intelixencia artificial para asegurar a adaptación ao cambio de competencias necesarias nos postos de traballo.



Artigo 71. A formación universitaria e profesional en materia de intelixencia artificial


1. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público impulsará actividades de formación, capacitación e actualización profesional no ámbito da intelixencia artificial, por exemplo, apoiando programas de mestrado e doutoramento específicos e, en particular, animando á participación das mulleres.

2 . A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público fortalecerá o talento en Galicia en materia de intelixencia artificial mediante o desenvolvemento e a integración de capacidades de intelixencia artificial con habilidades sectoriais específicas, ademais de promover a atracción e retención de talento especializado nesta materia.



Artigo 72. A formación da cidadanía para a loita contra os riscos dos sistemas de intelixencia artificial

1. A Administración autonómica adoptará medidas para a alfabetización da sociedade galega en materia de intelixencia artificial baseadas na aprendizaxe, uso e aplicación de ferramentas de intelixencia artificial, promovendo o desenvolvemento de capacidades emprendedoras, creativas, sociais e culturais.
2. Así mesmo, adoptará medidas para concienciar ás persoas sobre os malos usos dos sistemas de intelixencia artificial e as formas de contrarrestalos para asegurar unha sociedade consciente, cunha opinión pública axeitadamente informada.




Disposición adicional única. *Atribución de funcións dos comisionados de intelixencia artificial*

As funcións dos comisionados na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público serán desempeñadas polas persoas delegadas de protección de datos. A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico en colaboración coas entidades instrumentais do sector público competentes en materia de formación dos empregados públicos impartirán cursos de formación específicos na materia aos efectos da súa capacitación.



Disposición transitoria única. *Identificación e rexistro de sistemas de intelixencia artificial existentes*


A entidade instrumental do sector público competente en materia de tecnoloxías da información e da comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico realizará unha identificación dos sistemas de intelixencia artificial existentes na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu sector público e procederá ao seu rexistro no Inventario ao que se refire o artigo 35.



Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*


Engádesse o apartado d) ao artigo 8 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno , coa seguinte redacción:

"d) A relación de sistemas de intelixencia artificial ou modelos de Intelixencia artificial de uso xeral que teñan impacto nos procedementos administrativos ou na prestación dos servizos públicos coa descrición de maneira comprensible da súa arquitectura e funcionamento, datos que utilizan, o nivel de risco que implican e o impacto dos seus resultados nos procedementos administrativos, en especial, se son ou non directamente decisorios dos mesmos."




Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario*

Autorízase ao Consello da Xunta para ditar as disposicións para o desenvolvemento regulamentario desta lei.



Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.






Diego Calvo Pouso
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de decembro de 2024.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e praxe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,



CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dous de decembro de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o Proxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a dous de decembro de dous mil vinte e catro.

Vº. e Praxe:
O PRESIDENTE



**PROXECTO DE LEI DE SERVIZOS DOS MEDIOS PÚBLICOS DE
COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DE GALICIA PARA A SOCIEDADE DIXITAL**



Exposición de motivos

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia e acordo de prestación

Artigo 3. Ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

TÍTULO II

Misión e principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

CAPÍTULO I

Misión do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 4. Misión

Artigo 5. Servizos informativos

Artigo 6. Impulso da produción propia

Artigo 7. Uso da lingua

Artigo 8. Procesos electorais

Artigo 9. Dereito de acceso.

Artigo 10. Alfabetización mediática e dixital

Artigo 11. Fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente



CAPÍTULO II

Principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 12. Principios

Artigo 13. Principio de respecto da dignidade humana e os valores constitucionais e estatutarios

Artigo 14. Principio de universalidade no acceso ao servizo

Artigo 15. Principio de veracidade da información

Artigo 16. Principios de independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade

Artigo 17. Principios de innovación e excelencia

TÍTULO III

Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 18. Natureza xurídica

Artigo 19. Réxime xurídico

Artigo 20. Medios para a prestación do servizo

Artigo 21. Cooperación

Artigo 22. Operacións de fusión e escisión, e disolución

CAPÍTULO II

Organización

Sección 1ª. Órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Artigo 23. Órganos

Sección 2ª. Consello de Administración



Artigo 24. Definición e composición

Artigo 25. Elección e nomeamento dos membros do Consello de Administración

Artigo 26. Experiencia profesional acreditada e recoñecido prestixio

Artigo 27. Duración do mandato

Artigo 28. Cesamento

Artigo 29. Estatuto persoal

Artigo 30. Competencias e funcións

Artigo 31. Presidencia

Artigo 32. Secretaría

Artigo 33. Funcionamento

Sección 3ª. Dirección Xeral

Artigo 34. Definición, elección e nomeamento

Artigo 35. Duración do mandato

Artigo 36. Cesamento

Artigo 37. Estatuto persoal

Artigo 38. Competencias e funcións

Sección 4ª. Comisión de Economía e Control

Artigo 39. Comisión de Economía e Control

Sección 5ª. Consello Asesor de Participación Social e Profesional

Artigo 40. Definición

Artigo 41. Composición

Artigo 42. Funcións

Artigo 43. Réxime de funcionamento



CAPÍTULO III

Persoal

Artigo 44. Membros do Consello de Administración

Artigo 45. Persoal de alta dirección e persoal directivo profesional

Artigo 46. Persoal laboral

Artigo 47. Persoal de natureza artística

CAPÍTULO IV

Concreción da misión de servizo público

Artigo 48. Mandato estratéxico

Artigo 49. Contrato plurianual de xestión

Artigo 50. Autorregulación e corregulación

CAPÍTULO V

Réxime económico

Artigo 51. Sistema de financiamento

Artigo 52. Recurso ao endebedamento

Artigo 53. Separación estrutural de actividades e sistema de contabilidade analítica

Artigo 54. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro

Artigo 55. Contas anuais e auditoría externa

Artigo 56. Patrimonio

CAPÍTULO VI

Control externo

Artigo 57. Control parlamentario



Artigo 58. Control pola autoridade audiovisual

Artigo 59. Control polo Consello de Contas

Disposición adicional primeira. Garantía do cumprimento dos principios e criterios de nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Disposición adicional segunda. Garantía da constitución e renovación en prazo dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Disposición derradeira segunda. Cambio da denominación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., e adaptación dos estatutos sociais a esta lei

Disposición derradeira terceira. Primeira elección conforme o establecido por esta lei dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Disposición derradeira cuarta. Primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Disposición derradeira quinta. Habilitación normativa

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor




Exposición de motivos

I

O artigo 34.3 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que, no marco das normas básicas do Estado, a comunidade autónoma pode regular, crear e manter a súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, todos os medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins. Con base nesta competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que permitiu a posta en marcha e a consolidación duns medios públicos de comunicación audiovisual que teñen contribuído de modo innegable á normalización da lingua galega, ao reforzamento da identidade do pobo galego, á promoción da cultura galega e ao desenvolvemento do sector audiovisual en Galicia.

A primeira lei reguladora da radio e a televisión de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia foi substituída, nun contexto tecnolóxico e normativo moi mudado, pola ata agora vixente Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. Esta lei unificou os tres entes instrumentais que existían (a Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades Radiotelevisión Galicia, S.A., e Televisión de Galicia, S.A.) nunha única sociedade mercantil pública autonómica, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., para gañar eficacia na xestión, e incorporou garantías de independencia dos medios públicos de comunicación audiovisual respecto do poder executivo. Ademais, introduciu os instrumentos do mandato marco e o contrato programa para a concreción plurianual da misión de servizo público dos devanditos medios, mantendo o modelo mixto de financiamento, que combina a compensación polo cumprimento da misión de servizo público cos ingresos publicitarios ou derivados doutros dereitos. Baixo esta nova normativa, a Radio Galega e a Televisión de Galicia seguiron a desenvolver con éxito a súa misión de servizo público, cunha presenza consolidada e estable nas audiencias, superior á media da que acadan o conxunto dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade das comunidades autónomas, unha situación financeira saneada e un réxime organizativo razoablemente eficaz.



CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



Porén, no momento presente concorren dúas circunstancias que fan necesario un cambio da normativa reguladora dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por unha banda, o novo marco normativo establecido pola Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, xa totalmente en vigor, que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2010/13/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo de 2010, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual (Directiva de servizos de comunicación audiovisual), coas modificacións introducidas nela pola Directiva (UE) 2018/1808 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de novembro de 2018. A esta lei súmaselle o recente Regulamento (UE) 2024/1083 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de abril de 2024, polo que se establece un marco común para os servizos de medios de comunicación no mercado interior e se modifica a Directiva 2010/13/UE (Regulamento Europeo sobre a Liberdade dos Medios de Comunicación).

Por outra banda, ademais desas novidades normativas, hai que ter en conta a profunda transformación dixital que se está a producir nos medios de comunicación audiovisual e á cal a Corporación Radio e Televisión de Galicia non é allea. A realidade actual é que, como outras empresas audiovisuais, públicas e privadas, a Corporación RTVG non se limita xa a xestionar un conxunto de canles de radio e televisión, senón que se transformou nunha plataforma de servizos de comunicación audiovisual, malia que o seu marco regulador continúe a ser o mesmo.

O marco dixital está convertendo os medios de comunicación en estruturas necesitadas de constante innovación e transformación. A converxencia e a conectividade multiplican as posibilidades de produción e as redes de distribución a través de canles, plataformas e dispositivos fixos ou móbiles ofrecen máis posibilidades de interacción coas audiencias e de personalización de contidos, as cales aínda se verán incrementadas no futuro próximo. A relación entre tecnoloxía, industria, medios públicos, xéneros, audiencias e persoas seguirá a mudar a través de ofertas



CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



multiplataforma, que inclúen tamén novas ferramentas de intelixencia artificial, uso de algoritmos e asistentes de voz, e realización audiovisual. Na vangarda dos novos paradigmas mediáticos, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia deben liderar a transición tecnolóxica a prol da conectividade xeneralizada coa cidadanía, da defensa da identidade de Galicia e a promoción, difusión e impulso da lingua galega, do enriquecemento do pluralismo e a diversidade da sociedade, e da alfabetización para o uso responsable dos servizos de comunicación. A súa difusión e achega de valor público a Galicia xa non só se poden contemplar como as dunha entidade tradicional de radiodifusión, senón coma as dunha nova plataforma galega de servizos públicos de comunicación audiovisual para a era de internet.

Neste contexto de acelerada transformación dixital, o servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia non se pode seguir entendendo e definindo legalmente como un conxunto de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña; abrangue a produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais a través de redes de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que o progreso tecnolóxico admite, tal como recolle esta nova lei no seu artigo 2.1. De aí que a propia denominación do prestador do servizo deba mudarse de Corporación Radio e Televisión de Galicia a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), como entidade con forma de sociedade mercantil pública autonómica que integra os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e os programas, contidos e servizos que estes producen, editan e difunden no marco da sociedade dixital.

II

A presente lei conta con cincuenta e nove artigos estruturados en tres títulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.



O título I, relativo ás disposicións xerais, regula en primeiro lugar o obxecto da lei, que, na liña do xa exposto, se concreta na regulación dos servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da comunidade autónoma. Ademais, contén a definición deste servizo público e o acordo formal da súa prestación en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como o ámbito do servizo. En relación con este último, debe salientarse que as limitacións territoriais tradicionais á cobertura do servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico non resultan de aplicación aos demais servizos que se difunden a través de redes de comunicacións electrónicas e sistemas de internet.

O título II ocúpase en dous capítulos de definir a misión e os principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia. A misión de servizo público mantén e reforza os seus elementos tradicionais. Así, incídese na necesaria conformación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia por profesionais da información, suxeitos a normas de autorregulación destinadas a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia deses contidos informativos; no impulso da produción propia, vinculada ao fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego; na utilización da lingua galega tanto na produción propia como na edición e difusión da produción allea, sen prexuízo da posibilidade de empregar adicionalmente outras versións lingüísticas cando así o xustifique a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, na liña do compromiso recollido pola Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias no seu artigo 12.1.b), relativo a favorecer os distintos medios de acceso noutras linguas ás obras producidas nas linguas rexionais ou minoritarias; na garantía do dereito de acceso aos medios públicos de comunicación audiovisual; e no fomento do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente. A todo isto engádeselle como novidade a misión de alfabetización mediática e dixital de toda a cidadanía galega á que debe contribuír o servizo público de comunicación audiovisual da comunidade autónoma, en colaboración co sistema educativo, en especial para a loita contra os procesos de desinformación e a promoción do uso responsable dos



datos, as redes e as novas ferramentas de intelixencia artificial, ás que nesta lei se fan explícitas referencias nos seus artigos 10.2, 42.2.f) e 50.e), dirixidas a garantir o cumprimento dos principios éticos e xurídicos que deben respectar.

Os principios xerais do servizo público de comunicación audiovisual sintetízanse, de acordo co establecido pola lexislación xeral de comunicación audiovisual, nos seguintes: o respecto da dignidade humana e os valores constitucionais e estatutarios; a universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual; a veracidade da información; a independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade dos medios públicos de comunicación audiovisual; e a innovación e excelencia. O capítulo II do título II desenvolve o contido destes principios xerais, que inspirarán a actuación dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no cumprimento da súa misión de servizo público.

O título III, o máis extenso da lei, desenvolve en seis capítulos o réxime organizativo, de financiamento e de control do prestador do servizo público de comunicación audiovisual da comunidade autónoma, a xa mencionada Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. A súa natureza e réxime xurídico non cambian con respecto á actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, polo que, formalmente, se trata da mesma sociedade mercantil pública autonómica que muda a súa denominación e experimenta algúns axustes organizativos.

En particular, no capítulo II do título III, relativo aos órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, fortalécense as garantías que rodean a elección da persoa titular da Dirección Xeral e os demais membros do Consello de Administración, en aplicación do establecido no Regulamento (UE) 2024/1083 do Parlamento Europeo e o Consello, do 11 de abril do 2024. Así mesmo, mantense o rigoroso réxime de incompatibilidades que xa se viña aplicando a esas persoas, en garantía da súa independencia e neutralidade.

Unha importante novidade organizativa da lei é a creación do Consello Asesor de Participación Social e Profesional, como órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. A súa composición combina



a diversidade da presenza de representantes dos distintos sectores sociais e económicos implicados na prestación do servizo público da comunicación audiovisual, elixidos polo Parlamento de Galicia e pola Xunta de Galicia, con criterios que garantan o respecto do pluralismo existente na sociedade galega, e a de representantes do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, xunto co máximo órgano unipersoal de goberno e administración desta, a Dirección Xeral.

En materia de persoal, o capítulo III do título III perfila con máis detalle que a lei anterior o réxime do persoal directivo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, en liña coa regulación do persoal directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais desta que recolle a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e coas últimas orientacións xurisprudenciais. É tamén salientable a introdución dunha referencia expresa ao persoal de natureza artística, pola súa especial relevancia para os medios de comunicación audiovisual.

A concreción da misión de servizo público, desenvolvida no capítulo IV do título III, lévase a cabo a través duns novos instrumentos: o mandato estratéxico, que é aprobado polo Parlamento de Galicia e ten a consideración de mandato-marco para os efectos da lexislación xeral de comunicación audiovisual, de seis anos de duración; e o contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para eses efectos e tres anos de duración. Así mesmo, incorpórase un artigo relativo á autorregulación e á correulación, en cumprimento das previsións sobre o fomento destas que contén a lexislación xeral de comunicación audiovisual.

Finalmente, os capítulos V e VI do título III regulan o réxime económico e o control externo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. No que atinxe ao financiamento desta, mantense o actual sistema mixto, conformado pola percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade. Ao mesmo tempo, incídese na necesidade dunha progresiva separación de actividades que distinga claramente as que se realizan en cumprimento da misión de servizo público daquelas de carácter comercial. En canto ao control externo, comprende o control parlamentario e da autoridade audiovisual a través dos mecanismos que xa se viñan aplicando, aos que se suma o control polo



Consello de Contas, ao ser a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia parte do sector público autonómico.

A lei complétase con dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria, que derroga expresamente a Lei 9/2011, do 9 de novembro, e seis disposicións derradeiras.

As disposicións adicionais diríxense a garantir, por unha banda, o cumprimento dos principios e criterios que rexen o nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e, por outra banda, a constitución e renovación en prazo destes órganos e, en concreto, da Dirección Xeral, sen alterar o principio de elección por unha maioría cualificada para tratar de garantir o máximo consenso posible.

Pola súa banda, as disposicións derradeiras adaptan á nova lei a disposición adicional décimo cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; prevén o cambio de denominación da actual Corporación Radio e Televisión de Galicia para Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e os demais axustes nos seus estatutos sociais que esixe a nova lei, a primeira elección consonte esta da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración, e a aprobación do primeiro mandato estratéxico; e conteñen a habilitación para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei, así como a determinación do momento da súa entrada en vigor.

III

A presente lei axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia. As medidas previstas nela responden á satisfacción de necesidades de interese xeral coa debida proporcionalidade, eficacia e eficiencia, e recóllense na norma os obxectivos perseguidos a través dela e a súa xustificación, tal como esixe o principio de transparencia.



TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta lei ten por obxecto regular os servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da comunidade autónoma.

2. O obxecto desta lei inclúe:

- a) A definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, o acordo da súa prestación, a súa misión e os seus principios.
- b) A determinación do modelo de xestión do servizo e o réxime organizativo, de financiamento e de control do prestador deste.



Artigo 2. *Definición do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia e acordo de prestación*

1. O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia é un servizo esencial de interese económico xeral, consistente na produción, edición e difusión de programas, contidos e servizos audiovisuais diversos, para todo tipo de públicos e de todo tipo de xéneros, a través de redes e sistemas de comunicacións electrónicas, en calquera das modalidades que estes permitan.

2. Acórdase a prestación do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).



Artigo 3. *Ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia*

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia prestarán, en todo caso, o servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico, e poden prestar tamén servizos de comunicación audiovisual televisivos e servizos de comunicación sonora por petición, servizos a través de televisión conectada e calquera outro tipo de servizo de comunicación audiovisual que permitan os sistemas, redes e plataformas de internet, e que contribúan ao cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

2. Os servizos de comunicación audiovisual por ondas hertzianas terrestres que prestan os medios públicos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia comprenden o ámbito xeográfico de cobertura coincidente co territorio da comunidade autónoma. Poden estenderse ás comunidades autónomas limítrofes con afinidades lingüísticas e culturais logo da celebración do oportuno convenio, nos termos que establece a lexislación xeral de comunicación audiovisual.

A difusión dos demais servizos de comunicación audiovisual que presten os medios públicos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia non está suxeita a limitacións territoriais.



TÍTULO II

Misión e principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

CAPÍTULO I

Misión do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 4. *Misión*

1. O servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia ten como misión:

a) Promover, difundir e impulsar a lingua galega e dar a coñecer a identidade cultural e lingüística de Galicia.

b) Difundir programas, contidos e servizos que fomenten os principios e valores constitucionais e estatutarios, e, en especial, o principio de igualdade, con particular atención á igualdade entre mulleres e homes, a liberdade de información e a liberdade de expresión, para contribuír á formación dunha opinión pública plural.

c) Reflectir nos seus programas, contidos e servizos o pluralismo político, social e cultural da sociedade galega.

d) Promover o acceso da sociedade galega ao coñecemento cultural, científico, histórico e artístico, así como satisfacer a súas necesidades informativas, culturais, educativas e de entretemento con contidos de calidade, así como con programas especialmente dirixidos á infancia e á xuventude, e á alfabetización mediática e dixital da cidadanía.

2. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia non poden dedicar servizos a emitir en exclusiva comunicacións comerciais audiovisuais



Artigo 5. *Servizos informativos*

1. A misión de servizo público definida nesta lei implica que os servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia sexan conformados por profesionais da información, con suxeición aos principios xerais de programación e ás normas de estilo e autorregulación.

2. As normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia son un instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polos devanditos medios e responderán aos principios xerais que inspiran esta lei. Apróbanse polo órgano colexiado de goberno e administración do prestador do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia, oídas as organizacións sindicais representativas e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional previsto nesta lei.



Artigo 6. *Impulso da produción propia*

A misión de servizo público dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe o impulso da produción propia dos seus programa, contidos e servizos, de forma que esta abranga a maioría dos programas difundidos polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal nas canles xeneralistas, atendendo aos recursos materiais e humanos dos que dispoña o prestador do servizo.



Artigo 7. *Uso da lingua*

Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia producirán os seus programas, contidos e servizos en lingua galega e garantirán a edición e difusión en galego dos programas, contidos e servizos de produción allea, sen prexuízo da posibilidade de utilizar adicionalmente outras linguas cando así o xustifique a finalidade de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.



Artigo 8. *Procesos electorais*

Durante os procesos electorais aplicarase o réxime especial que establezan as normas electorais. O control do cumprimento do devandito réxime correspóndelle á xunta electoral competente.



Artigo 9. *Dereito de acceso.*

1. O dereito de acceso aos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia materialízase a través dos seguintes medios:

a) A participación dos grupos sociais, políticos e sindicais representativos, como fontes e portadores de información e opinión no conxunto dos programas, contidos e servizos.

b) O establecemento de espazos específicos nos servizos de comunicación audiovisual televisivo lineal e radiofónico fixados polo órgano colexiado de goberno e administración do prestador do servizo, oído o Consello Asesor de Participación Social e Profesional previsto nesta lei.

2. Garantirase a dispoñibilidade de medios técnicos e humanos para a realización dos espazos necesarios para o correcto exercicio do dereito de acceso.



Artigo 10. *Alfabetización mediática e dixital*

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia cumprirán a súa misión de servizo público de alfabetización mediática contribuíndo, en colaboración co sistema educativo, a desenvolver competencias, coñecementos, destrezas e actitudes de comprensión e valoración crítica que permitan á cidadanía de todas as idades acceder e analizar criticamente a información, discernir entre feitos e opinións, e recoñecer as noticias falsas e os procesos de desinformación.

2. Así mesmo, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia colaborarán co sistema educativo na alfabetización dixital da cidadanía, co fin de promover o uso e acceso responsable aos datos, ás redes sociais e ás ferramentas de intelixencia artificial, algoritmos e sistemas de recomendación polos distintos sectores da sociedade galega, especialmente aqueles máis necesitados de actuacións de mellora das competencias, coñecementos, destrezas e actitudes que lles permitan utilizar con eficacia e seguridade os servizos de información e comunicación.



Artigo 11. *Promoción do desenvolvemento do sector audiovisual galego e da produción independente*

1. Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, contribuirán ao desenvolvemento do sector audiovisual para a mellora da súa achega á economía galega.
2. En particular, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia promoverán e difundirán as obras audiovisuais de produción independente realizadas en Galicia.
3. No marco do previsto neste artigo, e de acordo cos principios de subsidiariedade e complementariedade, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia participarán, xunto coas administracións públicas e o sector audiovisual, nos programas sectoriais de actuación que contribúan á consolidación da produción cinematográfica e audiovisual galega, a ficción e os documentais.



CAPÍTULO II

Principios do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 12. *Principios*

Os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia actuarán no desempeño da misión de servizo público definida nesta lei con suxeición aos seguintes principios:

- a) Respecto da dignidade humana e os valores constitucionais e estatutarios.
- b) Universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual.
- c) Veracidade da información.
- d) Independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade.
- e) Innovación e excelencia.



Artigo 13. *Principio de respecto da dignidade humana e os valores constitucionais e estatutarios*

O respecto da dignidade humana e dos valores constitucionais e estatutarios no ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe, en particular:

- a) O respecto da honra, a intimidade e a propia imaxe das persoas, e a garantía dos dereitos de rectificación e réplica.
- b) O respecto do pluralismo ideolóxico, político, social e cultural da sociedade galega.
- c) A non discriminación das persoas por razón de idade, sexo, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero, raza, cor, orixe étnica ou social, características sexuais ou xenéticas, lingua, relixión, crenzas, opinións políticas ou de calquera outro tipo, nacionalidade, patrimonio, nacemento ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) A promoción da igualdade entre mulleres e homes, transmitindo unha imaxe igualitaria e non discriminatoria.
- e) A difusión dunha imaxe axustada, respectuosa, apreciativa, inclusiva e libre de estereotipos das persoas con discapacidade.
- f) A protección da xuventude e a infancia fronte aos contidos que poidan afectar negativamente á súa saúde ou ao adecuado desenvolvemento da súa personalidade, con especial atención á prevención de condutas aditivas.
- g) A protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias en relación coa publicidade e outras modalidades de comunicación comercial audiovisual.
- h) A contribución á conciliación da vida persoal e familiar, mediante a racionalización dos horarios no servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal en aberto.
- i) O respecto dos dereitos de propiedade intelectual.



Artigo 14. *Principio de universalidade no acceso ao servizo*

Para a efectividade do principio de universalidade no acceso ao servizo público de comunicación audiovisual, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia garantirán:

- a) A maior cobertura territorial posible do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia polo servizo de comunicación audiovisual televisivo lineal e o servizo de comunicación audiovisual radiofónico, así como a súa máxima continuidade, tendo en conta as obrigas legais e recomendacións técnicas de aplicación.
- b) A accesibilidade universal aos servizos de comunicación audiovisual, con especial atención ás persoas con diversidade funcional, mediante recursos factibles, ferramentas e pautas de accesibilidade visual, auditiva e cognitiva, incluídos a tradución audiovisual, a audiodescrición, o subtitulado e o emprego da lingua de signos, así como da aprendizaxe a través de internet.
- c) A difusión en aberto dos servizos de comunicación audiovisual que se presten en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei. Unicamente poderán ser de acceso condicionado aqueles servizos excluídos do ámbito do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia polo mandato estratéxico do prestador do servizo.



Artigo 15. *Principio de veracidade da información*

Consonte o principio de veracidade da información, os contidos informativos que difundan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia axustaranse aos seguintes criterios:

- a) Veracidade, calidade, obxectividade e imparcialidade.
- b) Diferenciación de forma clara e comprensible entre información e opinión.
- c) Respecto do pluralismo político, social e cultural, así como da libre expresión das opinións.
- d) Fomento da libre formación da opinión do público.



Artigo 16. *Principios de independencia, rendición de contas, transparencia e responsabilidade*

1. A independencia e a rendición de contas dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia garántense a través do réxime organizativo e de control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que se establece no título III desta lei.

2. A xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia axustarase aos principios de transparencia e responsabilidade, debendo asumir e implantar de maneira efectiva criterios de sustentabilidade social empresarial.



Artigo 17. *Principios de innovación e excelencia*

En cumprimento dos principios de innovación e excelencia, os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia fomentarán a produción audiovisual de calidade e a súa difusión en todas as modalidades que permita o estado da tecnoloxía.



TÍTULO III

Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

CAPÍTULO I

Natureza e réxime xurídico

Artigo 18. *Natureza xurídica*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é unha sociedade mercantil pública autonómica, na que se integran os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia que prestan o servizo público de comunicación audiovisual de acordo co previsto no número 2 do artigo 2.
2. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ten a forma de sociedade anónima e o seu capital estará participado na súa totalidade e de forma directa pola Comunidade Autónoma de Galicia.
3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Consello da Xunta de Galicia e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 19. *Réxime xurídico*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) En primeiro lugar, por esta lei, polos seus estatutos sociais e pola lexislación xeral de comunicación audiovisual.

b) En segundo lugar, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

c) En defecto da normativa anterior, pola lexislación mercantil.

2. Os estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incorporarán as previsións desta lei relativas aos órganos da sociedade e ás súas competencias.

3. Os estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as súas modificacións son aprobados pola xunta xeral da sociedade, logo do acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, e inscribíranse no rexistro mercantil.

4. O obxecto social da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia incluírá a prestación do servizo público de comunicación audiovisual nos termos previstos nesta lei, así como todas aquelas actividades necesarias para o cumprimento da misión de servizo público definida nela ou que estean relacionadas coa comunicación audiovisual.

5. As pretensións que se deduzan con respecto aos acordos dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia son competencia dos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional que corresponda en cada caso segundo a lexislación procesual, sen necesidade de formular reclamación previa nin recurso administrativo ningún.



Artigo 20. *Medios para a prestación do servizo*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia deberá contar coa organización, estrutura e recursos humanos e económicos suficientes para asegurar o cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, incluídos os necesarios para garantir a provisión de programas, contidos e servizos territoriais.
2. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode constituír entidades que adopten a forma de sociedade mercantil ou participar no seu capital, sempre que o obxecto social de tales entidades estea vinculado coas actividades e funcións daquela, incluídas as de servizo público. A adquisición ou perda da participación maioritaria no capital social das devanditas sociedades require a previa autorización do Consello da Xunta de Galicia.
3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as sociedades sobre as que exerza o control, nos termos do artigo 42 do Código de Comercio, non poden participar no capital social de prestadores do servizo de comunicación audiovisual de titularidade privada.



Artigo 21. *Cooperación*

Para o mellor cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode subscribir convenios de cooperación con outras entidades prestadoras do servizo público de comunicación audiovisual, coas administracións públicas e coas entidades vinculadas ou dependentes destas.



Artigo 22. *Operacións de fusión e escisión, e disolución*

1. As operacións de fusión ou escisión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia requiren o acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
2. A disolución da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia require o acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, oído o Parlamento de Galicia.



CAPÍTULO II

Organización

Sección 1ª. Órganos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

Artigo 23. Órganos

1. Son órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o Consello de Administración e a Dirección Xeral.
2. Os membros do Consello de Administración e a persoa titular da Dirección Xeral son nomeados seguindo procedementos transparentes, abertos, efectivos e non discriminatorios, e criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e proporcionados, de acordo co previsto nesta lei.
3. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia contará cun Consello Asesor de Participación Social e Profesional, como órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados nela.



Sección 2ª. Consello de Administración

Artigo 24. *Definición e composición*

1. O Consello de Administración é o órgano colexiado de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
2. O consello de administración componse de sete membros, dos cales un é a persoa titular da Dirección Xeral.



Artigo 25. *Elección e nomeamento dos membros do Consello de Administración*

1. Os membros do Consello de Administración distintos da persoa titular da Dirección Xeral son elixidos polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se non se acadase esta maioría, no prazo dun mes repetirase a votación e abondará para a elección unha maioría de tres quintos.

2. As persoas propostas a través dos grupos parlamentarios deben ter experiencia profesional acreditada e recoñecido prestixio, nos termos establecidos polo artigo seguinte. Así mesmo, teranse en conta criterios de proporcionalidade e pluralidade ideolóxica, política, social e cultural, e garantirase o cumprimento do principio de composición ou presenza equilibrada de mulleres e homes, consonte a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

3. As persoas propostas a través dos grupos parlamentarios comparecerán ante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia na forma que determina o regulamento da cámara, co fin de que se examine a súa idoneidade para o cargo.

4. A xunta xeral da sociedade nomeará os membros do Consello de Administración elixidos polo Parlamento de Galicia.

5. As vacantes no Consello de Administración son cubertas na mesma forma prevista nos números anteriores, debéndose respectar a pluralidade de orixe. O mandato dos novos membros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen.



Artigo 26. *Experiencia profesional acreditada e recoñecido prestixio*

1. Para efectos do disposto no artigo anterior, presúmese que unha persoa posúe experiencia profesional acreditada e recoñecido prestixio para ser membro do Consello de Administración se reúne algún dos seguintes requisitos:

- a) Ter desempeñado funcións de administración, alta dirección, control ou asesoramento, ou funcións de similar responsabilidade, en entidades públicas ou privadas.
- b) Ter méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación.

2. Na composición do Consello de Administración debe garantirse a presenza de persoas que teñan desempeñado funcións de administración, alta dirección, control ou asesoramento, ou funcións de similar responsabilidade, en entidades públicas ou privadas, e de persoas que teñan méritos relevantes de carácter profesional, docentes ou de investigación en ámbitos relacionados coa comunicación.



Artigo 27. *Duración do mandato*

1. O mandato dos membros do Consello de Administración é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento.
2. O mandato é renovable por unha soa vez.
3. Esgotado o mandato, os membros do Consello de Administración continúan no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou a toma de posesión das persoas que os substitúan.



Artigo 28. Cesamento

Os membros do Consello de Administración cesan no seu cargo polas seguintes causas:

- a) Expiración do prazo do seu mandato.
- b) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo.
- c) Renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administración.
- d) Defunción.
- e) Inhabilitación para o emprego ou cargo público, ou condena por delito doloso, declaradas en sentenza firme.
- f) Incompatibilidade sobrevida.
- g) Separación aprobada polo Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral da sociedade, logo da instrución do correspondente expediente contraditorio polo Consello de Administración, excluída a persoa interesada, por non desenvolver as súas funcións de acordo co establecido nesta lei e as normas que a desenvolvan.



Artigo 29. Estatuto persoal

1. Os membros do Consello de Administración actúan no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen que poidan recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.

2. Os membros do Consello de Administración exercen as súas funcións con suxeición aos deberes de dilixencia, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil, e axustan a súa actuación aos principios de legalidade, obxectividade e bo goberno.

3. Os membros do Consello de Administración terán dedicación exclusiva e estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En todo caso, a condición de membro do Consello de Administración é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou designación política.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou organizacións sindicais ou empresariais.

5. Os membros do Consello de Administración non poden ter intereses directos nin indirectos en empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de comunicación corporativa, de produción ou distribución de películas cinematográficas, discográficas ou de programas filmados ou gravados en calquera tipo de soporte ou medio tecnolóxico, ni en ningún tipo de entidade relacionada coa subministración ou dotación de material, servizos ou programas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.



Artigo 30. *Competencias e funcións*

Correspóndenlle ao Consello de Administración as seguintes competencias e funcións:

- a) Aprobar a organización básica da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- b) Aprobar a creación das comisións de participación, asesoramento e control interno do propio consello. En todo caso, o Consello de Administración constituirá no seu seo unha Comisión de Economía e Control.
- c) Aprobar o regulamento interno e as demais normas de funcionamento do propio consello.
- d) Resolver as solicitudes de autorización ou recoñecemento de compatibilidade dos membros do Consello de Administración, excluída a persoa interesada, logo do informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Aprobar as directrices básicas en materia de persoal e os instrumentos de ordenación do persoal e as súas modificacións.
- f) Nomear o persoal directivo designado pola persoa titular da Dirección Xeral e formalizar o seu cesamento no suposto de destitución por aquel.
- g) Elaborar e aprobar os criterios reitores da dirección editorial da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- h) Aprobar, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral, o plan xeral de actuación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- i) Aprobar o programa de actuacións, investimentos e financiamento e os anteprojectos de orzamentos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia elaborados pola persoa titular da Dirección Xeral, así como formular as contas anuais.
- j) Aprobar, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral, o informe anual sobre a xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e



sobre o cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, para a súa remisión á autoridade audiovisual competente.

k) Aprobar as normas de estilo e autorregulación dos servizos informativos dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, oídas as organizacións sindicais representativas e o Consello Asesor de Participación Social e Profesional, así como o procedemento para a elección da representación neste das persoas profesionais dos devanditos medios.

l) Elaborar e aprobar as normas reguladoras da emisión de publicidade, tendo en conta os criterios de autorregulación do sector, así como a normativa de protección da saúde das persoas menores de idade e de prevención das condutas aditivas.

m) Velar polo cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei, nos termos establecidos polo mandato estratéxico e o contrato plurianual de xestión.

n) En xeral, as facultades indelegables que lle corresponden ao consello de administración das sociedades de capital consonte a lexislación mercantil.

ñ) As demais que lle atribúan expresamente esta lei ou os estatutos sociais.



Artigo 31. *Presidencia*

1. A Presidencia do Consello de Administración exercece por un dos seus membros, excluída a persoa titular da Dirección Xeral, de acordo coa orde rotatoria que estableza o propio consello, por períodos de seis meses.

2. Correspóndenlle á Presidencia do Consello de Administración acordar a convocatoria das sesións do órgano, fixar a orde do día de acordo coa Dirección Xeral e presidir as sesións, moderando o desenvolvemento dos debates, nos termos que dispoña o regulamento interno e as demais normas de funcionamento do Consello de Administración.

Así mesmo, a Presidencia coordina o funcionamento do Consello de Administración coa Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

3. A persoa titular da Presidencia do Consello de Administración non exercerá funcións de representación nin de dirección executiva da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que corresponden exclusivamente á persoa titular da Dirección Xeral.



Artigo 32. *Secretaría*

1. A Secretaría do Consello de Administración exerceuse por unha persoa con titulación universitaria en dereito, que non pode ter a condición de membro do Consello de Administración e asiste ás reunións deste con voz pero sen voto.
2. A designación e a destitución da persoa titular da Secretaría correspóndelle ao Consello de Administración, así como a súa substitución temporal nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, consonte o que establezan os estatutos sociais.
3. Correspóndenlle á Secretaría do Consello de Administración as funcións que lle atribúan os estatutos sociais e, en todo caso, efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da Presidencia, preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e expedir certificacións dos acordos aprobados, co visto e prace da Presidencia, e asesorar en dereito ao órgano.
4. A persoa titular da Secretaría está suxeita ao estatuto persoal establecido para os membros do Consello de Administración no artigo 29, agás o previsto no seu número 3.
5. O Consello de Administración fixará as retribucións e o sistema de contratación da persoa titular da Secretaría cando esta non pertenza ao cadro de persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia. En caso de que pertenza ao devandito cadro de persoal, o consello fixará a retribución que lle corresponda pola realización das funcións inherentes ao cargo.



Artigo 33. Funcionamento

1. O Consello de Administración reúnese en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao mes e en sesión extraordinaria cando o soliciten a persoa titular da Dirección Xeral ou unha terceira parte dos seus membros.
2. Para a válida constitución do Consello de Administración, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou, de ser o caso, de quen os substitúan, e da metade, polo menos, dos demais membros do órgano.
3. Os acordos do Consello de Administración adóptanse por maioría de votos, salvo que os estatutos sociais ou a lexislación mercantil establezan outra cousa. O voto da persoa titular da Dirección Xeral terá carácter dirimente cando se produzan empates nas votacións.



Sección 3ª. Dirección Xeral

Artigo 34. *Definición, elección e nomeamento*

1. A Dirección Xeral exerce de forma permanente as funcións de goberno, administración e representación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia que lle atribúen esta lei e os estatutos sociais.
2. A persoa titular da Dirección Xeral é elixida polo Parlamento de Galicia por maioría de dous terzos. Se non se acadase esta maioría, no prazo dun mes poderase repetir a votación e abondará para a elección unha maioría de tres quintos.
3. A candidatura a titular da Dirección Xeral é formulada pola comisión parlamentaria correspondente, na forma que determine o regulamento da cámara, entre persoas que teñan formación acreditada de nivel de educación superior, coñecementos e competencias profesionais, recoñecido prestixio e experiencia en xestión empresarial, administración ou investigación científica na actividade da comunicación audiovisual e no goberno corporativa.
4. A persoa proposta comparecerá ante a comisión correspondente do Parlamento de Galicia, co fin de que se examine a súa idoneidade para o cargo.
5. O Consello de Administración nomeará a persoa titular da Dirección Xeral na primeira sesión que celebre logo da elección deste polo Parlamento de Galicia.



Artigo 35. *Duración do mandato*

1. O mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
2. Esgotado o mandato, a persoa titular da Dirección Xeral continúa no exercicio das súas funcións ata a renovación no cargo ou a toma de posesión da persoa que a substitúa.



Artigo 36. Cesamento

1. A persoa titular da Dirección Xeral cesa no seu cargo polas seguintes causas:

- a) Expiración do prazo do seu mandato.
- b) Incapacidade permanente para o exercicio do cargo.
- c) Renuncia expresa notificada formalmente ao Consello de Administración.
- d) Defunción.
- e) Inhabilitación para o emprego ou cargo público, ou condena por delito doloso, declaradas en sentenza firme.
- f) Incompatibilidade sobrevida.
- g) Separación aprobada polo Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos, por proposta da xunta xeral da sociedade ou do Consello de Administración, logo da instrución do correspondente expediente contradictorio, por non desempeñar as súas funcións de acordo co establecido nesta lei e as normas que a desenvolven.

2. Así mesmo, a persoa titular da Dirección Xeral será separada do seu cargo polo Consello de Administración cando, logo da liquidación do orzamento anual da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, se constate a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias por causas imputables á súa xestión:

- a) Un empeoramento do resultado orzado cunha desviación igual ou superior ao dez por cento da compensación pola prestación do servizo público de comunicación audiovisual.
- b) A existencia dunha desviación orzamentaria por exceso igual ou superior ao dez por cento das cifras aprobadas para o total das dotacións tanto do orzamento de explotación coma do orzamento do capital, excluídos do cómputo do primeiro os impostos e os resultados, e do segundo a variación do capital circulante.



Artigo 37. Estatuto persoal

1. A persoa titular da Dirección Xeral actúa no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen que poida recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galicia, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos partidos políticos, dos sindicatos ou doutras institucións ou entidades.

2. A persoa titular da Dirección Xeral exerce as súas funcións con suxeición aos deberes de dilixencia, fidelidade, lealdade, segredo e responsabilidade establecidos na lexislación mercantil, e axusta a súa actuación aos principios de legalidade, obxectividade e bo goberno.

3. A persoa titular da Dirección Xeral terá dedicación exclusiva e estará suxeita ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En todo caso, a condición de membro de persoa titular da Dirección Xeral é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou designación política.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou organizacións sindicais ou empresariais.

5. A persoa titular da Dirección Xeral non pode ter intereses directos nin indirectos en empresas publicitarias, editoriais, xornalísticas, de comunicación corporativa, de produción ou distribución de películas cinematográficas, discográficas ou de programas filmados ou gravados en calquera tipo de soporte ou medio tecnolóxico, nin en calquera tipo de entidade relacionada coa subministración ou dotación de material, servizos ou programas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.



Artigo 38. *Competencias e funcións*

1. A persoa titular da Dirección Xeral representa a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e desempeña a súa dirección executiva, correspondéndolle as seguintes competencias e funcións:

- a) Adoptar e executar cantos actos, actuacións ou decisións sexan necesarios para o desempeño da dirección executiva da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- b) Elaborar o plan anual de actividades, a memoria anual e os anteproxectos de orzamentos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- c) Actuar como órgano de contratación da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- d) Autorizar os pagamentos e os gastos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- e) Aprobar a estrutura organizativa da dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e as súas modificacións.
- f) Exercer a xefatura superior do persoal da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e desenvolver as directrices básicas do Consello de Administración en materia de persoal.
- g) Designar e destituír o persoal directivo de acordo co previsto nesta lei e nos estatutos sociais.
- h) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar os servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
- i) Ditar as disposicións, instrucións e circulares relativas ao funcionamento da organización interna.
- j) Propor, para o seu sometemento á xunta xeral da sociedade, o nomeamento dos auditores de contas ou as sociedades de auditoría.
- k) Asinar o contrato plurianual de xestión convido baixo as directrices do mandato estratéxico.



l) Establecer as directrices oportunas para que os programas, contidos e servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia cumpran a misión de servizo público definida nesta lei, nos termos establecidos polo mandato estratéxico e o contrato plurianual de xestión.

m) Cumprir e facer cumprir a lei e os acordos do Consello de Administración.

n) As demais funcións de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non atribuídas expresamente a outros órganos por esta lei, os estatutos sociais ou a lexislación mercantil.

2. As dúbidas que no transcurso da actividade da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poidan xurdir respecto da atribución dunha competencia ao Consello de Administración ou á Dirección Xeral resolveranse sempre a favor desta última.



Sección 4ª. Comisión de Economía e Control

Artigo 39. *Comisión de Economía e Control*

A composición e as normas de funcionamento da Comisión de Economía e Control fíxanse polos estatutos sociais ou, de ser o caso, polo regulamento interno do Consello de Administración, que garantirán a independencia do seu funcionamento.



Sección 5ª. Consello Asesor de Participación Social e Profesional

Artigo 40. Definición

O Consello Asesor de Participación Social e Profesional é o órgano de participación externa da sociedade galega e interna das persoas profesionais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que ten como finalidade contribuír a fortalecer a participación, así como a calidade, profesionalidade e independencia da información e, en xeral, dos programas, contidos e servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.



Artigo 41. *Composición*

1. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional está composto por quince membros, segundo a seguinte distribución, na que se garantirá o cumprimento do principio de composición ou presenza equilibrada de mulleres e homes, consonte a Lei 7/2023, do 30 de novembro:

a) Nove en representación dos sectores da cultura, a ciencia e a tecnoloxía, a educación e a sanidade, das entidades locais, das organizacións de persoas consumidoras e usuarias, das organizacións de persoas con discapacidade e das organizacións profesionais do sector audiovisual e da comunicación, elixidos polo Parlamento de Galicia, por maioría de dous terzos ou, de non acadarse esta, por maioría de tres quintos en segunda votación dentro da mesma sesión plenaria.


b) Tres en representación dos sectores das industrias culturais e do audiovisual, a lingua e as tecnoloxías e redes de comunicación, designados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta dos órganos superiores ou de dirección da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en tales materias.

c) Dous en representación das persoas profesionais dos medios públicos de comunicación audiovisual integrados na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, elixidos polo procedemento que estableza o Consello de Administración.

d) A persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. O mandato dos membros do Consello Asesor de Participación Social e Profesional, exceptuada a persoa titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, é de dous anos, renovable por unha soa vez. Esgotado o mandato, os membros continúan en funcións ata a renovación no cargo ou o nomeamento das persoas que os substitúan.

3. Os membros do Consello Asesor de Participación Social e Profesional non terán dedicación exclusiva ao cargo nin percibirán remuneracións polo exercicio deste, sen prexuízo das indemnizacións que correspondan pola asistencia ás súas sesións.



4. En todo caso, a condición de membro do Consello Asesor de Participación Social e Profesional é incompatible:

a) Coa condición de membro do Parlamento de Galicia ou do Consello da Xunta de Galicia.

b) Co exercicio de calquera outro cargo de elección ou designación política, agás nas entidades locais.

c) Coa pertenza a órganos de dirección en partidos políticos ou organizacións sindicais ou empresariais.

5. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional contará cun presidente elixido de entre os seus membros por maioría absoluta, que exercerá as funcións inherentes á presidencia dun órgano colexiado. A Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia propondrá un membro do persoal da sociedade con cualificación suficiente para que actúe como secretario do órgano, con voz pero sen voto.



Artigo 42. Funcións

1. Correspóndelle ao Consello Asesor de Participación Social e Profesional velar pola riqueza do pluralismo do discurso público democrático, a diversidade de opinións e a participación proporcionada a prol da formación da opinión pública galega, así como pola calidade, profesionalidade, obxectividade, imparcialidade, veracidade e independencia dos contidos difundidos polos medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para o cumprimento das funcións previstas no número anterior, a persoa titular da Dirección Xeral informará ao Consello Asesor de Participación Social e Profesional sobre as seguintes materias:

a) Os criterios e medidas que garantan o dereito de acceso e participación dos grupos sociais e políticos significativos en función da súa relevancia, representatividade e ámbito de actuación.

b) As liñas de programación dos contidos de información, formación e entretemento segundo os principios de prestación do servizo público de comunicación audiovisual recollidos nesta lei, e as medidas e iniciativas que poidan contribuír a mellorar a súa calidade.

c) O desenvolvemento de accións de alfabetización mediática e dixital, accesibilidade e posta en valor dos servizos públicos de comunicación audiovisual na sociedade dixital e de protección dos dereitos individuais e dixitais fronte ao odio, a violencia, a desigualdade e o uso responsable de datos e das redes.

d) As actividades de sustentabilidade social empresarial desenvolvidas pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

e) As pautas e medidas de protección dos dereitos das persoas menores de idade nos contidos dos servizos da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia sobre a involucración en situacións de risco, violencia, vulnerabilidade, trastornos alimentarios, condutas aditivas, acoso e ciberacoso.



f) As estratexias e medios de promoción da innovación da dixitalización, da introdución responsable da intelixencia artificial e da colaboración coas institucións públicas e as empresas de Galicia sobre servizos converxentes de internet das cousas.

g) O fomento dos principios e valores promovidos pola Declaración Europea sobre Dereitos e Principios Dixitais para a Década Dixital no que corresponda ao marco dos programas estratéxicos e os contratos plurianuais de xestión da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

h) O desenvolvemento das novas capacidades de difusión de contidos multilingües que permitan as redes globais e as tecnoloxías de información e comunicación co fin de dar a coñecer a identidade cultural de Galicia fóra do territorio da comunidade autónoma, en cumprimento da misión de servizo público definida nesta lei.

i) As normas e actividades de autorregulación e correulación internas e externas promovidas ou participadas pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

j) Calquera outra materia na que o Consello de Administración ou a Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia requiran do asesoramento do órgano.



Artigo 43. *Réxime de funcionamento*

1. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional aprobará un regulamento de réxime interno.
2. O Consello Asesor de Participación Social e Profesional reúnese de forma ordinaria unha vez cada catro meses e con carácter extraordinario cando o solicite a maioría dos seus membros.
3. Os acordos do órgano adóptanse polo voto da maioría absoluta dos seus membros.
4. A Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia proporcionará o apoio material que o Consello Asesor de Participación Social e Profesional precise para o desenvolvemento das súas funcións.



CAPÍTULO III

Persoal


Artigo 44. *Membros do Consello de Administración*

1. Os membros do Consello de Administración, incluída a persoa titular da Dirección Xeral, vincúlense á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia por unha relación mercantil, sen prexuízo das especialidades establecidas nesta lei.
2. O Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de facenda, aproba as retribucións que lles corresponden percibir á persoa titular da Dirección Xeral e aos demais membros do Consello de Administración. Estas cantidades intégranse no orzamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e, polo tanto, nos termos nos que proceda, na lei de orzamentos que o Parlamento de Galicia aprobe cada ano.



Artigo 45. *Persoal de alta dirección e persoal directivo profesional*

1. Terá a consideración de persoal de alta dirección da Corporación de Servizos audiovisuais de Galicia o persoal desta que cumpra os requisitos establecidos no artigo 1.2 do Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección. Este persoal rexerase polo establecido na indicada normativa laboral. A súa selección efectuarase con suxeición aos principios de publicidade, concorrência, mérito e capacidade, entre persoas que demostren a súa cualificación profesional.
2. Terá a consideración de persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia o persoal desta que desempeñe postos de traballo definidos como tales na estrutura directiva da entidade aprobada pola persoa titular da Dirección Xeral, en atención á especial responsabilidade, competencia técnica, complexidade ou relevancia das funcións xerenciais ou de dirección e coordinación asignadas a eles.
3. A selección do persoal directivo profesional efectuarase mediante convocatoria pública con suxeición aos principios de concorrência, mérito e capacidade, entre o persoal laboral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia ou outras persoas que cumpran os requisitos necesarios para participar na convocatoria. A súa designación efectuarase tras a apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto. O persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais terá a condición de persoal directivo aos efectos do establecido no artigo 1.4 do Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.
4. O persoal directivo profesional estará suxeito a avaliación periódica consonte os criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos que se lle fixen. O cesamento nos postos directivos producirase por causas obxectivas vinculadas a unha avaliación negativa do desempeño, á perda da confianza ou a graves e continuadas dificultades de integración no equipo directivo, apreciadas polo órgano superior xerárquico do cal a persoa directiva dependa directamente. Os contratos que se formalicen farán referencia a



estas circunstancias e incluírán expresamente as causas de extinción expresadas como condicións resolutorias do contrato.

5. As condicións retributivas do persoal recollido neste artigo serán as establecidas no Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, ou norma que o substitúa.



Artigo 46. Persoal laboral

1. O persoal ao servizo da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxese:

a) Polas disposicións aplicables do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego de Galicia.

b) Polo texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, e as demais normas de dereito laboral.

c) Polos convenios colectivos.

d) Polo correspondente contrato de traballo.

2. No relativo á selección e contratación, tamén son de aplicación as disposicións relativas ás sociedades mercantís públicas autonómicas recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro.

3. A contratación do persoal laboral fixo realizarase consonte os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante procesos selectivos convocados pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no marco do que establece a lexislación básica en materia de reposición de efectivos de persoal nas entidades do sector público e a que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia en desenvolvemento desta.



Artigo 47. *Persoal de natureza artística*

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode celebrar contratos ao abeiro da normativa que regula a relación especial de traballo dos artistas en espectáculos públicos á que se refire a alínea e) do número 1 do artigo 2 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.



CAPÍTULO IV

Concreción da misión de servizo público

Artigo 48. *Mandato estratéxico*

1. Os obxectivos xerais da función de servizo público que debe cumprir a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia establécense normativamente para un período de seis anos a través do correspondente mandato estratéxico, que ten a consideración de mandato-marco para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.
2. O mandato estratéxico é aprobado polo Parlamento de Galicia por unha maioría de dous terzos. Se non se acadase esta maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e abundará para a aprobación unha maioría de tres quintos. De non acadarse tampouco esta última maioría, incluírase o asunto na orde do día dunha próxima sesión plenaria e a aprobación realizarase por maioría absoluta.



Artigo 49. *Contrato plurianual de xestión*

1. A concreción e o desenvolvemento dos obxectivos xerais da misión de servizo público da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia realízanse mediante a subscripción co Consello da Xunta de Galicia por un período de tres anos do correspondente contrato plurianual de xestión, que ten a consideración de contrato-programa para os efectos do previsto na lexislación xeral de comunicación audiovisual.

2. O contrato plurianual de xestión incluírá, como mínimo, os seguintes extremos:

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pola prestación do servizo público de comunicación audiovisual.


b) Os medios para a adecuación e actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do escenario económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato estratéxico e o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Os obxectivos da política de eficiencia, rendibilidade, produtividade, persoal e reestruturación técnica, así como os métodos indicadores da súa avaliación e a forma de render conta deles, que desenvolverá a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia no cumprimento da súa misión de servizo público.

d) Os contidos de servizo público que deba ofrecer a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, concretando as porcentaxes de xéneros de programación.

e) Os efectos que haberán de derivarse do incumprimento dos compromisos acordados.

f) O control da execución do contrato plurianual de xestión e dos resultados derivados da súa aplicación.



3. Entre os obxectivos específicos que deberá desenvolver a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia poderán considerarse, ademais dos propios da actividade de comunicación audiovisual, aqueles outros de natureza organizativa ou económica que contribúan ao mellor cumprimento da misión de servizo público.



Artigo 50. Autorregulación e correulación

No marco dos principios xerais que inspiran esta lei, e para o mellor cumprimento da misión de servizo público definida nela, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia pode adherirse ou desenvolver, segundo as respectivas facultades ostentadas polo Consello de Administración e a Dirección Xeral, as normas e pautas de autorregulación e correulación que se estimen convenientes, no marco do previsto pola lexislación xeral de comunicación audiovisual, sobre as seguintes materias, entre outras:

- a) Protección dos dereitos das persoas menores de idade, en particular nos eidos do tratamento adecuado en noticiarios e programas de contido informativo de actualidade nos que se informe de que se viron involucrados en situacións de risco ou violencia, ou aparezan persoas menores en situación de vulnerabilidade; a inclusión de descritores audiovisuais e de sistemas visibles de cualificación por idades que discriminen os contidos prexudiciais para o seu desenvolvemento físico, mental ou moral; os límites da emisión de programas ou contidos que conteñan escenas de violencia gratuíta, pornografía, consumo de substancias psicoactivas ou promoción ou normalización de condutas aditivas sen substancia, de programas relacionados co esoterismo ou as paraciencias baseados na participación activa das persoas usuarias, ou de programas de actividades de xogos de azar e apostas, agás as excepcións legalmente permitidas; e o control de algoritmos, etiquetados e sistemas de recomendación inseguros.
- b) Cumprimento responsable da normativa publicitaria e de autocontrol da comunicación comercial no servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Respecto dos principios xerais do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia nas interaccións públicas desenvolvidas a través das redes sociais dixitais que comprendan os dominios propios da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia en internet.
- d) Desenvolvemento de pautas de comportamento para a protección e utilización responsable dos datos das persoas usuarias.



- e) Tecnoloxías e ferramentas de intelixencia artificial que cumpran a normativa aplicable e recoñezan de forma responsable e transparente o nivel de risco do seu despregamento, garantindo o respecto á dignidade humana e aos dereitos fundamentais, así como a súa fiabilidade.
- f) Desenvolvemento de normas de boas prácticas corporativas e profesionais de funcionamento para fortalecer a calidade do servizo público de comunicación audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia.



CAPÍTULO V

Réxime económico

Artigo 51. *Sistema de financiamento*

1. O sistema de financiamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dotaraa dos recursos económicos que lle permitan cumprir a misión de servizo público definida nesta lei dun xeito eficaz e respectará os principios seguintes:

- a) Compatibilidade coa normativa vixente en materia de competencia, en especial coa normativa de axudas de Estado.
- b) Garantía de estabilidade orzamentaria para o cumprimento efectivo das funcións de servizo público.
- c) Sostemento exclusivo de actividades e contidos relacionados coa función de servizo público.

2. O financiamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia baséase nun sistema mixto conformado pola percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.

3. As compensacións polo cumprimento das obrigas de servizo público conségnanse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas compensacións teñen carácter anual e non poden superar o custo neto do servizo público prestado no correspondente exercicio orzamentario, entendéndose por tal a diferenza entre os custos totais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e os seus outros ingresos distintos das compensacións.

Se ao peche dun exercicio se constatase que a compensación supera o custo neto incorrido nese período, o montante en exceso minorarase da compensación orzada para o exercicio seguinte a aquel no que se produciu o exceso.



4. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non pode utilizar a compensación pública para baixar inxustificadamente os prezos da súa oferta comercial e de servizos nin para presentar ofertas desproporcionadamente elevadas fronte a competidores privados por dereitos de emisión sobre contidos no mercado audiovisual.



Artigo 52. *Recurso ao endebedamento*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia e calquera outra sociedade na que posúa, directa ou indirectamente, a maioría do capital social só poden realizar operacións de crédito, na medida e cos límites máximos establecidos na normativa vixente, para o financiamento dos seus investimentos en inmovilizado material e inmaterial, e para atender necesidades transitorias de tesourería.
2. Os límites do endebedamento quedan fixados, para cada exercicio, na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia de cada ano.



Artigo 53. *Separación estrutural de actividades e sistema de contabilidade analítica*

1. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia procederá progresivamente á separación estrutural das súas actividades para garantir os prezos de transferencia e o respecto das condicións de mercado, de conformidade coa Lei 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas.
2. Co fin de cuantificar o custo neto do servizo público, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia disporá de separación de contas por actividades e contará cun sistema de contabilidade analítica que separe a imputación de ingresos e custos da actividade de servizo público dos contidos comerciais e das restantes actividades.



Artigo 54. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro*

1. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade, de intervención e de control financeiro da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia sométese ao establecido no número 3 do artigo 103 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e nas demais disposicións que lle sexan aplicables, así como ás previsións da presente lei.

2. Xunto cos orzamentos de explotación e capital, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia remitirá unha memoria da avaliación económica do investimento ou dos investimentos que vaian iniciarse no exercicio, así como a expresión dos obxectivos que se pretendan acadar nel.



Artigo 55. *Contas anuais e auditoría externa*

1. Sen prexuízo do sinalado nesta lei, as contas anuais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxense polos principios e normas de contabilidade recollidos no plan xeral contable e son revisadas por persoas auditoras de contas de acordo co disposto na lexislación mercantil.
2. As contas anuais formúlanse polo Consello de Administración e sométense, xunto coa proposta de distribución de resultados, á aprobación da xunta xeral da sociedade, consonte a lexislación mercantil. Logo de aprobadas, serán remitidas ao Parlamento de Galicia para o seu coñecemento e a persoa titular da Dirección Xeral comparecerá ante a comisión de control parlamentario correspondente.



Artigo 56. Patrimonio

1. Para o cumprimento dos seus fins, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia dispón dun patrimonio propio, distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia, integrado polo conxunto de bens, dereitos e obrigacións dos que é titular.
2. Os bens e dereitos do patrimonio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia son, en todo caso, de dominio privado ou patrimoniais.
3. A xestión, administración, explotación e disposición dos bens e dereitos do patrimonio da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia réxense polo disposto nesta lei, polas normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e, supletoriamente, polas normas do dereito privado.
4. A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia velará pola conservación e custodia dos seus arquivos documentais e audiovisuais, e, en particular, dos documentos e fondos que consonte a normativa de patrimonio cultural deban integrar o patrimonio documental e bibliográfico de Galicia, facilitando o acceso e uso para fins de investigación e educativos. O Consello de Administración establecerá as condicións para o seu uso comercial.



CAPÍTULO VI

Control externo

Artigo 57. *Control parlamentario*

1. O Parlamento de Galicia exerce o control da xestión e do cumprimento pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da misión de servizo público definida nesta lei, a través da Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

2. Para o efecto do previsto no número anterior, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 55.2, presentaralle con carácter anual á Comisión Permanente Non Lexislativa de Control da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia un informe referido á execución do mandato estratéxico e do contrato plurianual de xestión, así como unha memoria sobre a execución da misión de servizo público referida ao conxunto das súas actividades, programas, contidos e servizos.



Artigo 58. *Control pola autoridade audiovisual*

1. A autoridade audiovisual da Comunidade Autónoma de Galicia avalía se os novos servizos significativos que se pretendan prestar pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia se axustan ao valor da misión de servizo público definida nesta lei e se alteran a competencia no mercado audiovisual. Durante a avaliación outorgaráselle audiencia ás persoas e grupos interesados, e os resultados desta faranse públicos.

2. A autoridade audiovisual establecerá un procedemento para que se poida solicitar a súa intervención no caso de incumprimento pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia da súa misión de servizo público.



Artigo 59. *Control polo Consello de Contas*

Correspóndelle ao Consello de Contas, en exercicio das funcións que estatutaria e legalmente ten atribuídas, o control periódico do financiamento público que reciba a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como as medidas de reequilibrio necesarias para que o seu destino sexa o establecido nesta lei.



Disposición adicional primeira. *Garantía do cumprimento dos principios e criterios de nomeamento dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

De consideralo necesario para garantir a maior efectividade dos principios e criterios enumerados no número 2 do artigo 23, a Presidencia do Parlamento de Galicia poderá achegar un informe externo independente de valoración do currículo das persoas propostas como membros do Consello de Administración e como titular da Dirección Xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, emitido por unha entidade mercantil acreditada de auditoría de cumprimento corporativo, competencias e servizo público.



Disposición adicional segunda. *Garantía da constitución e renovación en prazo dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

Con fin de garantir a constitución e renovación en prazo dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, e de evitar a indebida prolongación das situacións de interinidade, de non acadarse a maioría de tres quintos establecida para a elección da persoa titular da Dirección Xeral no número 2 do artigo 34 dentro do prazo previsto no devandito precepto, a elección realizarase por maioría absoluta na seguinte sesión plenaria do Parlamento de Galicia.



Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Queda derogada a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente lei.




Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*

A disposición adicional décimo cuarta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional décimo cuarta. Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., réxese pola súa normativa específica. As previsións da presente lei aplicaránselle cando a devandita normativa o estableza expresamente, así como nos aspectos non regulados por ela, neste último caso sempre que as previsións desta lei sexan compatibles coa natureza e carácter especial da sociedade».



Disposición derradeira segunda. *Cambio da denominación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., e adaptación dos estatutos sociais a esta lei*

1. A actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., mudará a súa denominación para asumir a de Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., prevista por esta lei. Todas as referencias que as normas en vigor realicen á Compañía de Radio-Televisión de Galicia ou á Corporación Radio e Televisión de Galicia entenderanse feitas á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.
2. No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a xunta xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., aprobará, logo do acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia, a modificación dos estatutos sociais que mude a denominación da sociedade para Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S.A., e realice as demais adaptacións daqueles ao establecido na presente lei.



Disposición derradeira terceira. *Primeira elección consonte o establecido por esta lei dos membros dos órganos de goberno e administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia*

1. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a Mesa do Parlamento de Galicia aprobará, consonte o regulamento da cámara, as normas reguladoras do procedemento para a elección de acordo co establecido pola presente lei da persoa titular da Dirección Xeral e dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Este procedemento garantirá que, antes da expiración do prazo sinalado no parágrafo anterior, dous grupos parlamentarios ou unha quinta parte dos membros da cámara poidan solicitarlles aos órganos competentes a inclusión na orde do día do Pleno da elección dos órganos da sociedade.

2. Unha vez entre en vigor a modificación dos estatutos sociais prevista na disposición derradeira segunda, entenderase expirado o mandato da persoa titular da Dirección Xeral e dos demais membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, continuando no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión das persoas que os substitúan, e procederase á súa renovación consonte o establecido por esta lei.

3. Para a primeira elección consonte o establecido por esta lei dos membros do Consello de Administración da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia non se terán en conta os períodos en que as persoas propostas, de ser o caso, tivesen exercido os mesmos cargos cando a sociedade tiña a denominación de Corporación Radio e Televisión de Galicia.



Disposición derradeira cuarta. Primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia

O primeiro mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia será tramitado e aprobado polo Parlamento de Galicia no prazo de seis meses contados desde o nomeamento consonte o establecido por esta lei da persoa titular da Dirección Xeral.



Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia e os órganos competentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.



Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
Fgp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara MANTÉN, para a súa defensa en Pleno, todas as emendas presentadas ao Proxecto de lei de estatística de Galiza [12/PL-000003 (doc. núm. 11017)], que non foron incorporadas ao ditame da Comisión.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/12/2024 16:26:33





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 16:40:54
Nº Rexistro: 15414
Data envío: 10/12/2024 16:40:54.996

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 119 do Regulamento da Cámara, comunícalle a esa Presidencia que **mantén, para a súa defensa en Pleno**, todas as emendas, presentadas ao Proxecto de lei de estatística de Galicia, agás as aprobadas ou transaccionadas (12/PL-000003, doc. núm. 11017).

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 10/12/2024 16:37:09

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30


52655

@PSdeG



CSV: B6P5TRB3B08jDdJf8Kz-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-QqcwYnKz-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

